

COOPERATIVAS DE GALICIA

INFORME
DE
SÍNTESE
2010

XUNTA DE GALICIA

AUTORES_

María Rosario Babío Arcay

Manuel Jordán Rodríguez

EDITA_

Xunta de Galicia

Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

COLABORA_

Universidade de Santiago de Compostela

DESEÑO_

Teófilo Comunicación

DEPÓSITO LEGAL_

C 779-2013

1ª ed., 2013

COOPERATIVAS DE GALICIA INFORME DE SÍNTESE 2010

MARÍA ROSARIO BABÍO ARCAY
MANUEL JORDÁN RODRÍGUEZ

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Traballo e Economía Social
2013


PRESENTACIÓN

Froito da colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Traballo e Benestar ve a luz este terceiro informe de síntese sobre a situación do cooperativismo en Galicia, elaborado sobre bases sólidas e con acertada metodoloxía e rigor científico polos seus autores.

Este traballo de investigación tense convertido nun auténtico referente para todas aquelas persoas que queiran coñecer a realidade actual do cooperativismo galego e a súa máis recente evolución a partir do Libro branco do cooperativismo en Galicia, referente inicial desta serie de informes que actualizan o contido daquel primeiro diagnóstico global de situación, e permiten realizar análises desde unha dobre óptica: por unha banda, a foto fixa da situación referida a unha determinada data ou exercicio económico; e pola outra, a película ou secuencias da súa evolución.

O cooperativista, o emprendedor, o técnico, o estudoso, o investigador e os interesados en xeral, teñen ao seu dispor unha ferramenta de primeira orde para orientar a súa actividade. O proceso de obtención de datos a través da consulta directa das contas anuais das cooperativas depositadas nos rexistros de cooperativas, resulta certamente singular e destacable dado que reflicte o maior grao de fiabilidade posible no proceso de obtención de información axustada á realidade das cooperativas.

O coñecemento da evolución e situación actual desta forma propia de facer empresa permite, así mesmo, aos axentes públicos e privados, realizar aproximacións sobre as súas perspectivas de futuro e planificar as liñas de actuación a medio e longo prazo.



No ámbito desta planificación de futuro, aínda que cun horizonte máis inmediato, cómpre referirse á importante función de mantemento de actividades e creación de emprego que realizan as cooperativas en tempos de crise. En momentos nos que a situación económica e social se torna difícil, nos que o emprego é un ben escaso, o autoemprego, en xeral, e o emprendemento cooperativo, en particular, pasan a primeiro plano e amosan a súa auténtica potencialidade. Alí onde as persoas buscan solucións para o seu futuro, xorde a oportunidade de afrontar o reto colectivamente e apostar por fórmulas participativas, de solidariedade e de eficacia demostrada. Fórmulas que antepoñen a persoa e as súas necesidades a criterios de corte economicista e que, conxugando a flexibilidade e a seguridade, desenvolven proxectos de emprendemento creadores de riqueza e de emprego.

Neste marco de actuación, a Consellería de Traballo e Benestar ten entre as súas prioridades o apoio ao autoemprego colectivo e ao emprendemento de base cooperativa. Con esta finalidade vén de poñer en funcionamento a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, que aglutina a diversas entidades de todos os ámbitos que comparten en maior ou menor medida este mesmo obxectivo.

Con esta Rede pretende estenderse o labor de promoción con dous obxectivos fundamentais, por unha parte, a posta en marcha de novos proxectos cooperativos como motores de creación de emprego, e pola outra, a consolidación das empresas de economía social existentes mediante a mellora da súa competitividade, ofrecendo información e asesoramento especializado a desempregados, cooperativistas,

emprendedores e cidadanía en xeral, e prestando especial atención aos procesos de acompañamento de proxectos. Enmárcase tamén como obxectivo da Rede chegar aos cidadáns os diferentes recursos e infraestruturas de institucións, entidades ou organizacións con interese en adherirse á Rede.

Esta iniciativa complementase con outras destacadas actividades de fomento, como son a realización de campañas de divulgación específicas, o esforzo formativo, o impulso ao I+D+i, a realización de convenios coa Universidade para o estudo e a investigación e para a formación de xestores de proxectos cooperativos, e a xestión de incentivos en forma de axudas e subvencións.

En definitiva, trátase de seguir apostando polo cooperativismo como fórmula de dinamización económica, de creación de emprego e de benestar social. Con este enfoque, incorpórase esta publicación ao conxunto de recursos e ferramentas que nos permiten un coñecemento máis exhaustivo e profundo do cooperativismo galego e que pode contribuír significativamente a mellorar a súa visibilidade e o seu desenvolvemento presente e futuro.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	4
INTRODUCCIÓN.....	10
Parte 1. PERSPECTIVA XERAL	13
1.1. Datos globais do cooperativismo en Galicia. Dinámica recente	14
1.2. Distribución territorial.....	18
1.3. Distribución por clases	20
1.4. Importancia social.....	23
1.5. As cooperativas na economía de Galicia.....	28
1.5.1. As actividades cooperativas no conxunto de actividades económicas	28
1.5.2. As cooperativas e o emprego	33
1.5.3. A facturación e o valor engadido	39
Parte 2. ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCEIRA	46
2.1. Análise económico-financeira das cooperativas agrarias.....	49
2.1.1. Análise da situación financeira	50
2.1.2. Análise dos resultados	66
2.1.3. Análise da rendibilidade	73
2.2. Análise económico-financeira das cooperativas de traballo asociado.....	75
2.2.1. Análise da situación financeira	77
2.2.2. Análise dos resultados	97
2.3. Análise económico-financeira doutras clases de cooperativas	109
2.3.1. Análise económico- financeira das cooperativas de ensino	109
2.3.2. Análise económico- financeira das cooperativas de explotación comunitaria	114
2.3.3. Análise económico- financeira das cooperativas de servizos e transportes	121
2.3.4. Análise económico- financeira das cooperativas de vivenda	126
2.3.5. Análise económico- financeira das cooperativas do resto das clases	130
Parte 3. DESENVOLVEMENTO INSTITUCIONAL. POLÍTICAS PÚBLICAS. ASOCIACIONISMO.....	143
3.1. Desenvolvemento normativo, organización administrativa	144
3.2. Trazos destacados na actuación institucional. Recoñecemento institucional	145
3.2.1. A Consellería de Traballo e Benestar.....	145
3.2.2. O Consello Galego de Cooperativas	146
3.2.3. Outras iniciativas de recoñecemento institucional e de participación do cooperativismo.....	148
3.3. Axudas públicas.....	149
3.4. Asociacionismo	162
3.5. Accións especiais	164
CONCLUSIÓNS	167
REFERENCIAS.....	180
ANEXO	182
DIRECTORIO	192
COOPERATIVISMO NA INTERNET	200

INTRODUCCIÓN

INTRODUCCIÓN

Unha vez máis –é a terceira– preséntase o *Informe de síntese* sobre as cooperativas de Galicia. Tenta recoller nesta volta, a trazos grosos, o acontecido nese universo no último trienio. Dándolle continuidade ás angueiras para vivir de cerca a evolución das cooperativas do país, unha realidade viva e, polo tanto, sometida ao cambio. Significa, xa que logo, ofrecer información agregada, actualizada e significativa, para un período que, dende a publicación no 2004 do *Libro branco do cooperativismo en Galicia*, abrangue case un decenio.


Como nas anteriores ocasións, son diversas as fontes de información nas que se apoia o *Informe*:

- a) As últimas contas anuais –do exercicio 2010– depositadas nos correspondentes rexistros de cooperativas que incorporan non só os datos económico-financeiros, senón tamén os datos sociais, de emprego e doutras actividades desenvolvidas no exercicio.
- b) Os datos do Rexistro Galego de Cooperativas que cualifica, inscribe e certifica os actos ou negocios xurídicos da totalidade das cooperativas.
- c) Os datos proporcionados polos diversos organismos que desenvolven actividades de promoción, axudas e subvencións, que teñen as cooperativas como destinatarias singulares e preferentes e que teñen achegado relacións pormenorizadas das súas actuacións no período.
- d) As memorias de actividades das diferentes asociacións representativas e dos diversos organismos relacionados co cooperativismo.

Grazas á colaboración de todos eles é posíbel presentar agora datos reais e representativos do conxunto do cooperativismo de Galicia.

Continua así, neste *Informe*, o labor de achega de nova información, homoxénea e depurada¹, comezada nos anteriores. Unha información que abre a posibilidade de realización doutras análises máis polo miúdo, co grao de desagregación que sexa necesario.

¹ Doutra volta, prescindíuse de utilizar a información daquelas cooperativas que non comezaron a actividade ordinaria –ben por estaren nos momentos iniciais de dotación de activos ou ben por non teren feito máis que a súa constitución formal– e daquelas que están en fase de liquidación sen actividade real. En poucos casos a depuración individualizada da información contábel revelou incoherencias que obrigaron a súa exclusión da análise.



O Informe quiere ser unha ferramenta útil para as cooperativas e os cooperativistas, as súas asociacións, os organismos con elas relacionados e para todos os interesados. Eles han ser quen identifiquen debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades. *O Informe* quiere ser, apenas, unha axuda nese labor.



PARTE I

PERSPECTIVA XERAL

Parte 1

PERSPECTIVA XERAL

1.1. DATOS GLOBAIS DO COOPERATIVISMO EN GALICIA. DINÁMICA RECENTE

A partir dos datos existentes no Rexistro Galego de Cooperativas e da análise da información contábel das empresas é posíbel separar aquelas que, estando formalmente constituídas, non teñen actividade real. Chégase así á cifra de cooperativas que teñen actividade no ámbito territorial da Comunidade Autónoma e con domicilio social nela: 1.099 cooperativas a 31 de decembro de 2010. Ademais das anteriores, o número real das cooperativas que actúan en Galicia inclúe as domiciliadas fóra de Galicia con actividades dentro do territorio e mais as domiciliadas na Comunidade con actividade fóra do marco territorial².

Significan o 4,82% das cooperativas do conxunto do Estado, unha proporción que, como se sinalaba nos anteriores *Informes*, segue a ser inferior ao peso do PIB galego no conxunto español (o 5,42%) e á importancia da poboación con respecto á total (o 5,94%). Non obstante, as diferenzas relativas continúan a diminuír: eran o 3,9% do total español no 2005 e o 4,17% no 2007. Por outra parte, Galicia ocupa agora o oitavo lugar entre as comunidades autónomas por número de cooperativas (cadro 1).

A evolución do censo –1.020 cooperativas activas no 2005, 1.072 no 2007 e a sinaladas 1.099 no 2010– é a resultante de distintas tendencias.

Consolídase un ritmo sostido de creación de cooperativas en torno ás 45 cooperativas anuais (95 constituídas no bienio 2004-2005, 86 no bienio 2006-2007 e 136 no trienio 2008-2010).

En relación coa dinámica do conxunto do Estado, as creadas en Galicia representan o 4,33% do total –eran o 3,7% no 2007–. Tendencialmente, a dinámica de creación de novas cooperativas en España descende de forma significativa nos últimos dez anos para logo estabilizarse –nos últimos tres anos– en

² Xa fóra do período contemplado neste *Informe*, a nova Lei 14/2011, do 16 de decembro, de cooperativas de Galicia, introduce modificacións tendentes a estender o ámbito de aplicación da Lei ás entidades cooperativas –e as súas unións, federacións e confederacións– que teñan o domicilio social en Galicia e que desenvolvan a súa actividade cooperativizada *principalmente* en Galicia (artigo 2).


torno ás contías máis baixas de todo o período. É unha dinámica que, reiteramos, non se dá en Galicia cando menos nos últimos sete anos, e que axuda a explicar a suba no peso relativo no total de activas do Estado (gráfica 1).

Cadro 1.- Cooperativas activas en Galicia

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	COOPERATIVAS ACTIVAS A 31/12/2010
Andalucía	4.494
Aragón	797
Asturias	249
Baleares	210
Canarias	294
Cantabria	81
Castela-A Mancha	1.419
Castela e León	1.346
Cataluña	4.885
Comunidade Valenciana	2.742
Estremadura	648
Galicia	1.099
Madrid	1.039
Murcia	1.503
Navarra	347
País Vasco	1.498
Rioxa (A)	127
Ceuta e Melilla	44
TOTAL	22.822

FONTE: Elaboración propia e Ministerio de Emprego e Seguridade Social.


Gráfica 1.- Creación de cooperativas nos últimos anos



FONTE: Elaboración propia e Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

A pesar das dificultades do ciclo, mantense un ritmo constante na creación de cooperativas (gráfica 2), o que apunta en termos agregados a non correlación entre variacións nos ritmos de crecemento e creación de cooperativas, con independencia da existencia desa correlación para algunhas clases de cooperativas e/ou para algúns sectores concretos de actividade.


Gráfica 2.- Variación do PIB e creación de cooperativas en Galicia



FONTE: Elaboración propia e Instituto Galego de Estatística.

As cooperativas de recente creación representan unha parte pequena no conxunto de cooperativas activas: só un 12% ten menos de tres anos de antigüidade, mentres que no outro extremo máis da metade das cooperativas supera os dez anos de vida. En conxunto, pois, o movemento cooperativo en Galicia semella estar conformado por experiencias asentadas: a idade media das cooperativas activas, a partir da súa inscrición rexistral, acada os 12,29 anos (gráfica 3).

Gráfica 3.- Distribución das cooperativas por antigüidade



FONTE: Elaboración propia.

Doutra volta, os datos apuntan a gran capacidade de resistencia das cooperativas novas e, por conseguinte, rebaten –en Galicia– a hipótese tópica sobre a alta taxa de fracasos entre as cooperativas nos seus primeiros anos de vida: hai uns moi altos índices de supervivencia das constituídas nos últimos dez anos, notabelmente superiores, por outra parte, aos existentes entre as cooperativas do conxunto do Estado (cadro 2). Probabelmente, como xa se ten sinalado en anteriores *Informes*, a explicación enraíce na experiencia acumulada na actuación administrativa, xunto coas melloras nos sistemas de titoría e asesoría, que permiten acompañar na constitución a práctica totalidade das iniciativas, polo demais un número non moi elevado, vistos os ritmos de creación.

Cadro 2.- Supervivencia das cooperativas creadas nos últimos dez anos

ANO DE CONSTITUCIÓN	% DE COOPERATIVAS CONSTITUÍDAS QUE PERMANECEN ACTIVAS A 31/12/2010	
	Galicia	España
2001	81,55	Non consta
2002	93,82	41,02
2003	69,64	Non consta
2004	90,19	44,02
2005	97,72	Non consta
2006	100,00	54,39
2007	100,00	Non consta
2008	95,74	53,95
2009	100,00	Non consta
2010	100,00	85,95

FONTE: Elaboración propia e Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Por último, débese sinalar en relación coa dinámica recente das cooperativas galegas que a evolución censal recolle non só o saldo “natural” –as creadas e as disoltas no período–, senón tamén algunhas cooperativas preexistentes que foron reactivadas nese tempo, e mesmo outras que causaron baixa no Rexistro Galego por estenderen a súa actividade fóra do ámbito territorial da Comunidade e pasaren a depender do Rexistro Central do Ministerio de Emprego e Seguridade Social³. Adicionalmente, no grupo das disoltas inclúense cooperativas agrarias actuantes no ámbito territorial que finalizaron procesos de integración –fusións e absorcións– á procura dunha mellor dimensión para as súas actividades; tamén, e co mesmo obxectivo, algunhas outras que se integraron en cooperativas de ámbito estatal.

³ Cfr: Nota 2.

1.2. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL

No que atinxe á distribución das cooperativas no territorio acentúanse algo máis as diferenzas entre as provincias atlánticas e as provincias orientais: entre a provincia da Coruña e a de Pontevedra teñen o seu domicilio máis de dous terzos das cooperativas (eran o 65,58% no 2007 e o 63,43% no 2005), malia que, reiteramos, esa proporción segue a ser inferior á importancia da súa renda e da súa poboación no conxunto, onde acadan máis de tres cuartos do total (cadro 3).

Cadro 3.- Distribución territorial das cooperativas galegas por provincias

	NÚMERO DE COOPERATIVAS	% COOPERATIVAS RESPECTO DO TOTAL	% PIB RESPECTO DO TOTAL	% POBOACIÓN RESPECTO DO TOTAL
A Coruña	424	38,58	43,39	40,98
Lugo	200	18,20	11,78	12,64
Ourense	156	14,20	10,33	11,98
Pontevedra	319	29,02	34,50	34,40
TOTAL	1.099	100,00	100,00	100,00

FONTE: Elaboración propia, Instituto Galego de Estatística e Instituto Nacional de Estatística.

Na análise máis desagregada, diferenciando entre as áreas urbanas –as dos concellos adscritos ás comarcas das sete cidades– e as áreas rurais (cadro 4), pódese destacar o seguinte:

- Aínda que en termos xerais a intensidade dos cambios non é moi acentuada, ao cabo o incremento censual dende 2007 é de apenas unha trintena de cooperativas, boa parte do incremento do censo entre os dous *Informes* prodúcese en termos netos nas áreas metropolitanas: a cifra de cooperativas domiciliadas no ámbito rural apenas varía con respecto á existente daquela. Non obstante, e por iso, segue a darse unha situación equilibrada entre a proporción de cooperativas domiciliadas nos dous medios, o que significa, en relación co peso económico e demográfico das áreas rurais, unha presenza relativa do cooperativismo superior nelas.
- A comarca de Vigo, con preto da metade das cooperativas da provincia, segue a destacar dentro das áreas urbanas, mesmo incrementando o seu peso no conxunto. Confírmase as tendencias nas comarcas de Santiago, Ferrol e Lugo con cifras apreciábeis en relación coa poboación, unha proporción tamén apreciábel en Ourense a pesar de ter diminuído sensibelmente o número de cooperativas nesta comarca. E, por outra banda, a área da Coruña fica aínda lonxe do que lle tocaría pola súa importancia en termos económicos e poboacionais, a pesar, como veremos, do significativo incremento dos últimos anos. Permanece case estancada con respecto ao 2007 a área

de Pontevedra, onde cómpre intensificar particularmente a promoción e divulgación da fórmula.

Cadro 4.- Distribución territorial das cooperativas galegas no medio urbano e no rural

ÁREA	Nº COOP.	POBOACIÓN COMARCA	POBOACIÓN COMARCA/TOTAL	HAB./COOP.	% RESPECTO DO TOTAL DE COOPERATIVAS
A Coruña	71	395.412	14,13	5.569	6,46
Ferrol	72	162.980	5,82	2.263	6,55
Santiago	87	161.893	5,78	1.860	7,65
Vigo	152	424.656	15,18	2.794	13,83
Pontevedra	22	123.733	4,42	5.624	2,00
Ourense	71	146.626	5,24	2.065	6,46
Lugo	55	120.328	4,30	2.187	5,00
Total comarcas das sete cidades	530	1.536.628	54,90	2.899	48,22
Resto	569	1.262.025	45,10	2.218	51,77
TOTAL	1.099	2.797.653	100,00	2.546	100,00

FONTE: Elaboración propia e Instituto Nacional de Estatística.

No total galego hai unha cooperativa por cada 2.546 habitantes (cadro 4), e hai domiciliadas cooperativas en 232 concellos (un 73% dos existentes). Pódese inducir, polo tanto, a presenza de certo grao de actuación cooperativa na totalidade do territorio, que será tanto máis importante en función do tamaño social, da natureza das actividades que realicen –que se analizan noutra parte– e do ámbito efectivo en que estas se desenvolvan, habitualmente supramunicipal.

Máis alá do xa sinalado para as comarcas/áreas metropolitanas, entre os territorios non urbanos cunha presenza de cooperativas superior á media seguen a destacar unha gran parte das de tradicional vocación agrogandeira, orientada á produción de leite e carne, do interior das provincias da Coruña, de Lugo e de Pontevedra; a comarca vitivinícola da ribeira do Miño e a Limia en Ourense; algunhas da alta montaña de Lugo e de Ourense con pouca poboación; e, no territorio costeiro, apenas catro comarcas: Muros, Fisterra, Betanzos e A Mariña Oriental. No outro extremo, é aínda cativa a presenza de cooperativas nas comarcas da Paradanta, Valdeorras, Caldelas, Sar, Caldas, Bergantiños, Trives e Viana, onde quizais deban considerarse, como nas áreas urbanas sinaladas, especiais esforzos de divulgación e de promoción (cadro 5).

Finalmente, complementando o xa adiantado respecto das tendencias no período recente, os datos dos tres últimos anos (cadro 6) confirman a presenza reforzada das cooperativas nas áreas urbanas de Vigo, Santiago e Ferrol, así como certa recuperación do dinamismo da área da Coruña –que pasa de ter

domiciliadas 57 cooperativas no 2007 a 71 no 2010-, xunto co xa sinalado estancamento da área de Pontevedra. Pola súa parte, dentro do resto das comarcas, a práctica totalidade das cooperativas constituídas nas áreas non metropolitanas concéntranse nas vinte comarcas xa indicadas como de maior concentración cooperativa. Non hai, pois, recuperación no resto.

Cadro 5.- Cooperativas e poboación por comarcas

Nº HABITANTES/Nº COOPERATIVAS	Nº COMARCAS
<1.000	3
>1.000<=2.000	22
>2.000<=3.000	9
>3.000<=5.000	13
>5.000	6
TOTAL	53

FONTE: Elaboración propia.

Cadro 6.- Distribución territorial das cooperativas galegas no medio urbano e no rural. Cooperativas creadas no período 2007-2010

ÁREA	Nº COOPERAT.	% CREADAS EN GALICIA NOS TRES ANOS
A Coruña	16	11,76
Ferrol	15	11,02
Santiago	16	11,76
Vigo	23	16,91
Lugo	7	5,14
Ourense	5	3,67
Pontevedra	2	1,16
Total comarcas das sete cidades	84	61,76
Resto	52	38,24
TOTAL	136	100,00

FONTE: Elaboración propia.

1.3. DISTRIBUCIÓN POR CLASES


No que se refire á distribución entre as diferentes clases (gráfica 4) cómpre destacar o seguinte:

a) Gran parte do movemento cooperativo galego –máis de tres de cada catro cooperativas de Galicia– está integrado por dúas clases de cooperativas: entre as cooperativas que asocian traballo e as cooperativas agrarias representan o 77,3% do total. As cooperativas que asocian traballo, isto é, as de traballo asociado máis as da clase ensino, nas que os socios son tamén traballadores, significan case a metade (o 48%) do total de cooperativas acti-

vas; e máis dunha cuarta parte do total (o 29,3%) son cooperativas agrarias⁴.

- b) Veñen a continuación as cooperativas de vivenda e as de servizos e transportes, aínda que en termos proporcionais fican lonxe das anteriores: representan o 8,1% e o 6,09%, respectivamente, do total de cooperativas.
- c) A reducida cifra de cooperativas de consumidores e de usuarios (o 1,5% do total) contrasta co peso económico das actividades comerciais.
- d) O número de cooperativas do mar non garda proporción coa presenza do sector na economía galega⁵.
- e) Persiste o desafío –sinalado en anteriores *Informes*– de avanzar en materia de integración cooperativa: o cooperativismo de segundo grao, circunscrito a contadas experiencias no ámbito agrario, precisa dun maior desenvolvemento.
- f) Aínda fican nun número reducido, dadas as súas potencialidades, as experiencias de explotación en común de terras e gando.

Gráfica 4.- Distribución das cooperativas por clases



NOTA: CA: Agrarias; TA: Traballo asociado (incluídas as cooperativas de transportes de traballo asociado e excluídas as cooperativas de ensino de traballo asociado); E: Ensino; V: Vivenda; CEU: Consumidores e usuarios; EC: Explotación comunitaria da terra; M: Mar; SG: Segundo grao; ST: Servizos e transportes; OU: Outras (inclúe a Caixa Rural, Servizos Sociais e Integración Social de Traballo Asociado e asociacións de cooperativas).

FONTE: Elaboración propia.

⁴ Como veremos na análise das actividades económicas, as cooperativas con actividades na cadea agroalimentaria superan amplamente esa proporción se ás desa clase lles engadimos as de explotación comunitaria da terra e as de segundo grao nas que se asocian.

⁵ Aínda engadindo ás da clase correspondente as sete cooperativas de traballo asociado con CNAE 05 (pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionados con elas).

Os datos referidos á creación de cooperativas no período recente –os últimos dez anos e o último trienio (cadro 7)– permiten aventurar algunhas hipóteses sobre as tendencias neste terreo:

- Obsérvase unha certa diminución no ritmo de creación de cooperativas agrarias, por baixo do seu peso relativo no conxunto, aínda mantendo un peso importante entre as creadas.
- Mantense unha importante presenza entre as novas cooperativas das de traballo asociado, arredor dun 40% do total; non tanto das cooperativas de ensino, nas que o ritmo de creación de novas experiencias semella decaer.
- Segue a ser destacábel o pulo das cooperativas de vivenda, a pesar das difíciles circunstancias do mercado da vivenda e das fortes baixadas dos prezos.
- E seguen a aparecer novas experiencias entre as cooperativas do mar e de explotación en común da terra: gran parte delas foron constituídas nos últimos dez anos. Tamén se mantén un ritmo de creación estimábel entre as cooperativas de servizos e transportes, mentres que é máis baixo nas de segundo grao e de consumidores e usuarios.

Cadro 7.- Creación de cooperativas. Dinámica recente por clases

CLASE	CONSTITUÍDAS DENDE O 31/12/2000		CONSTITUÍDAS DENDE O 31/12/2007	
	Nº de cooperativas	% sobre o total	Nº de cooperativas	% sobre o total
CA	155	27,14	24	17,65
TA	240	42,03	54	39,71
E	7	1,23	1	0,71
V	90	15,76	32	23,53
CEU	7	1,22	4	2,95
EC	17	2,98	3	2,21
M	13	2,28	5	3,67
SG	3	0,52	1	0,71
ST	31	5,43	11	8,08
OU	8	1,40	1	0,71
TOTAL	571	100,00	136	100,00

NOTA: CA: Agrarias; TA: Traballo asociado (incluídas as cooperativas de transportes de traballo asociado e excluídas as cooperativas de ensino de traballo asociado); E: Ensino; V: Vivenda; CEU: Consumidores e usuarios; EC: Explotación comunitaria da terra; M: Mar; SG: Segundo grao; ST: Servizos e transportes; OU: Outras (inclúe a Caixa Rural, Servizos Sociais e Integración Social de Traballo Asociado e asociacións de cooperativas).

FONTE: Elaboración propia.

1.4. IMPORTANCIA SOCIAL

Para 499 cooperativas (un 45,4% do total das activas) os datos actualizados a 31 de decembro de 2010 recollen unha cifra de 57.265 socios integrados. Para a práctica totalidade das restantes coñécese o número inicial de socios e, de supoñermos –como en anteriores *Informes*– que as pautas de variación no número de socios deste grupo son semellantes ás variacións que se dan nas cooperativas con datos, pódese estimar o seu número de socios actuais. Nesa hipótese, as cooperativas galegas integran 90.158 socios, cun incremento do 2,4% con respecto ao 2007. Significan o 3,22% da poboación do país e a presenza de socios dalgunha cooperativa en case un de cada once fogares de Galicia (cadro 8).

Cadro 8.- Socios das cooperativas e poboación de Galicia

SOCIOS DAS COOPERATIVAS, POBOACIÓN E FOGARES DE GALICIA	
A-Socios das cooperativas	90.158
B-Poboación de Galicia	2.797.663
C-Fogares de Galicia	1.054.716
% A/B	3,22
% A/C	8,55

FONTE: Elaboración propia e Instituto Galego de Estatística.

Cinguíndose ás cooperativas con datos, o seu tamaño medio alcanza os 114,8 socios, mais cunhas moi acusadas diferenzas entre elas: por unha banda, un 56% das cooperativas non superan os dez socios e, por outra banda, hai dezaoito cooperativas con máis de cincocentos socios, que agrupan o 69,12% do total de socios (cadro 9).

Cadro 9.- Distribución por número de socios

Nº SOCIOS	Nº COOPERATIVAS	% COOPERATIVAS
3 socios	66	13,22
>3<=5	110	22,04
>5<=10	104	20,84
>10<=25	77	15,43
>25<=50	41	8,21
>50<=100	35	7,01
>100<=500	48	9,62
>500<=1.000	10	2,00
>1.000	8	1,60
TOTAL	499	100,00

FONTE: Elaboración propia.

Así mesmo, son moi notábeis as diferenzas na distribución dos socios entre as distintas clases (gráfica 5, cadro 10):


- a) O 43,77% dos socios no cooperativismo galego están integrados en cooperativas agrarias. De considerarmos o conxunto de cooperativas vencelladas ao mundo agrogandeiro, incluíndo as cooperativas de explotación en común da terra, as de segundo grao integradas por cooperativas agrarias e algunhas de consumidores e usuarios e de servizos que desenvolven principalmente actividades conectadas directamente coa satisfacción de necesidades das explotacións agrogandeiras, os socios integrados no conxunto superan a metade dos socios do cooperativismo galego.
- b) As cooperativas agrarias teñen unha media de 153,7 socios. Mais fica aínda un colectivo numeroso –o 46,6% das cooperativas da clase teñen menos de vinte e cinco socios– que, aínda a risco de xeneralizar con criterios de escala que deben ser diferentes segundo as actividades concretas, semellan de cativo tamaño para aproveitaren en toda a súa extensión as vantaxes da concentración na oferta e/ou na demanda. Están, por conseguinte, limitadas no seu labor como intermediarias nos mercados, e tamén será limitada a súa contribución á mellora das condicións na situación dos seus socios. Alternativamente, na mesma clase destacan algunhas cooperativas –as once cooperativas con máis de cincocentos socios e bastantes de entre as 36 de máis de cen socios– cun tamaño e cunha capacidade que lles permite –xunto coas de segundo grao, todas de raíz agraria– desenvolver iniciativas de comercialización substituindo intermediarios, de transformación e de valorización dos recursos das explotacións dos socios. Neste sentido, e no período que abrangue este *Informe*, desenvolvéronse novos e significativos procesos de integración e de intercooperación na procura de poder engadir-lles valor aos produtos e proporcionar-lles máis renda e benestar aos socios⁶.
- c) As exixencias dun obxecto social que demanda do socio a entrega do seu traballo á cooperativa –xa que logo, da súa fonte de renda primordial– explica en gran medida o reducido tamaño medio das cooperativas de traballo asociado e das cooperativas de ensino (8,9 e 9,04 socios, respectivamente, con certo incremento nas primeiras respecto do 2007). Relaciónase, así mesmo, con que máis de dous terzos das primeiras non superen os cinco socios; e explica a cativa proporción dos socios destas clases –e o con-

⁶ Nese período culminaron o proceso tres cooperativas que integran a seis cooperativas pre-existentes. Tamén no dito período a cooperativa de segundo grao CECOOP intégrase, xunto con outras de segundo grao de Asturias (CICA) e de Cantabria (SERGACAN), na cooperativa DELAGRO.

traste en relación coa súa importancia numérica– respecto do conxunto galego.

- d) O forte contraste entre o reducido número de experiencias de cooperativas de consumidores e de usuarios, así como as incluídas en “Outras” (o 2,2% das cooperativas) e a importancia na proporción de socios que representan no conxunto –entre as dúas o 44,6% do total–, explícase polo gran tamaño dalgunhas experiencias singulares: neste grupo concéntrase a terceira parte das cooperativas de Galicia con máis de cincocentos socios⁷.
- e) Diminúe, en relación co apuntado no *Informe* anterior, o peso das cooperativas de vivenda e das cooperativas de servizos e transporte –entre as dúas o 6,5% dos socios, fronte ao 9,2% do 2007– que seguen a ser na mostra un número proporcionalmente relevante, pero dun tamaño medio inferior ao recollido daquela⁸.

Gráfica 5.- Distribución porcentual dos socios por clases



NOTA: CA: Agrarias; TA: Traballo asociado (incluídas as cooperativas de transportes de traballo asociado e excluídas as cooperativas de ensino de traballo asociado); E: Ensino; V: Vivenda; CEU: Consumidores e usuarios; EC: Explotación comunitaria da terra; M: Mar; SG: Segundo grao; ST: Servizos e transportes e iniciativa social; OU: Outras (inclúe a Caixa Rural, Servizos Sociais e Integración Social de Traballo Asociado e asociacións de cooperativas).

FONTE: Elaboración propia.

⁷ Nomeadamente tres cooperativas de consumidores e usuarios da comarca ferrolá e a Caixa Rural Galega.

⁸ A dimensión social media nas cooperativas de vivenda descende en máis dun 20% e nas de servizos e transportes en máis dun 33%.

Cadro 10.- Distribución das cooperativas por número de socios e clases

	CA	TA	E	V	CEU	EC	M	ST	SG	OU	TOTAL
<=3		61	1	2				1		1	66
>3<=5	11	67	13	1		11		3	1	3	110
>5<=10	30	45	12	2		5	1	5	3	1	104
>10<=25	35	5	12	5		3	1	15	1		77
>25<=50	19	4	2	3	1	3	2	6		1	41
>50<=100	21			4			2	7		1	35
>100<=500	36	2		5	1	1		2		1	48
>500>=1.000	6				3			1			10
>1.000	5				2					1	8
Nº cooperativas	163	184	40	22	7	23	6	40	5	9	499
Socios/Cooperat.	153,7	8,9	9,04	76,2	1.511	24,2	44	51,25	9	1.667,9	114,8

NOTA: CA: Agrarias; TA: Traballo asociado (incluídas as cooperativas de transportes de traballo asociado e excluídas as cooperativas de ensino de traballo asociado); E: Ensino; V: Vivenda; CU: Consumidores e usuarios; EC: Explotación comunitaria da terra; M: Mar; SG: Segundo grao; ST: Servizos e transportes; OU: Outras (inclúe a Caixa Rural, Servizos Sociais e Integración Social de Traballo Asociado e asociacións de cooperativas).

FONTE: Elaboración propia.

No que atinxe ás variacións na composición social prodúcense, en termos medios, incrementos moi significativos: os referidos 114,8 socios actuais fronte aos 44,25 socios iniciais. Mais, doutra volta, cómpre subliñar a heteroxeneidade no colectivo: dunha banda, o 42% das cooperativas que incrementan os socios e que concentran gran parte da variación; e, doutra, algo máis dun terzo das cooperativas en que diminúen os socios, e case unha cuarta parte das cooperativas en que os socios non varían. Entre as do primeiro grupo están a maior parte das cooperativas agrarias e de consumidores e usuarios; entre as do segundo e terceiro grupo son maioría as cooperativas de traballo asociado: un 62,6% daquelas nas que diminúen os socios e un 72% daquelas nas que o número de socios non varía⁹ (cadro 11).

Cadro 11.- Variación no número de socios

	NÚMERO DE COOPERATIVAS	SOCIOS INICIAIS	VARIACIÓN DE SOCIOS	SOCIOS ACTUAIS
Incremento de socios	195	14.548	34.233	48.741
Descenso de socios	158	5.017	-1.905	3.112
Sen variación	114	1.103	0	1.103
Non constan socios fundadores	32			4.269
TOTAL	499	20.668	32.326	57.265

FONTE: Elaboración propia.

⁹ Non obstante, como tamén sinalaban os datos do anterior *Informe*, o número absoluto de socios actuais nesa clase apenas difire dos socios iniciais, o que confirma para a maioría da clase a hipótese dunha certa firmeza e estabilidade na afiliación do traballador ao colectivo.

Nas 483 cooperativas que achegan datos da distribución por sexos dos seus socios –que integran a 39.397 persoas físicas¹⁰– a proporción de mulleres alcanza o 27,7% do total. Unha proporción aínda lonxe da que significa a poboación ocupada feminina no mercado de traballo en Galicia: o 45,75% dos ocupados totais a finais do ano 2010 (*Enquisa de Poboación Activa*, cuarto trimestre de 2010). Non obstante, as tendencias marcan un acusado incremento: as mulleres supoñen o 40,7% dos socios nas cooperativas constituídas nos últimos dez anos e o 50,6% nas creadas nos últimos tres anos (cadro 12).

Adicionalmente, a presenza da muller varía de xeito substancial segundo as cooperativas: non están presentes –ou teñen un peso numérico marxinal– no 26% das cooperativas e, no outro extremo, alcanzan a maioría social nun terzo do total (cadro 12). Tamén se distribúen desigualmente entre as diferentes clases: son un 32% dos socios nas cooperativas agrarias e un 44,4% nas cooperativas que asocian traballo. Con todo, as dinámicas en ambas as clases semellan diverxentes: medra a súa importancia proporcional nas agrarias¹¹ e diminúe nas de traballo asociado¹², onde é notoria a influencia da disolución e da caída no ritmo de creación de cooperativas do sector téxtil, como veremos noutra parte.

Cadro 12.- Distribución dos socios por sexo

MULLERES S/TOTAL SOCIOS (en %)	TOTAL		CONSTITUÍDAS DENDE O 31/12/2000		CONSTITUÍDAS DENDE O 31/12/2007	
	Nº de cooperativas	% s/total	Nº de cooperativas	% s/total	Nº de cooperativas	% s/total
0%	122	25,26	51	23,50	8	14,81
>0<=10	4	0,83	4	1,84		
>10<=25	60	12,42	30	13,82	9	16,66
>25<=50	143	29,61	63	29,03	12	22,22
>50<=75	87	18,01	42	19,35	17	31,48
>75<100	16	3,31	7	3,23	2	3,70
100	51	10,56	20	9,22	6	11,11
TOTAL	483	100,00	217	100,00	54	100,00
% TOTAL		27,7%		40,73%		50,60%

FONTE: Elaboración propia.

¹⁰ Unha boa parte das cooperativas de gran tamaño social non proporcionan datos a este respecto.

¹¹ Nas que soben dende o 24% no 2005 ao 30% no 2007 até o sinalado 32% no 2010.

¹² Nas que descenden dende o 64,5% no 2005 ao 46,5% no 2007 até o 44,4% actual.

Non se conta aínda con datos actualizados referidos á repartición dos socios por idades¹³.

Por último, continúa a aumentar o número de persoas xurídicas entre os socios das cooperativas naquelas clases que contempla a Lei 5/1998, de cooperativas de Galicia. Están presentes en 153 cooperativas, que representan case dous terzos das cooperativas agrarias e a metade das cooperativas de servizos e transportes con datos. En termos absolutos alcanzan os 3.543 socios, un incremento substancial con respecto aos 1.562 socios recollidos no *Informe 2007*.

1.5. AS COOPERATIVAS NA ECONOMÍA DE GALICIA

1.5.1. AS ACTIVIDADES COOPERATIVAS NO CONXUNTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

As cooperativas con actividades directamente vencelladas á produción no sector primario –agricultura e pesca– supoñen, en número, unha proporción do total das de Galicia moi superior á importancia do sector no conxunto da economía do país: representan o 36,03% destas, mentres que o sector achega o 4,78 do PIB galego¹⁴. Pola súa banda, o número de cooperativas da industria e da construción acadan unha proporción no total de cooperativas similar ao peso dos respectivos sectores na produción galega: o 17,02% e o 11,28%, respectivamente, cando a achega dos dous sectores ao PIB fica no 17,91% e no 13,51%¹⁵, respectivamente. Por último, a proporción de cooperativas do sector servizos (o 35,66%) é moi inferior á que lles correspondería de teren un peso relativo semellante ao dunhas actividades que achegan o 63,81 do PIB¹⁶ (cadro 13).

Non obstante, as tendencias máis recentes (cadro 13) apuntan certos cambios cualitativos:

- a) Certa caída porcentual na proporción de cooperativas creadas no sector primario que, con todo, continúan a teren un peso relativo importante entre as cooperativas de nova creación.

¹³ A única referencia con datos de conxunto segue a ser o *Libro branco das cooperativas de Galicia*, que sinalaba para finais do 2003 menos socios de idade avanzada nas cooperativas que os que lles corresponderían de seguiren a pauta demográfica global de Galicia, e unha proporción de socios novos/adultos que se achegaban a un terzo do total (Xunta de Galicia, 2004, p. 50).

¹⁴ O 7,9% do emprego total.

¹⁵ A industria agrupa o 15,6% do total de empregos e a construción achega o 9,6%.

¹⁶ O 66,9% do emprego de Galicia.

- b) Continúa a diminuír a importancia no total das constituídas no sector industrial: máis de tres cuartas partes das activas superan os dez anos de antigüidade. E continúa, así mesmo, a incrementarse o peso proporcional das dedicadas a actividades de construción, pois preto do 70% das existentes foron creadas nos últimos dez anos –e bastantes destas no último trienio–, a pesar da particular incidencia da crise económica no sector.
- c) E son cada vez máis as cooperativas do sector servizos que alcanzan xa case a metade das cooperativas constituídas nos últimos anos e se achegan, en termos de número de experiencias, ás existentes no sector primario. Reiteramos, con máis contundencia, o expresado en anteriores *Informes*: a “xuventude” do movemento cooperativo nos servizos en Galicia –case a metade das cooperativas que actúan no sector foron creadas nos últimos dez anos– indica algúns dos camiños –cheos de potencialidades– que se están a abrir.

Cadro 13.- Distribución das cooperativas por sectores de actividade

SECTOR	TOTAL ACTIVAS		CREADAS NOS ÚLTIMOS DEZ ANOS		CREADAS NOS ÚLTIMOS TRES ANOS	
	Número	%	Número	%	Número	%
Primario	396	36,03	176	35,49	33	25,00
Industria	187	17,02	46	9,28	12	9,09
Construción	124	11,28	85	17,15	24	18,18
Servizos	392	35,66	189	37,98	63	47,72
TOTAL	1.099	100,00	496	100,00	132	100,00

FONTE: Elaboración propia.

Da análise máis en detalle das actividades económicas das cooperativas (cadros 14 e 15) pódese subliñar o seguinte:

- a) Máis da metade das cooperativas de Galicia están concentradas en torno a tres actividades: a agricultura e a gandería, a construción e a industria téxtil, por esa orde. E, a certa distancia das anteriores, case que outra cuarta parte están dedicadas a actividades de comercio, ensino, transportes e de asesoría e informática.
- b) Dentro do sector primario segue o gran predominio das actividades de intermediación de produtos agropecuarios, que abeiran unha proporción elevada de experiencias, en leve diminución debido a certa caída no ritmo de creación nos últimos anos. Por outra banda, xorden novas iniciativas no mundo do mar –o 55% das existentes constituíronse nos últimos dez anos–, explorando novos camiños cheos de potencialidades; potencialidades que non agroman no subsector forestal, onde non ten habido novas experiencias dende o último *Informe*.

- c) No sector industrial o peso das actividades téxtiles e de confección continua a ser determinante –representan o 46% das cooperativas do sector–, mais decrecente: nos finais de 2007 disolvéranse máis do 10% das existentes a finais do 2005 e a fins do 2010 desapareceron o 15% das existentes tres anos antes¹⁷. Tamén no mesmo sector seguen a aparecer, paseniño, novos proxectos de transformación das producións agroalimentarias para lle darren máis valor ao gran volume de produción comercializado a través de cooperativas.
- d) Relacionado co eido de actividades da construción debe destacarse, ademais do xa sinalado pulo recente das novas cooperativas do sector, o número apreciable de cooperativas dedicadas á actividade inmobiliaria (CNAE 70). A agregación dos dous conxuntos, que integra tanto a cooperativas de vivenda como a empresas dedicadas directamente a actividades da construción e auxiliares, permite reforzar as hipóteses sobre o peso crecente deste grupo dentro do conxunto cooperativo galego: significan o 13,4% do total de cooperativas de Galicia, o 22% das creadas nos dez últimos anos e o 29% das constituídas no último trienio.
- e) No que respecta ao sector servizos predominan as cooperativas con actividades comerciais¹⁸, de ensino, de transportes, de asesoría, asociativas, recreativas, culturais e deportivas, e veterinarias, sanitarias e de servizos sociais. Continúa en todas elas o ritmo crecente de aparición de iniciativas, confirmándose, por conseguinte, a emerxencia de experiencias que abren camiños de gran potencial de autoemprego de traballadores con niveis de cualificación comparativamente elevados.

Cadro 14.- Distribución das cooperativas por actividades

CNAE	Nº COOPERATIVAS	%
01-Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados con aquelas	357	32,48
02-Selvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados con aquelas	12	1,09
03-Pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionados con aquelas	27	2,46
11-12-13-14-Industrias extractivas	4	0,36
15-Industria de produtos alimenticios e bebidas	34	3,09

¹⁷ Malia aparecer algunha experiencia nova, o 87% das existentes teñen máis de dez anos de antigüidade.

¹⁸ No grupo destacan algunhas empresas que protagonizan a distribución galega de produtos singulares (farmacéuticos e ferraxería).

Cadro 14 (continuación).- Distribución das cooperativas por actividades

CNAE	Nº COOPERATIVAS	%
17-18-19-Industria téxtil-Industria da confección e da peletería-Fabricación de calzado	86	7,82
20-Industria da madeira e da cortiza	4	0,36
22-Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	6	0,54
24-25-26-Industria química-Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas-Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	10	0,91
28-29-Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo-Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	12	1,09
31-Fabricación de maquinaria e material eléctrico	10	0,91
35-Fabricación doutro material de transporte	9	0,82
32-36-37-Fabricación de móbeis; outras industrias manufactureras-Reciclaxe	12	1,09
45-Construción	124	11,28
50-Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor	22	2,00
51-52-Comercio por xunto e polo miúdo, intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e de motocicletas, reparación de efectos persoais e utensilios domésticos	77	7,01
55-Hostalaría	16	1,45
60-63-Transporte terrestre; transporte por tubaxes-Actividades anexas aos transportes; actividades de axencias de viaxes	57	5,18
64-Telecomunicacións	2	0,18
65-Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	1	0,09
70-Actividades inmobiliarias	24	2,18
72-73-74-Actividades informáticas-Investigación e desenvolvemento-Actividades xurídicas, auditoría, asesoría, consultoría, xestión de sociedades, etc.	53	4,82
80-Educación	59	5,37
85-Actividades sanitarias e veterinarias, servizo social	39	3,55
91-92-93-95-Actividades asociativas-Actividades recreativas, culturais e deportivas-Actividades diversas de servizos persoais-Fogares que empregan persoal doméstico	42	3,82
TOTAL	1.099	100,00

FONTE: Elaboración propia.

Cadro 15.- Distribución das cooperativas por actividades. Dinámica recente

CNAE	CONSTITUÍDAS DENDE O 31/12/2000		CONSTITUÍDAS DENDE O 31/12/2007	
	Nº coop.	%	Nº coop.	%
01-Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados con aquelas	154	31,04	29	21,97
02-Selvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados con aquelas	7	1,41		
05-Pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionados con aquelas	15	3,02	4	3,03
11-12-13-14-Industrias extractivas	2	0,40	1	0,76
15-Industria de produtos alimenticios e bebidas	15	3,02	5	3,79
17-18-19-Industria téxtil-Industria da confección e da peletería-Fabricación de calzado	10	2,01	2	1,52
20-Industria da madeira e da cortiza				
22-Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	2	0,40		
24-25-26-Industria química-Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas-Fabricación doutros produtos mineirais non metálicos	4	0,80	1	0,76
28-29-Fabric. de prod. metálicos, agás maquinaria e equipo-Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	4	0,80	1	0,76
31-Fabricación de maquinaria e material eléctrico	2	0,40		
35-Fabricación doutro material de transporte	4	0,80	1	0,76
36-37-Fabricación de móbiles; outras industrias manufactureras-Reciclaxe	3	0,70	1	0,76
45-Construción	85	17,34	24	18,18
50-Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor	5	1,00		
51-52-Comercio por xunto e polo miúdo, intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e de motocicletas, reparación de efectos persoais e utensilios domésticos	38	7,66	11	8,33
55-Hostalaría	14	2,82	5	3,79
60-63-Transporte terrestre; transporte por tubaxes-Activ. anexas aos transportes; actividades de axencias de viaxes	21	4,23	9	6,82
64-Telecomunicacións				
65-Intermediac. financeira, agás seguros e plans de pensións				
70-Actividades inmobiliarias	24	4,84	14	10,61
72-73-74-Actividades informáticas-Investigación e desenvolvemento-Actividades xurídicas, auditoría, asesoría, consultoría, xestión de sociedades, etc.	22	4,43	6	4,54
80-Educación	14	2,82	3	2,27
85-Actividades sanitarias e veterinarias, servizo social	23	4,64	5	3,79
91-92-93-95-Actividades asociativas-Actividades recreativas, culturais e deportivas-Actividades diversas de servizos persoais-Fogares que empregan persoal doméstico	28	5,64	10	7,57
TOTAL	496	100,00	132	100,00

FONTE. Elaboración propia.

1.5.2. AS COOPERATIVAS E O EMPREGO

Dispoñemos de datos de emprego de 424 cooperativas, o 38,58% do total. Nelas, os postos de traballo directos –a suma do conxunto de socios daquela parte das cooperativas en que a achega de traballo é esencial para obter a condición de socio máis o emprego asalariado fixo e non fixo de todas– alcanzan os 6484,18 traballadores. Unha estimación bastante conservadora¹⁹ obtería unha cifra de 3.361,6 traballadores nas 675 cooperativas restantes. En total, o cooperativismo galego ocupa directamente a 9.845,78 traballadores, un 0,90% dos ocupados en Galicia (*Enquisa de Poboación Activa*, cuarto trimestre de 2010) e o 3,30% do emprego das cooperativas do conxunto do Estado (Ministerio de Emprego e Seguridade Social, 2010).

Doutra volta, cómpre reiterar que a contribución das cooperativas ao emprego vai máis alá do emprego directo. Axuda a defender a ocupación nas actividades dunha parte dos 90.158 socios facilitando a imprescindible intermediación e/ou transformación para colocar os seus produtos nos mercados. E, ademais, induce a creación e o mantemento do emprego nas empresas auxiliares e nas empresas dependentes da oferta ou da demanda cooperativa²⁰. En consecuencia, á hora de avaliar o impacto conxunto das cooperativas no emprego, débense agregar aos postos de traballos directos os indirectos e os inducidos. De utilizarmos para a agregación a ratio achegada no *Libro branco do cooperativismo en Galicia* (Xunta de Galicia, 2004, p. 55), resultaría unha cifra global de 20.478,3 postos de traballo, isto é, o 1,86% dos ocupados en Galicia.


Cinguíndonos ás cooperativas para as que se dispón de datos, alcanzan unha media de 15,29 traballadores por cooperativa, mais con grandes diferenzas entre elas: por unha parte, están case dous terzos das cooperativas, con menos de dez traballadores, que acadan o 19,06% do emprego total; e, por outra parte, un 15% das cooperativas, con máis de vinte traballadores, que chegan o 67,8% deste (gráfica 6). Porén, reiteramos, o peso numérico das microempresas entre o total de empresas con emprego asalariado no conxunto da economía galega aínda é sensibelmente superior: o 89% das 78.634 empresas

¹⁹ As hipóteses para a estimación –as mesmas que se utilizaron nos anteriores *Informes*– supoñen que nas cooperativas de traballo asociado e de ensino –nelas os socios son traballadores– o número de traballadores equivale ao de socios actuais, isto é, variando os socios iniciais na mesma proporción en que varían no resto das cooperativas desas clases. Nas restantes clases de cooperativas suponse que incorporan unha proporción semellante de traballadores en relación cos socios iniciais que a proporción de traballadores en relación cos socios actuais das da mesma clase e para as que se dispón de datos.

²⁰ Considérese, a título de exemplo, o impacto das máis de 6.700 vivendas promovidas polas 89 cooperativas de vivendas activas, ou os empregos inducidos na cadea de distribución e comercialización do Grupo COREN.

con asalariados de Galicia teñen menos de dez traballadores e unicamente o 4,8% daquelas contan con máis de vinte traballadores (IGE, 2010).

Gráfica 6.- Proporción de cooperativas por número de traballadores



FONTE: Elaboración propia.

Destacan pola súa achega ao emprego cooperativo directo (gráfica 7):


- As cooperativas de traballo asociado e de ensino que, ao cabo, nacen como instrumento para o autoemprego dos seus socios: entre as dúas clases, un 46,9% dos traballadores totais.
- As cooperativas relacionadas coas actividades agrarias, as agrarias de primeiro grao, as de explotación en común e as de segundo grao en que moitas se integran, que achegan o 39,72% do emprego cooperativo. É particularmente significativo neste eido o papel das cooperativas do Grupo Coren²¹.
- O impacto no emprego das cooperativas de vivendas –que non teñen usualmente postos de traballo directos, por actuaren como promotoras que contratan con outras empresas os labores de construción– debe avaliarse en función do número de vivendas –como xa se adiantou, máis de 6.700 vivendas– e de postos de traballo xerados a partir da demanda cooperativa.
- Gran parte dos postos de traballo nas clases de servizos e transportes corresponden a actividades de distribución.

Son cada vez máis marcadas as tendencias de creación de emprego, xa sinaladas en anteriores *Informes*, polas diferentes clases de cooperativas: as empresas de traballo asociado concentran case o 90% dos empregos creados polas cooperativas constituídas no último trienio (alcanzaban máis do 80% no

²¹ O emprego nas cooperativas do Grupo supón case o 25% do total das cooperativas para as que se dispón de datos e o 61% do emprego directo do cooperativismo agrario.

bienio 2004-2005 e o 85% no 2006-2007). Por outra parte, neste aspecto descendén significativamente no último trienio as cooperativas agrarias, proporcionalmente por baixo do seu peso no emprego cooperativo global (cadro 16).

Gráfica 7.- Proporción de traballadores nas distintas clases



NOTA: CA: Agrarias; TA: Traballo asociado (incluídas as cooperativas de transportes de traballo asociado e excluídas as cooperativas de ensino de traballo asociado); E: Ensino; V: Vivenda; CEU: Consumidores e usuarios; EC: Explotación comunitaria da terra; M: Mar; SG: Segundo grao; ST: Servizos e transportes; OU: Outras (inclúe a Caixa Rural e Servizos Sociais, Integración Social de Traballo Asociado e asociacións de cooperativas).

FONTE: Elaboración propia.

Cadro 16.- Tendencias na creación de emprego nas distintas clases


CLASE	TOTAL	CREADAS NOS ÚLTIMOS DEZ ANOS	CREADAS NOS ÚLTIMOS TRES ANOS
	% traball.	% traballadores	% traballadores
TA	34,40	69,78	83,87
E	12,50	7,39	5,74
CA	15,32	13,25	3,37
V	0,00	0,00	0,00
M	0,95	0,47	0,14
ST	7,87	1,87	2,09
SG	23,50	0,29	1,04
CEU	1,28	0,00	0,00
EC	0,90	2,45	2,34
OU	3,20	4,48	1,39
TOTAL	100,00	100,00	100,00

NOTA: CA: Agrarias; TA: Traballo asociado (incluídas as cooperativas de transportes de traballo asociado e excluídas as cooperativas de ensino de traballo asociado); E: Ensino; V: Vivenda; CEU: Consumidores e usuarios; EC: Explotación comunitaria da terra; M: Mar; SG: Segundo grao; ST: Servizos e transportes; OU: Outras (inclúe a Caixa Rural, Servizos Sociais e Integración Social de Traballo Asociado e asociacións de cooperativas).

FONTE: Elaboración propia.

No tocante á vinculación do emprego cooperativo cos diferentes sectores de actividade económica (gráfica 8), cómpre destacar, en primeiro lugar, as cooperativas vinculadas ao sector primario²², que representan un 44,63% do emprego cooperativo en Galicia –era o 40,5% no 2007–, o que contrasta co 7,9% que significan os ocupados no sector dentro do total galego. Pola súa parte, o emprego nas cooperativas dedicadas á prestación de servizos, o 37,39% do emprego total nas cooperativas de Galicia (a proporción era do 35,6% no 2007), fica aínda por baixo do peso dos ocupados no sector, o 66,9%, respecto do total de ocupación en Galicia. As cooperativas da industria achegan o 11,05% dos empregos cooperativos –o 19,54% no 2007–, unha proporción algo inferior á que acada a ocupación no sector sobre o total galego (o 15,6%). E por último, as cooperativas da construción, co 6,93% de empregos do total do cooperativismo –o 6,45% no 2007–, que tamén fican por baixo da importancia do emprego no sector respecto do total galego (o 9,6%).

Gráfica 8.- Proporción de traballadores das cooperativas por sector de actividade



FONTE: Elaboración propia.

Nunha análise máis polo miúdo da distribución do emprego cooperativo entre as diversas actividades pódese subliñar o seguinte:

- a) No sector primario destaca o emprego vencellado ás actividades agrarias e ás de transformación das súas producións, o que inclúe mesmo algunhas cooperativas con actividades industriais²³. Teñen pouca relevancia no sector os empregos relacionados co mundo do mar e aínda menos os do sector

²² Que inclúe as cooperativas agrarias, as de segundo grao en que estas se integran pero, ademais, un grupo de cooperativas de traballo asociado e do mar con actividade no sector.

²³ Reiteramos o peso no sector das cooperativas integradas no Grupo Coren.

forestal: en ambos os dous casos por baixo do 3% dos empregos cooperativos do sector.

- b) No sector industrial predomina o emprego xerado polas cooperativas do téxtil, que achegan o 54% dos postos de traballo do sector.
- c) No sector servizos o emprego repártese entre diversas actividades, o que sinala, dalgún xeito, a variedade de novas potencialidades. En primeiro lugar, as cooperativas de ensino, con máis do 33% do emprego do sector. E tamén entre as destacadas: as cooperativas dedicadas a actividades sanitarias e de servizos sociais, co 16,33% do emprego do sector; as de asesoría e servizos informáticos, co 12,7%; as de comercio, co 10% dos ocupados; e por último, as de actividades asociativas e recreativas, e as de transporte, co 8,5% e co 6,1%, respectivamente, dos postos de traballo do sector.

Complementariamente, as tendencias de creación de emprego por sectores e por actividades na época recente marcan o protagonismo dos servizos: o 44,83% do emprego total das cooperativas creadas nos últimos dez anos, unha cifra que alcanza case que o 50% entre as creadas no último trienio. E, particularmente, das cooperativas con actividades asociativas e recreativas²⁴, sanitarias e de servizos sociais²⁵, comercio, educación e asesoría e servizos informáticos²⁶.

A sinalada diminución do peso dos empregos cooperativos no sector industrial –que representa o 12% dos empregos nas cooperativas creadas tanto nos últimos dez anos como no último trienio– relaciónase coa desaparición dalgunhas cooperativas do téxtil, que pasan de ocupar a máis de dous terzos a darlle emprego ao adiantado 54% dos traballadores cooperativos no sector²⁷.

E a leve diminución na proporción de emprego cooperativo achegada polo sector primario débese á pequena caída no peso relativo dos empregos creados no sector nos últimos dez anos: pouco máis do 32% do total, que fica algo por baixo do que lles correspondería polo seu peso relativo no conxunto do emprego cooperativo (gráfica 9).


²⁴ Máis do 25,7% do emprego creado no sector nos dez últimos anos e o 45,7% do creado nos últimos tres.

²⁵ O 17,8% do emprego creado no sector nos dez últimos anos e o 6,2% do creado nos últimos tres.

²⁶ Todas elas en torno ao 12% dos empregos creados no sector nos últimos anos e entre todas elas case o 50% dos empregos creados no último trienio.

²⁷ A pesar de continuar achegando unha proporción importante dos empregos creados nos últimos tempos.

Gráfica 9.- Tendencias na creación de emprego por sectores



FONTE: Elaboración propia.


No que se refire á distribución do emprego cooperativo por sexos existen datos naquelas cooperativas en que o acceso á condición de socio esixe a presentación persoal de traballo. Refírense, polo tanto, unicamente á presenza de homes e mulleres como socios nas cooperativas de traballo asociado, de ensino e de servizos sociais e transportes de traballo asociado, un conxunto de cooperativas que, como xa se adiantou, agrupan o 54,63% do emprego cooperativo total. Por conseguinte, son datos, en bastante medida, representativos do total de cooperativas.

En 232 cooperativas das clases sinaladas anteriormente o peso da muller entre os socios traballadores alcanza o 41,8% do total, unha proporción algo inferior á proporción que representa a poboación ocupada feminina sobre os ocupados totais de Galicia: o 45,75% a finais do 2010 (*Enquisa de Poboación Activa*, cuarto trimestre de 2010). Non obstante, as tendencias recentes apuntan a unha presenza crecente dos ocupados femininos nas cooperativas: malia a sinalada caída no sector téxtil, onde predomina o emprego feminino, as mulleres traballadoras alcanzan o 46,53% dos ocupados nas cooperativas creadas nos últimos dez anos e o 56,60% de considerarmos as constituídas nos dous últimos. Débense, en consecuencia, explorar e aproveitar as oportunidades do cooperativismo na creación de emprego para a muller.

Por último, a importancia da muller entre os socios traballadores é desigual segundo as cooperativas: non están entre os socios traballadores de preto do 32% das cooperativas mentres que, pola contra, son maioría no 47%, e son a totalidade dos socios no 21,12% delas²⁸ (gráfica 10).

²⁸ As tendencias sinalan un incremento acusado da presenza da muller entre os socios traballadores: nos dez últimos anos non hai presenza feminina nun 25% do total, proporción que se reduce a apenas un 11% nos últimos tres anos. Pola contra, son a maioría de socios no 51% das creadas nos últimos dez anos e no 71% das creadas nos últimos tres anos.

Gráfica 10.- Proporción de mulleres entre os socios traballadores en cooperativas que asocian traballo



FONTE: Elaboración propia.

1.5.3. A FACTURACIÓN E O VALOR ENGADIDO

Para a elaboración do presente *Informe* obtívose información económico-financieira procedente do preceptivo depósito das contas anuais correspondentes ao exercicio do 2010. En conxunto dispónse de información para 465 cooperativas, o que representa o 42,3% das activas. Mais, como ocorría nos anteriores *Informes*, asegurar a presentación de datos homoxéneos obriga a excluír da análise agregada as cooperativas de vivenda afectadas por prescricións legais específicas, que esixen unha análise diferenciada. Por conseguinte, preséntanse agora os datos globais de 443 cooperativas. Cómpre, para achegarse a unha completa perspectiva do cooperativismo galego neste eido, engadir os datos daquela clase, que se analizan separadamente máis adiante.

A facturación global do conxunto de empresas analizadas acada os 2.185,4 millóns de euros. Representa o 5,33% da facturación das cooperativas do Estado (Ministerio de Empleo e Seguridade Social, 2009)²⁹, unha proporción superior³⁰ ao 4,82% que significa o peso numérico das cooperativas de Galicia no total español.

A facturación media por cooperativa é de 4,92 millóns de euros, máis do dobre da facturación media das cooperativas españolas³¹. Non obstante, as desviacións respecto do valor medio nas cooperativas galegas son manifestas: un 36,7% non supera os 150.000 euros de facturación, mentres fican un nú-


²⁹ As 19.770 cooperativas españolas que figuran na base de datos do Ministerio de Empleo e Seguridade Social facturan 40.999,55 millóns de euros.

³⁰ Máis aínda se lle engadimos a facturación das restantes cooperativas galegas.

³¹ Que alcanza os 2,07 millóns de euros. Son unhas diferenzas que se relacionan co peso das distintas clases dentro de cada conxunto. Cfr.: Parte 2 deste *Informe*.

mero semellante de cooperativas no outro extremo, isto é, no intervalo superior de facturación. Aínda máis, tan só corenta e oito cooperativas, pouco máis dun 10% das consideradas³², achegan un 89,4% da facturación total (gráfica 11).

Gráfica 11.- Proporción de cooperativas por intervalos de facturación



FONTE: Elaboración propia.

A facturación global mantense no 2010, respecto da cifra achegada no exercicio 2007, en cifras similares –apenas un 0,5% de incremento–. Non obstante, cómpre considerar que a información dispoñíbel inclúe unha cifra de cooperativas inferior á daquela data³² e que, polo tanto, a facturación media por cooperativa se incrementou sensibelmente –máis dun 10%–. Por outra parte, entre as cooperativas creadas nos últimos dez anos –o 44,2% das cooperativas analizadas– achegan o 19,8% da facturación total. Xa que logo, teñen unha media de facturación apreciablemente inferior á global: 2,2 millóns de euros fronte aos sinalados 4,92 millóns de euros no conxunto cooperativo galego. Obviamente, son as cooperativas máis antigas e consolidadas as que teñen acadado uns niveis de tamaño significativos.

No que atinxe aos volumes de facturación nas diferentes clases, que se analizan polo miúdo nos seguintes capítulos, cómpre adiantar o seguinte (cadro 17):

a) Nos inferiores volumes de facturación total e media por cooperativa nas clases de traballo asociado, de ensino e de explotación comunitaria inflúe

³² Un 9,4% de cooperativas menos.

que teñan un tipo de actividades centradas na produción de bens e servizos polos propios socios, que poñen en común o seu traballo e/ou as súas terras e que, ao cabo, esixen do socio un grao de compromiso coa empresa moi elevado. Xunto co anterior inflúe –e non é independente diso– o seu cativo tamaño medio. Comparativa e alternativamente, os superiores volumes das outras clases relaciónanse cunhas actividades dedicadas á intermediación comercial, por e para un volume de socios relativamente elevado. Non obstante, e respecto do exercicio 2007, as cooperativas de ensino e de explotación comunitaria incrementaron a súa facturación total, aínda que non a media.

b) Doutra volta, evidénciase o peso decisivo das cooperativas vinculadas ao sector agrario: representan preto dos dous terzos da facturación cooperativa total, cunha facturación media elevada que alcanza niveis moi altos nas cooperativas de segundo grao. E cómpre destacar neste grupo, unha vez máis, as cooperativas do Grupo Coren, que achegan 977,4 millóns de euros –un 44,7% da facturación total do cooperativismo galego e un 70% da facturación do conxunto do cooperativismo agrario de primeiro e segundo grao–; pero tamén outras vinte empresas do sector con importantes actividades de intermediación e tamén de transformación –sinaladamente Feiraco–, todas elas con volumes de facturación superiores aos cinco millóns de euros, que achegan en conxunto unha facturación de 300,6 millóns de euros –o 13,75% do total cooperativo galego e o 21,5% do total do cooperativismo do mundo agrario–. Adicionalmente, incrementouse a facturación media nestas clases respecto do exercicio 2007.

c) A importancia das dúas grandes cooperativas de distribución do sector farmacéutico explican, como xa se sinalaba nos *Informes 2005 e 2007*, as elevadas cifras que presentan as cooperativas de servizos e transportes, tanto en termos absolutos coma en termos relativos: entre as dúas, o 81,6% da facturación das cooperativas da clase.

d) Por último, como xa ocorría en anteriores *Informes*, tamén os datos medios que presentan as clases de mar, de consumidores e usuarios e doutras –colectivos con poucas cooperativas– están fortemente marcados pola influencia dalgunhas experiencias singulares³³.

Como se ten reiteradamente sinalado, a diferenza do que ocorre en moitas outras empresas, a apreciación do valor que engaden as cooperativas debe ter

³³ Este é o caso da Caixa Rural en “Outras”, de dúas importantes cooperativas pontevedresas do mundo do mar e doutras dúas cooperativas de consumidores e usuarios da comarca ferrolá.

en conta que en bastantes delas prevalecen obxectivos de maximización orientados a acrecentar o valor –mesmo a utilidade– nas actividades individuais dos seus socios, e que neses casos, por conseguinte, poden empregar políticas de prezos nas súas relacións con aqueles que mesmo vaian en detrimento das marxes da propia empresa, o que se ha traducir nun valor engadido empresarial estrita –e deliberadamente– baixo.

Cadro 17.- Facturación por clases

CLASE	FACTURACIÓN TOTAL (en euros)	MEDIA POR COOPERATIVA (en euros)	% FACTURACIÓN TOTAL
TA	83.722.841	489.607,2	3,83
E	19.912.877	524.023,1	0,91
CA	845.538.600	5.713.098,6	38,69
M	54.520.616	9.086.769,3	2,49
ST	590.009.287	16.389.146,9	27,00
SG	552.424.392	92.070.731,9	25,29
CEU	8.236.838	1.176.691,2	0,37
EC	8.929.107	405.868,5	0,40
OU	21.787.661	2.420.851,3	0,99
TOTAL	2.185.459.140	4.922.205,3	100,00

NOTA: CA: Agrarias; TA: Traballo asociado (incluídas as cooperativas de transportes de traballo asociado e excluídas as cooperativas de ensino de traballo asociado); E: Ensino; V: Vivenda; CEU: Consumidores e usuarios; EC: Explotación comunitaria da terra; M: Mar; SG: Segundo grao; ST: Servizos e transportes; OU: Outras (inclúe a Caixa Rural, Servizos Sociais e Integración Social de Traballo Asociado e as asociacións de cooperativas).

FONTE: Elaboración propia.


Nese marco, o valor engadido das 443 cooperativas analizadas –175,2 millóns de euros– semella estimábel, máis aínda de termos en conta a contribución adicional para a posta en valor das actividades dos seus socios. Representa o 0,31% do Valor Engadido Bruto galego, unha proporción á que cómpre engadir, para estimar a achega global de valor do movemento cooperativo á economía galega, a contribución do restante 59,6% de cooperativas. Significa, adicionalmente, o 3,1% do valor engadido polas 19.770 cooperativas de España, unha contía superior ao 2,2% que alcanza, en termos numéricos, o colectivo de empresas analizado en relación co conxunto español.

A media de valor engadido por cooperativa é de 395.592,8 euros³⁴. Non obstante, como ocurría cos datos de facturación, evidéncianse unha vez

³⁴ Superior á media de valor engadido nas cooperativas do conxunto do Estado –289.226 euros–, o que se relaciona coas diferenzas no peso das distintas clases dentro de cada conxunto.

máis tanto as grandes diferenzas que existen neste colectivo como a influencia determinante das grandes cooperativas: un 41,99% non supera os 60.000 euros de valor engadido e, do outro lado, hai un 18,28% de cooperativas que achega un 83,8% do valor engadido conxunto. Aínda máis, tan só 23 cooperativas –aquelas que teñen un valor engadido medio superior a un millón de euros– achegan máis de dous terzos do valor engadido total (gráfica 12).

Gráfica 12.- Proporción de cooperativas por intervalos de valor engadido



FONTE: Elaboración propia.

No que toca ás tendencias, neste eido e nos últimos anos, o valor engadido conxunto é similar ao sinalado para o exercicio 2007 –incrementa apenas tres millóns de euros–, a pesar da sinalada diminución no número de empresas consideradas, o que se traduce nun significativo incremento (o 12,1%) no valor engadido medio por cooperativa.

Por outra parte, como ocurría cos volumes de facturación, entre as cooperativas creadas nos últimos dez anos acentúase a presenza das que achegan menos valor engadido.

En relación co valor engadido polas distintas clases, con independencia da análise polo miúdo que se fai noutra parte do *Informe*, cómpre destacar o seguinte (cadro 18):

- a) Doutra volta, son as cooperativas de primeiro e de segundo grao vinculadas ao complexo agrogandeiro as que máis valor achegan no cooperativismo en Galicia: un 47,5% do valor do conxunto. Malia todo, as cifras medias de valor engadido –baixas en boa parte delas– evidencian a con-

vivencia dentro do colectivo de dous tipos diferenciados: as máis, centradas en actividades de intermediación para conseguir uns mellores prezos de abastecemento ou de venda para os socios, con pouco valor engadido en sentido estrito; e as menos, cun tamaño medio superior e con actividades de transformación que engaden máis valor. Entre estas últimas está o Grupo Coren –que representa un 26% do valor engadido total do cooperativismo galego e o 54,6% do valor engadido polo cooperativismo agro-gandeiro– e un contado grupo de entre as xa sinaladas outras medianas e grandes cooperativas do sector con actividades de transformación –entre as que está Feiraco–, que achegan o 9,8% do valor engadido das cooperativas de Galicia e o 20,62% do valor das cooperativas do mundo agrario³⁵.

- b) Contrasta fortemente o importante peso do valor engadido nas cooperativas de traballo asociado e de ensino –en certa medida, nas de explotación comunitaria da terra– co reducido volume relativo da súa facturación: entre as tres clases, un 30,3% de todo o valor xerado polo cooperativismo galego. Obviamente, o feito de tratárense de actividades concibidas para lle dar valor ao propio traballo dos socios explica a diferenza ao tempo que as distingue, xustamente neste terreo, respecto doutras clases centradas na intermediación con poucas marxes empresariais. Por outra banda, o seu cativo tamaño medio reflíctese nun valor engadido medio inferior ao de boa parte do resto das clases, a pesar de que tamén hai entre elas algunhas cooperativas de traballo asociado de tamaño mediano³⁶, que achegan o 9,3% do valor engadido total galego e case a metade (o 45%) do valor engadido da clase.
- c) Por último, nas cifras agregadas nas clases de servizos e transportes destaca a influencia de contadas experiencias singulares que achegan o 61,2% do valor da clase e o 8,8% do total galego³⁷. O mesmo ocorre nas que se agrupan baixo o epígrafe “Outras”³⁸.

³⁵ No conxunto do Estado as cooperativas do mundo agrario teñen menos presenza relativa, son en número o 20% do total e xeran un 26,6% do valor total do cooperativismo. E son, en termos de dimensión económica, máis pequenas cá media galega –un valor engadido medio de 370.100 euros e unha facturación media de 3,55 millóns de euros–, o que contribúe a explicar as diferenzas relativas entre o valor engadido, e tamén a facturación do cooperativismo galego respecto do español.

³⁶ Seis cooperativas, todas elas cun valor engadido superior ao millón de euros.

³⁷ Entre elas as dúas grandes cooperativas de distribución farmacéutica e unha cooperativa de distribución de material de ferraxería e xardinería con numerosos puntos de venda en Galicia.

³⁸ Entre as que se inclúe a Caixa Rural Galega.

Cadro 18.- Valor engadido por clases

CLASE	VALOR ENGADIDO TOTAL (en euros)	MEDIA POR COOPERATIVA (en euros)	% VALOR ENGADIDO TOTAL
TA	36.707.135	214.661,6	20,94
E	14.445.954	380.156,7	8,24
CA	44.417.374	300.117,3	25,34
M	1.410.648	235.108,0	0,80
ST	25.184.429	699.567,5	14,37
SG	37.052.644	6.175.440,7	21,14
CEU	533.470	76.210,0	0,30
EC	2.036.002	92.545,5	1,16
OU	13.459.936	1.495.548,4	7,68
TOTAL	175.247.590	395.592,8	100

NOTA: CA: Agrarias; TA: Traballo asociado (incluídas as cooperativas de transportes de traballo asociado e excluídas as cooperativas de ensino de traballo asociado); E: Ensino; V: Vivenda; CEU: Consumidores e usuarios; EC: Explotación comunitaria da terra; M: Mar; SG: Segundo grao; ST: Servizos e transportes; OU: Outras (inclúe a Caixa Rural, Servizos Sociais e Integración Social de Traballo Asociado e asociacións de cooperativas).

FONTE: Elaboración propia.

PARTE II

ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCEIRA

Parte 2

ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCEIRA

A análise da situación económico-financeira das cooperativas galegas foi levada a cabo utilizando a información contida nunha base de datos confeccionada a partir dos depósitos de contas anuais realizados no Rexistro Central e nos catro rexistros provinciais, e que recolle os balances e as contas de resultados correspondentes ao exercicio económico 2010.

Antes de realizar a análise propiamente dita, os estados contábeis foron revisados para verificar a súa coherencia interna e solucionar as omisións e erros –fundamentalmente de transcripción de datos– que presentaban. Cando a información dispoñíbel non permitía resolver os problemas identificados, elimináronse os rexistros correspondentes ás cooperativas afectadas. Finalizadas as tarefas de depuración, dispónse de datos para un total de 465 cooperativas coa distribución en clases que se recolle no cadro 19.

Cadro 19.- Cooperativas analizadas por clase

CLASE DE COOPERATIVAS	Nº DE COOPERATIVAS
Agrarias	148
Traballo asociado*	171
Ensino*	38
Explotación comunitaria	22
Servizos e transportes	36
Vivenda	22
Mar	6
Consumidores e usuarios	7
Servizos sociais	4
Segundo grao	6
Crédito	1
Asociacións	4

*Traballo asociado inclúe as cooperativas de transporte de traballo asociado. Ensino inclúe as cooperativas da clase ensino e as cooperativas de traballo asociado con actividade CNAE 80.

FONTE: Elaboración propia.

Para cada unha desas clases procedeuse á agregación das diversas partidas das contas e determináronse os balances e as contas de perdas e ganancias

medios, axustándonos ao grao de detalle que lles corresponde aos modelos aplicábeis ás pequenas e medianas empresas (pemes), que son os presentados pola maioría das cooperativas que integran a mostra³⁹.

Considerando o balance medio, calculáronse os pesos relativos das distintas partidas sobre o total. Así mesmo, a partir da conta de resultados media, calculouse a importancia das distintas partidas de ingresos e de gastos sobre a cifra de ingresos de explotación. Ademais, determináronse as ratios de situación financeira e económica máis habituais. Estas ratios, cuxas definicións se presentan no cadro 20, son utilizadas dende unha perspectiva macroeconómica, polo que se calculan non como media aritmética das ratios individuais, senón a partir das magnitudes agregadas de cada grupo⁴⁰.

Cadro 20.- Ratios utilizadas na análise económico-financieira

DENOMINACIÓN	DEFINICIÓN
Endebedamento	Recursos alleos/Recursos propios
Endebedamento no longo prazo	Recursos alleos no longo prazo/Recursos propios
Endebedamento no curto prazo	Recursos alleos no curto prazo/Recursos propios
Solvencia	Activo circulante/Pasivo circulante
Liquidez no curto prazo	(Activo circulante - Existencias)/Pasivo circulante
Tesourería	(Tesourería + Invest. financ. no curto prazo)/Pasivo circulante
Rendibilidade económica	(Resultado explotación + Gastos financeiros)/Activo total
Rendibilidade financeira	(Excedente da cooperativa)/Recursos propios
Marxe de beneficios	(Resultado explot. + Gastos financeiros)/Ingresos de explot.
Rotación de activos totais	Ingresos de explotación/Activo total
Rotación de activos fixos	Ingresos de explotación/Activo fixo
Rotación de activo circulante	Ingresos de explotación/Activo circulante
Produtividade do traballo	Valor engadido/Gastos de persoal
Custo de persoal por traballador	Gastos de persoal/Nº de traballadores
Produtividade do activo	Valor engadido/Activo total

FONTE: Elaboración propia.

³⁹ Para a presentación das contas anuais é posíbel utilizar, dependendo do tamaño da empresa, os modelos normal e abreviado do Plan xeral de contabilidade, ou ben o modelo recollido no Plan de contabilidade para as pemes no caso de que, cumpridas as condicións, a cooperativa opte pola súa aplicación e, en calquera caso, coas modificacións derivadas das esixencias informativas específicas das sociedades cooperativas. Os modelos abreviado e de pemes, aos que corresponden máis dun 90% das contas depositadas polas cooperativas galegas, requiren unha menor desagregación na presentación da información ca o modelo normal.

⁴⁰ Os valores individuais son considerados para as análises máis particularizadas, nas que se ten en conta a distribución en cuartís das ratios.

2.1. ANALISE ECONÓMICO-FINANCEIRA DAS COOPERATIVAS AGRARIAS

Como xa se indicou, dispúxose de información contábel relativa a 148 cooperativas agrarias, isto é, un 45,82% das activas a finais do 2010. Como nos anteriores *Informes*, é preciso resaltar que non son só as cooperativas clasificadas como agrarias as que desenvolven a súa actividade neste sector e, por esa razón, para coñecer a contribución agregada das cooperativas ao sector agrario, é necesario engadir a importante achega que realizan as cooperativas de segundo grao e as cooperativas de explotación comunitaria da terra, que se analiza neste *Informe* nun apartado posterior.

Para caracterizar a importancia do conxunto de cooperativas analizado, no cadro 21 preséntanse os valores agregados e os medios dos activos empregados, os ingresos de explotación, o número de traballadores e o de socios⁴¹.

Cadro 21.- Principais magnitudes nas cooperativas agrarias

	AGREGADO	VALOR MEDIO
Total activo (euros)	405.632.345,72	2.740.759,09
Ingresos de explotación (euros)	845.538.600,23	5.713.098,65
Traballadores	692,44	7,61
Socios	23.965	165,28

FONTE: Elaboración propia.

Como nos *Informes* elaborados para 2005 e 2007, cómpre comezar sinalando as grandes diferenzas de tamaño existentes entre as cooperativas integradas nesta clase e a forte influencia no elevado destes valores medios dun moi reducido grupo de cooperativas que superan amplamente estas cifras. Así, no 2010, dez cooperativas⁴², que individualmente superan os quince millóns de euros de ingresos, agrupan o 69,74% da facturación global, mentres que o seu activo representa o 53,58% do agregado das 148 cooperativas analizadas e contan cun 31,93% dos socios. Destas dez cooperativas, as seis para as que se coñece o dato empregan un 29,64% dos traballadores da mostra.

Pola contra, 86 cooperativas, que agrupan 4.963 socios, presentan simultaneamente cifras de activo inferiores ao millón de euros e ingresos de explotación por baixo dos dous millóns de euros. Este grupo conxuntamente representa unicamente un 5% dos activos totais e un 3% dos ingresos de explotación da clase.

⁴¹ Os valores medios de socios e de traballadores calculáronse considerando o número de cooperativas para as que se dispón desta información (145 e 91, respectivamente).

⁴² Como en anteriores *Informes*, neste grupo das maiores cooperativas figura Feiraco e varias cooperativas do Grupo Coren.

Unha análise particularizada dos datos revela que 117 das 148 cooperativas da mostra (un 79,1%) presentan unha cifra de activos inferior ao valor medio, situándose o 50% por baixo dos 394.183 euros. Igualmente, os ingresos de explotación medios indicados (5.713.098,65 euros) superan os obtidos por un 83,10% das cooperativas (123). Con respecto ao número de traballadores, o dato medio non é alcanzado por un 68,13% das cooperativas para as que se conta coa cifra de emprego (62 de 91) e máis da metade non chega aos cinco traballadores. Polo que respecta aos socios, 112 cooperativas (un 75,68%) atópanse por baixo do valor medio, e 81 das 145 cooperativas para as que se dispón dese dato posúen menos de 50 socios.

Os valores medios dos activos, ingresos e traballadores presentan un lixeiro incremento con respecto aos determinados con ocasión da elaboración do *Informe 2007*, mentres que o número medio de socios resulta agora menor (176 no 2005 e 171 no 2007). Aínda que as diferenzas observadas poden ser debidas a modificacións na composición da mostra⁴³, o estudo individualizado das contas das cooperativas máis grandes incluídas nela apunta cara á posibilidade de que a explicación do pequeno incremento dos valores medios radique na ralentización do crecemento ou, mesmo, na diminución do investimento e da actividade dalgúns das empresas deste grupo. Neste sentido, advírtese que das nove cooperativas que no *Informe 2007* se mencionaba que superaban os 25 millóns de euros de ingresos, seis viron reducidas as cifras relativas á súa actividade⁴⁴ e cinco o importe do investimento total.

2.1.1. ANÁLISE DA SITUACIÓN FINANCEIRA

Neste apartado estúdase o patrimonio das cooperativas agrarias considerando, en primeiro lugar, a composición dos investimentos realizados para, a continuación, observar a estrutura do seu financiamento e a relación existente entre a orixe e o prazo das fontes de financiamento e a utilización ou a aplicación destas, co obxectivo de coñecer, finalmente, a capacidade da cooperativa de afrontar os seus compromisos de pagamento.


2.1.1.1. Investimentos

Como xa se indicou, a media do activo das 148 cooperativas analizadas ascende a 2.740.759,09 euros, pero entre os distintos casos existe unha elevada variabilidade da cifra de investimento total, que pode ser observada na gráfica 13.

⁴³ Véxase nos apartados 2.1.1.1 e 2.1.2 o estudo da composición da mostra por tamaño de activo e de cifra de ingresos, respectivamente.

⁴⁴ No 2010 seis destas cooperativas superan os 25 millóns de euros.

Gráfica 13.- Distribución das cooperativas agrarias por tamaño do activo



FONTE: Elaboración propia.

O grupo máis numeroso é o das cooperativas que non alcanzan os 300.000 euros, mentres que, no outro extremo, un 12,16% das cooperativas (dezasete cooperativas) superan os cinco millóns de euros de investimento total, e unicamente un 2,72% (catro cooperativas), os vinte millóns de euros.

Se se compara esta distribución coa recollida no *Informe 2007*, obsérvase un certo incremento do tamaño nas cooperativas máis pequenas. Así, os datos manexados na confección do citado *Informe* mostraban que un 52,80% das cooperativas pertencían ao primeiro dos intervalos, fronte ao 45,95% actual, e igualmente resulta agora menor a porcentaxe das cooperativas con investimentos inferiores ao millón de euros de activo total, que se ve reducido en máis de cinco puntos (pasando do 66,86% ao 61,66%). Porén, e como xa se comentou no apartado anterior, redúcese o tamaño das cooperativas máis grandes. Mentres que no 2007 un 8,07% –é dicir, trece cooperativas– presentaba volumes de investimento superiores aos dez millóns de euros, son só doce as que superan esa cifra no 2010. Compróbase que as cooperativas de maior tamaño da mostra do 2007 están presentes na mostra actual e obsérvase que, aínda que en xeral⁴⁵ manteñen a súa posición na clasificación, sete destas trece cooperativas viron reducido o seu tamaño.

⁴⁵ Dúas cooperativas que no 2007 superaban os dez millóns de euros descenden por baixo desta cifra. Un deses casos, en forma máis que notábel, pasa a integrarse no grupo de cooperativas cuxa cifra de activo está comprendida entre un e cinco millóns de euros.

O investimento medio por socio e a participación do socio nos investimentos en inmovilizado cuantifícanse –tendo en conta unicamente os datos das cooperativas para as que consta o número de socios– en 16.793,4 euros e 7.547,18 euros, respectivamente, aínda que, ao igual que o comentado con respecto ao investimento total, os datos distan de corresponderse co investimento real do socio para moitas das cooperativas

Así, a través da distribución en cuartís (cadro 22) obsérvase que as cifras medias indicadas máis que duplican os valores alcanzados para o 50% das cooperativas, e que nun 25% dos casos o investimento por socios nin sequera chega aos 3.290,09 euros nin o investimento na estrutura permanente aos 871,15 euros. Pola contra, 51 cooperativas presentan un investimento medio por socio máis alto que o valor medio comentado, e 52 superan o investimento en activo no longo prazo medio. Os maiores importes parecen gardar relación coa explotación gandeira porcina, coas actividades de elaboración de pensos ou coas vitivinícolas.

Mentres que o valor medio do importe de investimento por socio é, aínda que moi lixeiramente, inferior ao constatado no 2007, obsérvase un aumento no valor da mediana da distribución⁴⁶ que, unido á unha moi forte diminución do valor máximo da distribución, sinala unha evolución positiva deste indicador, continuando a tendencia iniciada no 2005. Porén, tamén en comparación con informes previos, advírtese que o esforzo investidor do socio en relación coa estrutura permanente da cooperativa aumenta en valor medio, pero aparenta estar fortemente influído polo valor da medida nas cooperativas que se sitúan no último dos cuartís.

Cadro 22.- Activo por socio nas cooperativas agrarias

	MEDIA	MÍNIMO	CUARTIL 1	MEDIANA	CUARTIL 3	MÁXIMO
Activo total por socio	16.793,4	104,56	3.290,09	8.294,11	28.173,65	1.431.401,27
Activo fixo por socio	7547,18	0,00	871,15	3.680,14	15.414,63	1.187.622,31

FONTE: Elaboración propia.

Por outra banda, para analizar a composición dos investimentos determinouse a importancia dos diferentes bens e dereitos que forman parte do activo da cooperativa sobre o investimento total e, así mesmo, o peso relativo sobre o importe do activo fixo e circulante dos diferentes elementos que compoñen estas masas patrimoniais. No cadro 23 móstranse os resultados deste cálculo.

⁴⁶ No 2007 o valor da mediana, correspondente á cooperativa situada no punto medio da distribución, era de 7.417 euros, presentando un valor inferior 80 cooperativas.

Cadro 23.- Composición do activo nas cooperativas agrarias

	VALOR MEDIO (en euros)	% ACTIVO TOTAL	% COMPOSICIÓN DO ACTIVO FIXO	% COMPOSICIÓN DO ACTIVO CIRCULANTE
Activo fixo	1.234.665,24	45,05	100,00	
Material	710.756,07	25,93	57,57	
Inmaterial	14.076,77	0,51	1,14	
Investim. inmobiliarios	32.340,88	1,18	2,62	
Financeiro	420.820,39	15,35	34,08	
Outros activos fixos	56.766,25	2,07	4,60	
Activo circulante	1.506.093,85	54,95		100,00
Existencias	230.213,59	8,40		15,29
Debedores	1.132.066,78	41,30		75,17
Investim. financeiros	61.838,11	2,26		4,11
Tesourería	81.975,37	2,99		5,44
TOTAL ACTIVO	2.740.759,09	100,00		

FONTE: Elaboración propia.


Os investimentos na estrutura permanente da cooperativa representan, por termo medio, un 45,05% do total. A súa importancia é, polo tanto, inferior á do circulante, reflectindo, como xa se sinalaba nos *Informes 2005 e 2007*, o predominio nas cooperativas agrarias da dedicación a actividades de intermediación ou puramente comerciais, non necesitadas de investimentos importantes en inmovilizados.

Con todo, nun 25% das cooperativas analizadas o activo fixo presenta pesos relativos comprendidos entre o 67% e o 99%, reflexo da realización de actividades como a produción de leite, a explotación de maquinaria para uso en común ou a elaboración de viño, que requiren un volume superior de capital fixo⁴⁷. Obsérvase tamén que para outra cuarta parte das cooperativas o peso relativo é inferior ao 23,87%, atopando dentro deste grupo, xunto con cooperativas de dimensión reducida e carácter puramente comercial, outras de gran tamaño dedicadas á venda de carne ou á avicultura, e nas que o investimento en activo fixo, a pesar de ser importante en valor, é inferior ao 15% do total.

A composición do activo fixo medio recóllese na gráfica 14, na que pode apreciarse a importancia das diversas agrupacións en función da natureza dos investimentos no longo prazo, tanto con respecto ao activo total como en relación co importe desta masa patrimonial.

⁴⁷ 16 destas 36 cooperativas son de moi pequena dimensión –menos de 300.000 euros de activo–. Neste grupo hai tres cooperativas cun activo superior aos cinco millóns de euros e dúas con máis de dez millóns de euros.

Gráfica 14.- Composición do activo fixo nas cooperativas agrarias



FONTE: Elaboración propia.

O peso máis elevado corresponde aos investimentos de carácter material, un 25,93% do total e un 57,57% do investimento en fixo. Aínda que para os efectos comparativos coa situación no 2005 e no 2007 cómpre engadir a estes pesos o correspondente aos investimentos inmobiliarios⁴⁸, obsérvase unha diminución con respecto ao 2007 das porcentaxes relativas ao investimento en inmovilizado material. Porén, ao valorar estes datos en combinación co importe do investimento en valor absoluto e, sobre todo, analizando as diferenzas entre cooperativas, detéctase un incremento notábel do activo fixo material con respecto ao 2007. Así, os datos do exercicio 2010 reflicten que nun 50% das cooperativas o investimento material supera os 160.442,07 euros, mentres que no *Informe 2007* a cifra correspondente a este punto de corte na distribución era de 100.683,83 euros. Nese *Informe* indicábase tamén que naquelas cooperativas nas que estes investimentos alcanzaban porcentaxes superiores ao 65%, tiñan un valor medio de 323.704,99 euros, cifra que cos datos deste ano se eleva a 706.433,05 euros. Outro sinal que apunta, así mesmo, cara a un aumento de capacidade produtiva é o incremento da porcentaxe de cooperativas nas que o activo fixo material é superior ao millón de euros (pasando do 11,8% ao 16,22%).

⁴⁸ Dende a entrada en vigor no 2008 dos novos plans de contabilidade, os investimentos en terreos e edificacións non afectos á actividade principal deben segregarse dos da mesma natureza empregados na dita actividade.

Aínda así, seguen a ser poucos os casos nos que as cifras absolutas e relativas confirmen a presenza dun investimento material significativo cara á realización de actividades de transformación⁴⁹, correspondéndose con cooperativas que desenvolven actividades gandeiras, de elaboración de viño, de fabricación de pensos ou da industria láctea.

A escasa importancia dos investimentos en inmovilizado inmaterial reflíctese tanto no pequeno valor medio (14.076,77 euros) como no reducido do seu peso con respecto ao total do activo (un 0,51%) e tamén en relación co investimento permanente (un 1,14%). Ademais, tanto o valor medio como as porcentaxes resultan dos investimentos dun moi reducido grupo de cooperativas, como se deriva do feito de que só sete das 147 cooperativas analizadas superan a cifra de 50.000 euros, mentres que 95 non realizaron investimentos desta natureza⁵⁰. Por outra banda, e con respecto aos anos previos, prodúcese unha clara redución no importe e no peso destes investimentos que, xunto coa posibilidade de ter a súa explicación na depreciación experimentada polo uso ou polo paso do tempo, pode ser consecuencia de motivos puramente contábeis⁵¹.

O investimento en activo circulante ten un valor medio de 1.506.093,85 euros e, aínda que o seu peso relativo sobre o activo total diminuíu con respecto ao 2007, esta cifra supón un incremento do seu importe do 8,42%.

Polo que respecta á súa composición (gráfica 15), obsérvase que os debedores representan o principal deste activo, alcanzando porcentaxes do 75,17% do circulante e do 41,30% do activo total, é dicir, tomando en consideración os valores medios, os dereitos de cobramento no curto prazo son case tan importantes como o activo no longo prazo no seu conxunto.

A importancia dos debedores poñíase xa de manifesto en anteriores *Informes*, aínda que resaltando a existencia de importantes diferenzas entre as cooperativas, o que tamén sucede no exercicio 2010: un 50% das cooperativas non supera a cifra de 89.306,37 euros, e unha porcentaxe do 21,63% do activo total e do 49,79% do circulante. Pola contra, 22 das cooperativas da mostra –de novo as de maior tamaño– superan o valor medio comentado, sendo fre-


⁴⁹ Outro dato que cómpre ter en conta é a composición do inmovilizado material. A título indicativo, dado que só se dispón desta información para as empresas máis grandes, que están obrigadas a presentar o modelo normal de balance, consérvase unha moito maior importancia dos investimentos en terreos e en construcións do que en instalacións e en maquinaria.

⁵⁰ Realmente é unha cooperativa que presenta un importante fondo de comercio a que determina os valores comentados.

⁵¹ De novo, a entrada en vigor de nova normativa contábel que require a contabilización dos bens en arrendamento financeiro como parte do inmovilizado material cando con anterioridade eran considerados elementos intanxíbeis.

cuenta tamén entre elas os pesos relativos dos dereitos de cobramento superiores ao 50% do activo total, sobre todo nas puramente comercializadoras. Noutro grupo, formado polas cooperativas dedicadas á explotación de maquinaria en común, á produción leiteira ou de actividades de transformación, os valores elevados desta partida resultan moito menos importantes en relación co activo total como consecuencia dos maiores investimentos na estrutura permanente da cooperativa.

Gráfica 15.- Composición do activo circulante nas cooperativas agrarias



FONTE: Elaboración propia.

O grao de detalle que presenta o balance das cooperativas permite analizar a composición dos dereitos de cobramento, diferenciando aqueles que xorden de operacións con empresas do grupo e con socios da cooperativa. Así, segundo a información proporcionada, os dereitos de 127 das cooperativas analizadas corresponden exclusivamente a operacións con terceiros. No resto o importe dos créditos derivados de operacións con empresas do mesmo grupo ou con socios⁵² presenta unha importancia moi considerábel, por termo medio o 64,63% da cifra de debedores, aínda que sobre todo nas empresas de maior tamaño pode chegar até o 100%⁵³, confirmándose así a idea de que moi pro-

⁵² Non é posíbel a diferenciación para máis que o grupo reducido que elabora o modelo normal de balance. Nesas casos trátase fundamentalmente de créditos con empresas do mesmo grupo.

⁵³ Varían entre o 30% e o 100%, non podendo diferenciar créditos a socios e créditos a empresas do grupo.

babelmente, ademais das empresas recolledoras, unha boa parte dos créditos procedan de operacións cos socios da cooperativa ou con empresas vinculadas, debedores en tanto que receptores das vendas ou da prestación de servizos.

O importe medio das existencias é de 230.213,59 euros, que representa un 8,40% do valor do activo total medio e un 15,29% do circulante. En liña coas características da actividade desenvolvida polas cooperativas, moitas veces dedicadas a prestación de servizos de simple intermediación⁵⁴ ou, noutros casos, coas correspondentes á materia prima e aos produtos obxecto de comercialización ou fabricación: perecedoiros, de curto período de caducidade e, polo tanto, non susceptibles de almacenamento prolongado, en tanto que suxeitos a riscos de deterioración, estas cifras, non moi importantes, están xustificadas. De feito, compróbase que os pesos relativos máis elevados pertencen a cooperativas de pequeno tamaño dedicadas á fabricación ou á comercialización de pensos, fertilizantes e sementes, mentres que nas de maior tamaño, a pesar de que presentan importes máis elevados⁵⁵, apenas son significativos no conxunto do activo. Ao igual que cos debedores, prodúcese con respecto ao 2007 un incremento do valor medio e tamén do peso en relación co circulante, aínda que non tan elevado como o que tiña lugar entre o 2005 e o 2007, o que indica un menor crecemento da actividade.

A tesourería representa un 2,99% do total do activo e un 5,44% do circulante, calculados a partir dun importe medio de 81.975,37 euros, valores todos eles inferiores aos correspondentes ao 2007. Porén, igual que acontecía nese ano, a situación de liquidez que reflicten os datos porcentuais é peor que a que lle corresponde a unha maioría das cooperativas da clase⁵⁶. Son, fundamentalmente, as de máis reducida dimensión as que acadan valores porcentuais máis elevados.

Por último, os investimentos financeiros no curto prazo, aínda que se incrementan en valor absoluto, manteñen practicamente os pesos reducidos que presentaban no 2007, xa que, a pesar de ser 39 cooperativas (un 26,35%) as que presentan investimentos deste tipo, polo xeral non son elevados, unicamente cinco cooperativas presentan importes de contía superior ao 10% do activo total.

⁵⁴ En 51 cooperativas (un 34,46%) non hai existencias.

⁵⁵ Superiores a 176.458,93 euros para un 25% das cooperativas.

⁵⁶ A situación é máis positiva para 101 cooperativas ou para 104 se temos en conta os pesos relativos sobre o circulante.

2.1.1.2. Financiamento

A análise da composición da estrutura financeira realízase, así mesmo, a partir da determinación dos valores medios dos diferentes compoñentes do patrimonio e dos recursos alleos no longo e no curto prazo e do cálculo dos pesos relativos destes con respecto ao total do balance de situación (cadro 24).

Cadro 24.- Recursos financeiros nas cooperativas agrarias

	VALOR MEDIO (en euros)	% PASIVO TOTAL
Patrimonio neto	1.054.112,0	38,46
Capital desembolsado	419.790,7	15,32
Reservas	528.767,0	19,29
Resultados do exercicio	8.411,4	0,31
Axustes ao valor razoable	- 576,9	-0,02
Subvencións	97.719,9	3,57
Recursos alleos no longo prazo	442.287,0	16,14
Recursos alleos no curto prazo	1.244.360,1	45,40
TOTAL PATRIMONIO NETO + PASIVO	2.740.759,1	100,00

FONTE: Elaboración propia.

No financiamento da cooperativa media predominan os recursos alleos, fundamentalmente aqueles con prazo de vencemento inferior ao ano, ou no curto prazo, que representan un 45,40% dos recursos totais, mentres que as débedas a máis longo prazo alcanzan unha importancia relativa no esforzo de financiamento do 16,14%, e o restante 38,46% do financiamento corresponde ao patrimonio neto ou non esixíbel.

Como noutros aspectos xa comentados, os valores medios agochan importantes diferenzas na composición da estrutura financeira. O financiamento maioritario con débeda é unha característica de pouco máis da metade dos casos, por canto en 71 cooperativas, é dicir, nun 47,97%, o neto patrimonial é o recurso financeiro maioritario, e nun 25% (36 cooperativas) é superior ao 80,93% dos recursos utilizados. En consecuencia, o grao de endebedamento das cooperativas agrarias non é tan elevado como puidera desprenderse da consideración única dos ditos valores medios.

A importancia do endebedamento pode ser mellor avaliada se se observan as ratios recollidas no cadro 25, onde os valores calculados sobre os importes agregados da clase se acompañan da distribución en cuartís dos correspondentes a cada unha das cooperativas.

O valor medio da ratio de endebedamento indica que a cooperativa media debe 1,60 euros por cada euro de financiamento con neto. A descomposición

desta ratio no endebedamento no curto e no longo prazo mostra a moi superior importancia relativa da débeda no curto. Esta situación é, en principio, máis arriscada que a derivada do predominio do longo prazo, debido a que á dependencia do capital súmase a prema dos vencementos próximos.

Porén, as cooperativas situadas no primeiro⁵⁷ e no segundo cuartil da distribución da ratio de endebedamento presentan unha situación moito máis equilibrada que a comentada, financiándose en maior medida con neto que con débeda⁵⁸. A situación de menor estabilidade correspondería ás 37 empresas do último cuartil, onde o financiamento con débeda varía entre o 74% dos activos e o 99,47%. Nesta situación de maior risco atópanse 20 das 44 que posúen activos por riba do millón de euros, e tres das once con activos superiores aos dez millóns de euros.

Cadro 25.- Ratios de endebedamento nas cooperativas agrarias

	VALOR MEDIO	MÍNIMO	CUARTIL 1	MEDIANA	CUARTIL 3	MÁXIMO
Endebemento	1,60	-11,05	0,18	0,79	1,83	189,15
Endebed. no curto prazo	1,18	-11,05	0,12	0,50	1,52	23,73
Endebed. no longo prazo	0,42	-9,53	0,00	0,05	0,37	188,52

FONTE: Elaboración propia.

A situación mostrada pola ratio e a súa distribución denota unha diminución na autonomía financeira das cooperativas agrarias. No *Informe 2007*, o valor medio era de 1,39, mentres que as posicións de maior endebedamento corresponderían, utilizando como valor de referencia o valor límite do terceiro cuartil na distribución actual (1,83), a 33 cooperativas. Unha análise particularizada das empresas máis endebedadas xa no 2007 tamén revela un crecemento notábel da importancia relativa dos seus acredores na estrutura financeira.

Segue tamén a ser destacábel o reducido valor da ratio de endebedamento no longo prazo. Porén, con respecto aos resultados recollidos nos *Informes* anteriores, esta ratio ten experimentado un pequeno incremento (pasando de 0,37 no 2007 a 0,42). Aínda así, a utilización de débeda a máis dun ano para o financiamento da cooperativa non é unha práctica común⁵⁹, e o seu importe é

⁵⁷ Habería que excluír sete cooperativas para as que a ratio presenta valores negativos, derivados dun patrimonio tamén negativo ao terse consumido pola existencia de perdas. O activo nestas cooperativas non é suficiente para o pagamento das débedas, o que as sitúa nunha posición teórica de extrema inestabilidade financeira.

⁵⁸ Polo tanto, en 74 empresas a ratio sería igual ou inferior á unidade, o que indica unha maior autonomía financeira da reflectida no valor medio.

⁵⁹ 48 das cooperativas (un 32,65% das analizadas) non fan uso deste recurso.

moito menor que o correspondente ao das débedas no curto prazo debido, posibelmente, a que só as empresas máis grandes atopan facilidades no acceso a ese tipo de financiamento⁶⁰.

Polo que respecta á composición da débeda no curto prazo, destacan as obrigas con empresas do grupo e con socios⁶¹ que para o conxunto representan o 54,03% do pasivo circulante, seguidas en importancia polos acredores de tipo comercial ⁶²(31,42%) e as de carácter financeiro (13,37%). Esta repartición favorece a estabilidade do financiamento, considerando que, posibelmente, a débeda cos socios ten un menor custo e unhas condicións menos urxentes en canto ao prazo de reembolso⁶³.

A composición do patrimonio neto da cooperativa media pode ser observada na gráfica 16. Destaca a importancia do capital e as reservas da cooperativa que conxuntamente representan o 34,61% do total do pasivo e o 89,88 % do non esixíbel. O importe que por termo medio alcanza o financiamento a través deste tipo de recursos (1.376.759,91 euros) é superior ao correspondente ao exercicio 2007 (862.073,18 euros).

Sobre estas dúas partidas cómpre sinalar a modificación que se produce entre a súa respectiva importancia –tanto en valores absolutos coma relativos– con respecto ao recollido no *Informe 2007*. No exercicio 2007, o capital –que experimentara un incremento notábel dende o 2005– era, por termo medio, a partida máis importante dos fondos propios da cooperativa, mentres que as reservas ocupaban a segunda posición⁶⁴. No 2010 a cifra de capital medio é de 419.790,68 euros, e a súa importancia relativa con respecto ao pasivo é dun 15,39%. As reservas, pola contra, increméntanse até alcanzar a cifra media de 528.766,95 euros, e o seu peso no financiamento total pasa do 10,89% ao 19,43%. En valor absoluto o capital redúcese nun 30,86%, mentres que as re-

⁶⁰ O uso de débeda no longo prazo é máis frecuente a medida que se incrementa o tamaño da cooperativa, pero é raro atopar casos onde iguale ou supere a cifra de débeda no curto. Nesa posición están unicamente 22 cooperativas (trece das que presentan un activo superior ao millón de euros).

⁶¹ O detalle do balance non permite diferenciar entre as débedas con particulares e con empresas.

⁶² Unha parte destas débedas podería corresponder, así mesmo, a operacións de adquisicións a socios, pero a información dispoñible non permite coñecer este dato.

⁶³ Tamén a importancia da débeda comercial é beneficiosa, en tanto que, ademais do custo reducido que presenta habitualmente, este tipo de débeda ten, aínda que no curto prazo pola súa vinculación ao ciclo de explotación, un carácter permanente que a fai equiparábel aos recursos no longo prazo.


⁶⁴ A cifra media de capital (607.122,21 euros) representaba o 61,99% dos recursos propios e o 25,94% do pasivo total; e as reservas, cun valor medio de 254.950,97 euros, o 26,03% e o 10,89%, respectivamente.

servas se incrementan nun 107,4%. A explicación destas variacións atópase nas importantes reducións da cifra de capital que algunhas cooperativas –moitas delas do Grupo Coren– realizaron entre os exercicios 2007 e 2009, e que foron compensadas por outras achegas dos socios aos recursos propios⁶⁵.

Por outra banda, as cifras medias distan de ser alcanzadas por unha parte importante das cooperativas. Aínda que en 74 o peso do capital no financiamento acada valores porcentuais iguais ou superiores ao da media, só 27 presentan una cifra de capital igual ou superior ao valor medio.

Con todo, o número de cooperativas nas que os socios limitan a súa achega ao capital ao mínimo legal diminuíu. No 2010, só trece cooperativas (un 8,78%) están nesta situación, mentres que a porcentaxe superaba o 25% tanto no 2005 coma no 2007.

Gráfica 16.- Composición dos fondos propios nas cooperativas agrarias



FONTE: Elaboración propia.

Esta maior contribución non se reflicte nos resultados da análise do importe do capital desembolsado medio por socio (cadro 26). A redución da cifra de capital media determina a relativa á cifra do capital medio por socio (pá-

⁶⁵ A cifra de reservas que se utiliza neste estudo resulta da agregación das reservas propia-mente ditas, dos resultados de exercicios anteriores e doutros compoñentes dos recursos propios, como os fondos capitalizados ou as outras achegas dos socios.

sase de 4.520,29 euros no 2007 a 2.553,12 euros neste exercicio) e, aínda que se incrementa o valor da mediana da distribución, segue a sinalar unha escasa implicación do socio no financiamento, por canto indica que nun 50% das cooperativas a achega individual do socio está por baixo de 706,9 euros.

Cadro 26.- Capital e recursos propios por socio

	MEDIA	MÍNIMO	CUARTIL 1	MEDIANA	CUARTIL 3	MÁXIMO
Capital por socio	2.553,12	10,50	263,50	706,90	3.600,00	405.683,17
Patrimonio neto por socio	6.441,87	-167.237,24	1.161,96	3.882,49	9.531,42	333.903,06

FONTE: Elaboración propia.

No que se refire ao patrimonio neto por socio, aínda contando co incremento das reservas comentado máis atrás, obsérvase unha redución do valor medio (7.292,26 euros no 2007). Neste sentido é necesario completar os datos ofrecidos sobre as reservas cooperativas, indicando que estes fondos, con orixe no resultado acadado nos exercicios precedentes e non distribuído entre os socios, son polo xeral de pequena contía como consecuencia do normalmente escaso de tales resultados. Así, nun 50% das cooperativas son inferiores a 26.981,62 euros no 2010, cifra aínda máis baixa que a recollida no *Informe 2007* (40.812,6 euros).

Por outra banda, as subvencións en capital, que tamén se integran no patrimonio, representan neste exercicio un 3,57% con respecto ao total de recursos. Tanto en valor absoluto como en importancia relativa aparentan ter diminuído a súa importancia como fonte de financiamento da cooperativa. A cifra media (97.919,88 euros) non é superada máis que por 32 cooperativas, aínda que 83 contan con subvencións de cando menos un 1% do total dos recursos e nun 25% dos casos acadan unha importancia no conxunto dos recursos superior ao 11,53%.

Así pois, as diminucións dende o 2007 e o reducido das reservas, das subvencións e, así mesmo, do resultado do exercicio explican o menor importe medio do patrimonio por socio.

Con este nivel de esforzo do socio unicamente as cooperativas con base social elevada son susceptíbeis de afrontar investimentos de importancia⁶⁶. Se se ten en conta o xa comentado con respecto ao reducido do número de socios


⁶⁶ A análise das achegas dos socios para as cooperativas de maior tamaño mostra que unicamente cando o número de socios é elevado (superior a 400) os seus importes están próximos á media. Noutros casos a consecución desa dimensión require dun maior esforzo, que se sitúa sempre por riba dos 18.000 euros e até os 333.903,06 euros.

(un 75,65% das cooperativas por baixo da cifra de 7,6 socios), pode reiterarse unha vez máis a necesidade da promoción de movementos integradores como unha vía para resolver os problemas de falta de recursos que impiden o crecemento de moitas das cooperativas de pequeno tamaño.

2.1.1.3. Equilibrio financeiro

A figura 1 trata de representar a relación existente entre as fontes de financiamento utilizadas pola cooperativas e os investimentos realizados, co fin de reflectir a adecuación entre unhas e outras, é dicir, a existencia dunha adecuada correlación patrimonial.

Figura 1.- Equilibrio financeiro nas cooperativas agrarias



FONTE: Elaboración propia.

Pode observarse, considerando os valores medios, que os recursos propios e os alleos no longo prazo son máis que suficientes para a cobertura dos investimentos de carácter fixo. Compróbase o cumprimento do principio básico, segundo o cal a correlación entre recursos financeiros e investimentos ten que ser establecida en función dos prazos de esixibilidade e de conversión en liquidez dun e doutros, evitando que a necesidade de facerlles fronte aos pagamentos por vencemento antes de que se xeren as dispoñibilidades sitúe a empresa nun risco de afogo financeiro.

A existencia de equilibrio ponse de manifesto, cando menos inicialmente, coa presenza dun fondo de rotación positivo, é dicir, o activo circulante é superior ás débedas no curto prazo. Coas dispoñibilidades que se xerarán en menos dun ano, transformando en efectivo as existencias a través da súa venda e os debedores mediante o cobramento, será suficiente para atender os com-

promisos no curto, e aínda existe unha marxe de seguridade que cobre a existencia de posíbeis riscos derivados da non venda ou de problemas co cobramento.

O fondo de rotación medio acada un valor de 263.064,22 euros e representa un 17,47% do investimento en activos no curto prazo. Con respecto ao valor medio correspondente ao 2007 (385.645,75 euros), o fondo de rotación sufriu un considerábel descenso, é dicir, a posición financeira da cooperativa agraria aparenta ter agora un maior nivel de risco. Ao considerar a distribución en cuartís (cadro 27), obsérvase que, ademais, os importes do fondo de rotación son inferiores á media para máis do 75% dos casos, e ao comparar as cifras que marcan o límite da mediana e do primeiro cuartil coas correspondentes ao 2007 confirmase, aínda que as diferenzas son moito menos importantes que as que se refiren ao valor medio, o signo negativo da evolución: un 50% das cooperativas presenta cifras inferiores a 34.153,29 euros (37.055,67 euros no 2007) e nun 25% a marxe de seguridade que representa cae por baixo de 1.603,79 euros⁶⁷, pouco máis da metade do valor correspondente (3.005,73 euros) no 2007.

Cadro 27.- Fondo de rotación nas cooperativas agrarias

	MEDIA	MÍNIMO	CUARTIL 1	MEDIANA	CUARTIL 3	MÁXIMO
Fondo de rotación	263.064,22	-6.369.000	1.603,79	34.153,29	208.741,56	10.639.000

FONTE: Elaboración propia.

O importe do fondo de rotación en valor absoluto presenta valores máis elevados nas empresas de maior tamaño, pero non por iso pode concluírse que a situación financeira é máis desafoxada nese grupo no que, por outra banda, tamén figuran as cooperativas co maior importe de fondo de rotación negativo. Igualmente, o reducido do fondo de rotación nas empresas máis pequenas non implica unha situación perigosa, nin o feito de que en máis do 75% das cooperativas de tamaño inferior a 300.000 euros de activo este indicador sexa positivo garante a inexistencia de problemas financeiros neste outro grupo. A contía do fondo de rotación e o seu signo proporcionan unicamente unha primeira aproximación, que só atopa confirmación unha vez que se coñecen as necesidades de financiamento do ciclo de explotación da cooperativa, variábel que é función da natureza e nivel da actividade, na medida en que tales factores determinan o tipo de investimentos circulantes e o seu importe necesario para o desenvolvemento da actividade. Neste sentido, o

⁶⁷ 36 cooperativas (un 24,32%) presentan fondo de rotación negativo, é dicir, o activo susceptible de converterse en liquidez en menos dun ano é inferior ás débedas con vencemento no mesmo período.

predominio das actividades de intermediación ou de comercialización, o reducido das cifras de existencias en moitas das cooperativas de transformación e a importancia dos recursos líquidos comentada ao analizar a composición dos investimentos non parecen sinalar altas necesidades de financiamento da actividade, o que implica que posibelmente a escaseza de fondo de rotación que se comenta non represente dificultades financeiras nunha maioría dos casos.

2.1.1.4. Capacidade de pagamento. Solvencia e liquidez

Para rematar co estudo da situación financeira, calcúlanse as ratios indicativas da capacidade de pagamento no curto prazo, concretamente as ratios de solvencia, de liquidez e de tesourería, a partir dos valores medios das cooperativas. No cadro 28 móstranse os resultados do cálculo xunto coa súa distribución en cuartís.

Cadro 28.- Ratios de capacidade de pagamento no curto prazo das cooperativas agrarias

	MEDIA	MÍNIMO	CUARTIL 1	MEDIANA	CUARTIL 3	MÁXIMO
Solvencia	1,21	0,09	0,99	1,64	3,87	744,46
Liquidez no curto prazo	1,03	0,01	0,73	1,23	3,02	744,46
Tesourería	0,12	0,00	0,06	0,31	1,12	715,91

FONTE: Elaboración propia.

A ratio de solvencia pon en relación os elementos constitutivos do fondo de rotación, activo e pasivo circulante, ofrecendo unha medida que permite unha maior comparabilidade dos distintos casos. O valor que alcanza indica tamén a escaseza da marxe de seguridade da cooperativa media: por cada euro que ten que reintegrarilles no curto prazo aos seus acredores, contará no mesmo período con 1,21 euros, sumando o efectivo xa existente e o que pode obter a través das vendas e do cobramento aos debedores. Tanto este valor como os restantes que se poden observar na distribución indican unha diminución da capacidade de pagamento con respecto ao 2007⁶⁸. Con todo, hai que destacar a diversidade de situacións que se reflicten nesa distribución, dende o 25% das cooperativas nas que as débedas no curto non poderían ser cubertas coa liquidación dos activos no curto prazo até outro 25% das cooperativas no que a ratio alcanza valores superiores a 3,87, valores que son indicativos dun alto grao de seguridade pero que tamén poderían apuntar cara a unha infrutilización dos recursos da cooperativa.

⁶⁸ Nese ano o valor medio da ratio de solvencia era 1,38, e a mediana 1,72.

A capacidade de pagamento non só depende da contía da ratio de solven- cia, senón tamén da súa calidade, que é maior canto máis líquidos son os activos no curto prazo. Así, como xa se comentou no apartado anterior en relación co fondo de rotación, a composición do activo no curto é importante, xa que pode condicionar o xuízo sobre o valor da ratio. Unha medida do efecto desa composición sobre a capacidade de pagamento proporció- nola a ratio de liquidez, que relaciona a contía de débeda no curto prazo co importe do activo circulante que resulta de excluír as existencias. Dado o es- caso peso das existencias en moitas das cooperativas analizadas, a ratio presenta valores que, a pesar de que son inferiores aos recollidos no *Informe 2007*, poden ser considerados elevados, indicando para a maioría dos ca- sos que, mesmo sen vender, co produto do cobramento aos debedores e co lí- quido existente podería asumirse o pagamento do total de débeda circulan- te.

Unha última ratio toma en consideración a posibilidade de afrontar paga- mentos facendo uso exclusivo dos recursos dispoñíbeis e dos investimentos de carácter financeiro, considerando que estes últimos poderían ser transforma- dos en liquidez, en caso necesario, dunha forma rápida. Os valores alcanzados mostran unha posición máis desafogada da que existía no 2007 para un 50% das cooperativas (0,31), aínda que o valor medio se reduciu até 0,12. Atópase de novo unha gran diversidade de valores, dos que podían ser considerados perigosos os correspondentes ás cooperativas incluídas no primeiro cuartil, inferiores a 0,06.

2.1.2. ANÁLISE DOS RESULTADOS

Recóllese, a continuación, a análise da xeración de resultados nas coopera- tivas agrarias realizada a partir da consideración dos valores medios dos dife- rentes conceptos de ingresos, gastos e marxes incluídos na conta de resulta- dos, así como da súa importancia en relación coa actividade da cooperativa, medida polos ingresos de explotación (cadro 29).


Os ingresos medios recollidos no cadro 29 (5.713.098,65 euros) están, co- mo xa se sinalou, moi influídos polos correspondentes ás cooperativas maiores da clase. Na gráfica 17, na que se recolle o resultado de clasificar as coopera- tivas en intervalos definidos en función dos ingresos realizados, obsérvase que no primeiro intervalo se agrupan un 46,62% dos casos (69 cooperativas) cu- xos ingresos da explotación están por baixo dos 300.000 euros, mentres que ao último lle corresponden unicamente oito cooperativas (5,41% do total) que superan a cifra de vinte millóns de euros e que, en conxunto, obteñen o 66% dos ingresos totais da clase.

Cadro 29.- Conta de resultados nas cooperativas agrarias

	VALOR MEDIO (en euros)	% INGRESOS EXPLOTACIÓN
Ingresos de explotación	5.713.098,65	100,00
Importe neto da cifra de negocios	5.648.147,11	98,86
Consumos de explotación	-5.202.290,63	-91,06
Outros gastos de explotación	- 210.690,72	-3,69
Valor engadido	300.117,30	5,25
Gastos de persoal	-183.818,83	-3,22
Dotacións para amortización de inmovilizado	-94.111,51	-1,65
Outros resultados	26.155,30	0,46
Resultado de explotación	48.342,26	0,85
Ingresos financeiros	23.921,76	0,42
Gastos financeiros	-60.592,46	-1,06
Resultado financeiro	-471,56	-0,01
Resultado antes de impostos	11.200,00	0,20
Imposto sobre sociedades	-9.883,53	-0,17
Resultado do exercicio	9.400,51	0,16
Ingresos imputábeis ao fondo de educación formación e promoción		0,00
Xuros das achegas ao capital social e outros fondos	-12,06	0,00
Dotación ao fondo de educación, formación e promoción	-977,06	-0,02
Excedente da cooperativa	8.411,39	0,15

FONTE: Elaboración propia.

Gráfica 17.- Distribución das cooperativas agrarias por ingresos de explotación



FONTE: Elaboración propia.

Comparativamente, con respecto ao exercicio 2007, obsérvase que, aínda que non en moita contía (un 1,4%), a cifra media de ingresos se incrementa⁶⁹. A análise da distribución en intervalos (gráfica 17) permite considerar tamén que se produce una melloría, posto que o segmento correspondente ás cooperativas con ingresos menores diminúe en importancia dentro do conxunto. No 2010 un 53,06% das cooperativas obtén ingresos superiores aos 300.000 euros, mentres que no 2007 eran o 49,07% as que superaban esa cifra. Tamén no exercicio 2007 un 17,39% das cooperativas pertencía ao grupo con ingresos superiores aos cinco millóns de euros, e nesta ocasión son o 19,02% do total da mostra. Porén, redúcese lixeiramente a porcentaxe de empresas no último dos intervalos. Así, no 2007 había un caso máis (nove) que superaba os vinte millóns de euros⁷⁰. Ademais, obsérvase que algunha das empresas que compoñen este grupo teñen sufrido un descenso da cifra de vendas⁷¹.

Con todo, tendo en conta os datos recollidos nas estatísticas elaboradas polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social⁷², os ingresos medios obtidos polas cooperativas agrarias galegas seguen a presentar un importe moito máis elevado que o que corresponde aos obtidos no conxunto do Estado polas empresas cooperativas do sector: 3.633.604,8 euros segundo o citado informe, cifra que, ademais, se reduce con respecto á que se recollía na mesma fonte no *Informe 2007*.

No que se refire á composición dos ingresos, o importe neto da cifra de negocios, ou ingresos procedentes da actividade principal da cooperativa, constitúen a fonte principal (98,86%). Un pequeno resto (1,16%), polo tanto, representa a porcentaxe dos ingresos da cooperativa media que proceden de actividades secundarias, de axudas ou subvencións á explotación ou de ingresos procedentes da entrega de bens ou da prestación de servizos non relacionados coa actividade normal da cooperativa aos seus socios⁷³. A partir da información dispoñíbel, unicamente se poden discriminar os importes correspondentes aos ingresos por operacións con socios, unha cifra menor se se

⁶⁹ Moi por baixo do incremento observado entre o 2005 e o 2007 (25,51%).

⁷⁰ As nove cooperativas están incluídas na mostra actual.

⁷¹ Nun dos casos en máis da metade dos ingresos do 2007.

⁷² Ministerio de Emprego e Seguridade Social: *Las cuentas económicas de la economía social*. http://www.empleo.gob.es/es/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/economiasocial/estadisticas/DatosFiscales/2009/Clase.pdf

⁷³ Na normativa contábel non se esixe a diferenciación na conta de resultados dos ingresos procedentes da actividade ordinaria entre aqueles procedentes de operacións con socios e terceiros e, polo tanto, non é posíbel coñecer o importe dos ingresos procedentes de operacións que, posibelmente, sexan considerábeis nas cooperativas dedicadas á venda de insumos ou á prestación de servizos ás explotacións dos socios.

atende á súa importancia con respecto ao total deses ingresos accesorios (9,21%). O resto dos outros ingresos posibelmente corresponda a subvencións á explotación que, aínda que presentes⁷⁴ en 101 das 148 cooperativas agrarias, virían a representar por termo medio un 1,15% dos ingresos de explotación totais, e unicamente resultarían significativos para as 24 cooperativas (16,22%) que recibirían axudas por importes superiores ao 10% do total de ingresos.

Os consumos de explotación⁷⁵ son o principal compoñente do gasto da cooperativa agraria, cunha importancia (un 91,06%) similar á comentada en anteriores *Informes*, que sinala o predominio das actividades puramente comerciais. Os restantes gastos de explotación, reflexo dos servizos adquiridos pola cooperativa, representan neste exercicio un 3,69%.

O valor engadido medio resultante da diferenza entre os ingresos de explotación e os gastos derivados do consumo de bens e servizos adquiridos alcanza a cifra de 300.117,3 euros, que representa un 5,25% dos ingresos da cooperativa. Na interpretación deste reducido peso cómpre ter en conta, en primeiro lugar, que o obxectivo prioritario da cooperativa, a diferenza doutras figuras empresariais, non é a maximización do valor creado, senón a satisfacción das necesidades dos socios, o que trae como consecuencia ben a realización das operacións de venda ou a prestación de servizos a estes a prezos inferiores aos de mercado, é dicir, unha diminución dos ingresos susceptíbeis de obtención, ou ben, cando a actividade consiste na comercialización dos produtos subministrados polos socios, a valoración das adquisicións a eles realizadas a prezos superiores, o que suporía un incremento dos consumos, repercutindo ambas as dúas actuacións, polo tanto, nun menor valor engadido xerado.

En segundo lugar, temos que considerar a heteroxeneidade nas cifras que existe entre as cooperativas da mostra, que é elevada, como se pode ver na gráfica 18, na que se recolle a distribución das cooperativas por intervalos de valor engadido.


De novo, a maior parte das cooperativas concéntrase no primeiro dos intervalos, que agrupa un 42,57% de cooperativas con valores engadidos inferiores a 30.000 euros. Un número similar (o 41,9%) obtén, por outro lado, valores superiores aos 100.000 euros, e no último dos intervalos figuran as oito cooperativas que xeran valor por riba do millón de euros. Se se comparan estes

⁷⁴ De ser certa a suposición relativa á orixe destes "outros ingresos".

⁷⁵ Na cifra do consumo inclúese a contía correspondente ás adquisicións realizadas aos socios, un importe medio por cooperativa de 293.616,91 euros.

datos cos recollidos en *Informes* anteriores, obsérvase un crecemento do valor engadido que, ao igual que sucedía con respecto ás demais distribucións analizadas, ten maior importancia nos intervalos inferiores. Así, no 2007 eran 46 (un 58% das cooperativas) as que non alcanzaban a cifra de 30.000 euros, e un 34,78% as que superaban o millón de euros. Porén, no último dos intervalos parece tamén reproducirse o comentado anteriormente para a os activos ou a cifra de negocios e, neste caso, con maior intensidade: mentres que no 2007 eran un 7,45% (doce) as cooperativas que xeraban valor engadido por riba do millón de euros, a porcentaxe redúcese agora ao 5,41% (oito cooperativas) e, ademais, a achega dese intervalo ao valor engadido da clase redúcese dun 60,56% a un 54,88%.

Gráfica 18.- Distribución por valor engadido nas cooperativas agrarias



FONTE: Elaboración propia.

Con todo, para valorar a importancia do valor engadido e a súa variación, tamén cómpre ter en conta os datos relativos á importancia que representa sobre a cifra de ingresos. Neste sentido, o peso medio acadado neste ano (5,25%), lixeiramente superior ao correspondente ao 2007 (4,71%), é superado por un 68,9% das cooperativas da clase, un 50% das cales obtén taxas superiores ao 9,22%, e un 25% ao 20,89%, datos que indican, así mesmo, unha redución⁷⁶ desta marxe de carácter xeral. As maiores taxas seguen a corresponder ás cooperativas nas que o investimento en activos fixos é importante, denotando a realización de actividades de transformación. Nas cooperativas

⁷⁶ No 2007 os puntos de corte eran o 10,32% e o 31,57%.

máis grandes do sector as porcentaxes sitúanse próximas ao valor medio, en moitos casos por baixo deste⁷⁷, mentres que as taxas máis altas corresponden a empresas de pequena dimensión⁷⁸.

Por último, en relación coa importancia do valor engadido xerado pola cooperativa agraria galega, e aínda tendo en conta as diferenzas xa comentadas dentro da mostra, é preciso sinalar que tanto o seu importe como a porcentaxe que representa sobre os ingresos é inferior ao alcanzado polo conxunto de cooperativas agrarias do Estado: 378.434,75 euros e un 10,4%, respectivamente, tal e como se reflicte na citada estatística do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Cun valor medio de 183.818,83 euros, os gastos de persoal representan un peso relativo do 3,22% dos ingresos de explotación. As cifras medias derívanse de novo dun alto grao de variedade nas correspondentes ás distintas cooperativas. O gasto de persoal é moito menos importante nun 50% dos casos, onde non chega a alcanzar os 33.237,58 euros, é máis, 39 das 148 cooperativas (un 26,35%) non incorren en gastos de persoal, é dicir, non teñen traballadores. Aínda que a importancia dos gastos de persoal sobre a cifra de ingresos se incrementou con respecto ao 2007 (2,59%), son agora menos os casos nas que esa importancia é superior á da cooperativa media (un 59,46%, fronte a un 61,49%). Por outro lado, seguen existindo un 25% de cooperativas nas que os gastos presentan unha maior significación, superior agora ao 14,54%.

A importancia dos gastos de persoal tamén pode ser valorada a través da súa relación co valor engadido xerado. Neste sentido, na cooperativa media galega o gasto de persoal representa un 61,25% do valor, porcentaxe superior ao recollido no *Informe 2007* (55,01%), e aínda inferior, pero máis próximo, ao reflectido na estatística do Ministerio de Emprego e Seguridade Social (71%)⁷⁹ para a cooperativa media española. Porén, esta evolución non pode ser considerada positiva porque, aínda que implica unha maior participación do factor traballo na repartición do valor engadido, tamén significa unha redución na produtividade de persoal medida a través da ratio “valor engadido/gastos de persoal”, que ve diminuído o seu valor, pasando do 181,76% no 2007 ao 163,27%

⁷⁷ Algunhas destas grandes cooperativas pertencen ao grupo, xa comentado anteriormente, das que viron reducido en forma importante o valor engadido que obtiñan no 2007, presentando naquel ano taxas superiores á media.

⁷⁸ No grupo de cooperativas (vinte cooperativas) nas que o peso relativo do valor engadido sobre a cifra de ingresos é superior ao 40%, só dúas cooperativas superan o millón de euros de investimento, e só unha delas o millón de euros de cifra de ingresos.

⁷⁹ Un 71,3% no 2006.

actual, aproximándose, como xa se indicou anteriormente, ao obtido a nivel estatal (140,94%)⁸⁰. Cómpre sinalar, ademais, que nun 50% das cooperativas o valor da ratio é inferior ao 131,07%.

As dotacións para amortización de inmovilizado representan de media un 1,65% dos ingresos de explotación, un valor reducido que se xustifica na escasa contía dos investimentos en inmovilizado depreciábel⁸¹. O gasto presenta porcentaxes de maior significación (superiores ao 20,21%) nun 25% das cooperativas, en xeral de tamaño pequeno e cun activo no que predomina o activo fixo.

Para a determinación do resultado da explotación considéranse, xunto cos ingresos e cos gastos máis típicos xa mencionados, as ganancias e as perdas derivadas de operacións de venda dos inmovilizados, as subvencións traspasadas ao resultado do exercicio e outros ingresos e gastos de natureza allea á actividade e que non resultan habituais. Os importes correspondentes a todos estes conceptos figuran recollidos no cadro 30 agrupados no epígrafe “outros resultados” cuxo valor (26.155,3) e peso relativo (0,46%) apenas teñen significación para a cooperativa media.

O resultado de explotación alcanza, unha vez considerados os ingresos e os gastos mencionados, un valor medio de 48.342,26 euros, o que representa apenas un 0,85% dos ingresos de explotación. A mediana da distribución aínda reflicte unha menor xeración de resultados por canto o seu valor é de 1.407,3 euros e, en peso relativo, do 0,47%. Ademais, un 58,11% das cooperativas obtén perdas e unicamente vinte delas (un 13,51%), entre as que predominan as de pequeno tamaño en termos de ingresos, presentan un beneficio de explotación por riba do 10% dos ingresos. No que se refire ás grandes cooperativas as porcentaxes alcanzadas están polo xeral próximas á media, oscilando para maioría dos casos⁸² entre un -1% e un 2% da cifra de ingresos.

Os gastos financeiros ascenden por termo medio a 60.592,46 euros, e presentan un peso relativo tamén medio do 1,06%. Aínda que non son cifras importantes, cómpre destacar que resultan superiores ás correspondentes ao resultado de explotación que, polo tanto, non é na cooperativa media⁸³ dabon-

⁸⁰ Que, de todos modos, é superado por máis dun terzo das galegas.

⁸¹ No incremento do investimento en fixo xustifícase tamén o aumento da importancia relativa: do 1,35% no 2007 ao dato actual.

⁸² Só unha cooperativa do grupo das que obteñen ingresos superiores aos dez millóns de euros, e que tamén presentaba unha taxa superior de valor engadido e un dos maiores importes da ratio coa que se medía a produtividade do traballo, pertence ao grupo das que xeran resultados de explotación por riba do 10%.

⁸³ A insuficiencia do resultado reflectiríase tamén nos valores da mediana (2.158,01 euros).

do para lles dar cobertura a estes gastos. A importancia da cifra media é o resultado do grao de endebedamento que se comentou no estudo do financiamento, elevado en xeral pero con variacións relativas ao prazo e tamén á natureza da débeda entre as cooperativas. Esas variacións tradúcense, así mesmo, en diferenzas na contía do custo soportado como consecuencia do financiamento que para algunhas cooperativas representa un gasto moito máis elevado que o indicado polo valor medio⁸⁴. Por outra banda, estes gastos apenas son compensados polos ingresos derivados da actividade financeira da cooperativa que, cunha cifra media de 23.921 euros, só superan os 1.844,29 euros nun 25% das cooperativas. Os resultados financeiros son negativos ou inexistentes para un 75% dos casos

Desta forma, obsérvase como o resultado xerado pola actividade ordinaria, suma dos de explotación e financeiros, aínda que presenta unha cifra media de 11.200 euros é, para un 50% das cooperativas, inferior a 346 euros e negativo para un 46,62% delas.

En xeral, o reducido da cifra final e as condicións que inciden na súa formación reproducen as que se observaron en Informes anteriores. Aínda que a xeración dun resultado non é un obxectivo das cooperativas, e o socio xa terá obtido o seu produto como consecuencia do proceso de fixación de prezos, sen agardar polo retorno cooperativo ou polos réditos da súa achega, debe valorarse, ao xulgar esta evolución, a incapacidade que ocasionan os escasos resultados de incrementar o autofinanciamento da cooperativa ou de contribuír ao cumprimento de fins vinculados á dotación do fondo de educación e de promoción.

2.1.3. ANÁLISE DA RENDIBILIDADE

O carácter secundario do obxectivo de maximización do resultado fai que a rendibilidade real da cooperativa agraria sexa mellor medida tomando en consideración parámetros relativos á consecución de melloras económicas para a explotación individual dos socios ou para a súa calidade de vida⁸⁵, que a través da comparación dos excedentes da propia cooperativa cos recursos por ela utilizados. Porén, seguindo o camiño de anteriores Informes recóllense, a continuación, os cálculos dos principais indicadores de rendibilidade e a distribución en cuartís (cadro 30), por considerar que puideran ter utilidade para a realización de análises comparativas temporais ou, aínda limitadas pola falta

⁸⁴ Nun 12,8% dos casos os gastos financeiros están comprendidos entre 60.000 e 1.705.000 euros.

⁸⁵ Ofrecendo prezos ou servizos máis vantaxosos que os que eles poderían obter de forma directa.

de coincidencias na prelación de obxectivos, con outro tipo de entidades dedicadas á mesma actividade.

Cadro 30.- Ratios de rendibilidade nas cooperativas agrarias

	VALOR MEDIO	MÍNIMO	CUARTIL 1	MEDIANA	CUARTIL 3	MÁXIMO
Rendibilidade económica	1,65%	-34,52%	-6,89%	-0,94%	1,69%	20,89%
Rendibilidade financeira	0,80%	-327,66%	-4,43%	0,29%	3,78%	98,43%
Marxe de beneficios	0,79%	-445,10%	-9,64%	-0,69%	1,13%	18,94%
Rotación de activos	2,08	0,00	0,39	1,11	2,41	26,88
Rotación de activos fixos	4,63	0,00	0,63	2,64	7,72	533,63
Rotación de activo circul.	3,79	0,00	1,15	2,48	3,96	60,36

FONTE: Elaboración propia.

A rendibilidade económica ou dos activos totais da cooperativa agraria alcanza un valor medio no 2010 do 1,65%. Comparativamente co 2007, o valor da ratio indica unha caída da rendibilidade que xa era reducida naquel momento (2,69%). Analizando a distribución dos valores en cuartís, obsérvase igualmente un empeoramento da situación, con valores negativos para máis dun 50% das cooperativas⁸⁶. Neste exercicio unicamente 38 cooperativas (un 25,67%) presentan valores iguais ou superiores á media e só un 11,48% superan o valor de 4,49% que marcaba o límite do terceiro cuartil e que, polo tanto, era superado no 2007 por un 25% das cooperativas da mostra.

A explicación da caída da rendibilidade económica hai que buscala nas diferenzas nas ratios que miden a marxe de beneficios e nas rotacións dos activos empregados. Neste sentido, obsérvase que é máis pronunciada a caída da marxe de beneficios: dun 1,15% no 2007 ao 0,79% que presenta na actualidade como valor medio. Como pode apreciarse, o valor da marxe é negativo para a maioría dos casos e o límite do último cuartil é 1,13%, moi por baixo do 3,71% que marcaba o límite inferior no 2007 para unha cuarta parte das cooperativas. A rotación de activos, aínda que por termo medio é elevada, tamén presenta valores máis reducidos neste ano que no 2007, sobre todo para o 48% das cooperativas nas que a cifra de ingresos de explotación resulta inferior aos activos utilizados. En xeral, os valores indican que os ingresos das cooperativas

⁸⁶ Para os efectos comparativos cos datos do 2007, descóntase do resultado da explotación o efecto dos ingresos e dos gastos incluídos na partida "outros resultados" que, segundo a normativa en vigor no 2007, non formaban parte da determinación daquel. Como consecuencia do carácter positivo desa partida, a cifra resultante é menor que o propio resultado da explotación, que non era negativo para unha proporción tan alta de cooperativas, como indica esta ratio.

se incrementaron en menor proporción que os investimentos tanto en fixo como en circulante.

Polo que respecta á rendibilidade financeira, ou dos recursos achegados polos socios, calculada a partir do excedente final da cooperativa, é moi reducida en valor medio (0,8%) e máis aínda analizando os cuartís da distribución para máis do 50% dos casos. Estas cifras tamén indican un empeoramento da situación económica con respecto aos *Informes 2007 e 2005*.

Con todo, tamén como nos *Informes* anteriores, nun 45% das cooperativas xéranse rendibilidades financeiras máis elevadas que a media e, en moitos casos, dado o escaso da rendibilidade económica, superiores a ela, apuntando cara á existencia dun efecto positivo provocado pola débeda das cooperativas ou, máis concretamente, polo feito de que o seu custo é inferior á rendibilidade económica, posibilidade que non parece remota posto que, aínda coas baixas cotas alcanzadas polo rendemento do investimento, o custo da débeda⁸⁷ para unha parte importante das cooperativas (un 52,70%) e de cero ou non supera o 1%.

2.2. ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCIERA DAS COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO

Nesta ocasión, son 171 as cooperativas de traballo asociado para as que se dispón de información, que representan un 36,46% do conxunto das 469 activas nesa clase. Entre elas, 81 –o grupo máis numeroso– desenvolve a súa actividade no sector terciario, 77 no sector secundario e 13 pertencen ao sector primario.

En conxunto, a cifra de investimentos destas 171 cooperativas ascende a 64.775.845,49 euros, do que resulta un valor medio de 378.806,1 euros indicativo por si da pequena dimensión que por regra xeral presentan as cooperativas desta clase. Esta conclusión refórzase a través da observación da distribución en cuartís que se recolle no cadro 31, e no que se pode apreciar que o tamaño medio é superior ao correspondente a máis do 75% da mostra analizada. Con respecto ao recollido no *Informe 2007*, advírtese que o volume medio de investimentos das cooperativas desta clase apenas experimentou variación⁸⁸.

⁸⁷ Aproximación calculada polo procedemento de dividir o importe de gastos financeiros entre os correspondentes ao total de recursos alleos.

⁸⁸ Por termo medio a cifra de activos incrementouse en 2.771,50 euros, que representa un 0,74%, e que parece provir fundamentalmente dos investimentos das cooperativas de menor tamaño. Véxase máis adiante (apartados 2.2.1.1 e 2.2.2) o estudo da distribución das cooperativas por tamaño.

O sector secundario e no que se atopan as cooperativas de maior tamaño⁸⁹ e, en particular, como xa sucedía nos anteriores *Informes*, unha cooperativa cuxa cifra de investimentos, moito máis elevada que a das demais, altera de forma importante a cifra de activo medio⁹⁰. Nos sectores primario e terciario tamén se aprecian fortes diferenzas na cifra de investimentos. En cada un destes sectores só tres cooperativas superan o millón de euros de activo total.

Cadro 31.- Tamaño das cooperativas de traballo asociado

	VALOR MEDIO	MÍNIMO	CUARTIL 1	MEDIANA	CUARTIL 3	MÁXIMO
Activo	378.806,11	5.409,43	48.086,03	111.691,31	295.866,77	11.350.948,87
Primario	480.543,4	7.851,08	49.708,80	220.781,91	394.919,58	1.874.353,15
Secundario	512.711,81	6.786,98	51.379,95	123.793,94	286.732,14	11.350.948,87
Terciario	235.184,84	5.409,43	42.690,68	96.416,63	245.950,12	2.574.235,94
Ingr. explot.	489.607,2	305,00	68.411,64	182.462,50	423.549,75	15.332.321,60
Primario	166.873,56	305,00	32.900,30	73.020,21	348.865,64	529.216,90
Secundario	713.154,07	1.908,19	97.703,77	194.397,23	485.708,10	15.332.321,60
Terciario	330.367,87	3.250,00	55.773,19	172.001,00	407.322,97	2.272.799,53
Nº traballad.	12,1	1,0	5,2	8,0	13,0	229,0
Primario	7,3	2,0	5,0	7,0	8,9	14,0
Secundario	15,6	3,0	6,0	8,7	16,0	229,0
Terciario	9,6	1,0	4,0	7,0	12,0	47,0

FONTE: Elaboración propia.

Considerando como medida do tamaño os ingresos de explotación, tamén se atopa unha ampla variabilidade. En particular, o importe correspondente ao sector primario é moi reducido, apreciándose que só unha das cooperativas deste sector supera o valor medio da clase. De novo, é o sector secundario o que presenta unha cifra máis elevada que, á súa vez, se ve influída pola correspondente ás cooperativas de maior activo xa mencionadas, que tamén están moi por riba do resto das cooperativas da clase⁹¹ polo que respecta á cifra de negocios.

A evolución da cifra media de ingresos con respecto ao 2007 é negativa, coa única excepción da correspondente ao sector secundario, que se incrementa nun 4,9%. Os ingresos do sector primario son os que experimentaron o maior descenso, cun 65,28%, mentres que as cooperativas do sector terciario viron reducido este indicador nun 14,71%.

⁸⁹ Pertencen a este grupo as tres cooperativas máis grandes da clase.

⁹⁰ A cifra de activos desta cooperativa representa o 28,75% do total do sector secundario.

⁹¹ Con cifras de negocio superiores aos catro millóns de euros. Particularmente, a xa citada de maior activo do sector achega un 27,92% dos ingresos do sector.

Polo que se refire ao emprego, as cooperativas de traballo asociado ocupan un total de 2.077 traballadores, unha media, polo tanto, de 12,1 por cooperativa. De novo, o sector secundario, cun valor medio de 15,6, ten unha importancia superior que, ademais do efecto derivado da presenza da cooperativa maior do sector⁹², se ve influída polas cooperativas do subsector téxtil que, a pesar do seu pequeno tamaño, presentan cifras de emprego superiores á media das de traballo asociado⁹³ en máis do 50% dos casos.

Como xa se destacaba no *Informe 2007*, nesta clase un grupo moi reducido de cooperativas concentran a maior parte do investimento, dos ingresos, do valor engadido e dos traballadores da clase. Na mostra actual, cinco cooperativas –que son as que contan á vez cun activo superior ao millón de euros e cunha cifra de negocios maior dos dous millóns de euros– representan o 42,29% do activo total das cooperativas de traballo asociado, un 38,30% das vendas, un 34,89% do valor engadido do total da clase e un 13,2% dos traballadores. Catro destas cooperativas desenvolven a súa actividade na industria ou na construción, e representan o 38,29% dos investimentos do conxunto do sector secundario, o 35,59% da cifra neta de negocios, o 33,71% do valor engadido e o 12,6% dos traballadores ocupados neste sector. Igualmente, reitérase a observación relativa ao escaso tamaño das restantes cooperativas, que na maioría dos casos non chegan a alcanzar os 110.000 euros para os activos ou os 200.000 euros para os ingresos de explotación.

2.2.1. ANÁLISE DA SITUACIÓN FINANCEIRA

En similares termos que para as cooperativas agrarias, analizamos a composición do patrimonio nas cooperativas de traballo asociado, diferenciando en cadanseus apartados o estudo dos investimentos ou da estrutura económica da cooperativa, o correspondente á estrutura financeira ou ás fontes de financiamento, o relativo á existencia de equilibrio financeiro e, finalmente, o exame da capacidade de pagamento.

2.2.1.1. Investimentos


O pequeno tamaño das cooperativas reflectido na cifra media correspondente aos activos desta clase (378.806,11 euros), que xa se comentou no apartado anterior, confírmase cando se analiza a gráfica 19, na que se recolle unha clasificación das cooperativas de traballo asociado por intervalos

⁹² Que tamén é a que ten un maior número de traballadores, tanto con respecto ao sector como á clase de traballo asociado.

⁹³ Once cooperativas (un 40,74%) empregan máis de quince traballadores, superando tamén a media do sector secundario.

de volume de activo e diferenciando os tres sectores nos que se divide a clase. Nesa gráfica 19 pode apreciarse que, ao igual que sucedía no 2007, os dous primeiros intervalos agrupan a meirande parte das cooperativas: un 75,5%⁹⁴.

Gráfica 19.- Distribución das cooperativas de traballo asociado por volume de activo



FONTE: Elaboración propia.

No conxunto da clase unicamente once cooperativas superan o millón de euros de activo total; delas, tres pertencen ao sector primario, cinco ao secundario –no que, como xa se indicou, se integran as cooperativas de maior tamaño da clase– e tres ao sector terciario.

Con respecto ao 2007, e aínda que, evidentemente, os intervalos da distribución se ven afectados polas diferenzas na composición da mostra, os datos parecen apuntar a unha redución da importancia dos investimentos, particularmente para as que eran de maior tamaño⁹⁵ e con especial importancia nas cooperativas do sector primario.

O pequeno tamaño medio implica unha cifra de investimento por socio non moi elevada, que se cuantifica en 50.097,32 euros. Este importe, moi seme-

⁹⁴ Un 47,37% das cooperativas de traballo asociado presentan un investimento total que non supera os 100.000 euros, e noutro 28,07% o activo está por riba desta cifra, pero por baixo dos 300.000 euros.

⁹⁵ Unha análise separada das cooperativas coincidentes entre mostras que no 2007 superaban os 600.000 euros (coinciden 13 de 25) presenta para once casos unha redución do investimento.

llante ao que se calculou separadamente para os distintos sectores⁹⁶, e a pesar de que existen diferenzas notábeis entre as cooperativas⁹⁷, supón un importante incremento (o 51,33%) sobre o correspondente ao ano 2007 (33.104 euros).

No cadro 32 recóllese a importancia dos valores medios dos diferentes elementos que compoñen o activo das cooperativas de traballo asociado, así como o seu peso relativo tanto con respecto ao total dos investimentos como en relación co importe da masa patrimonial –fixo ou circulante– á que corresponden.

Cadro 32.- Composición do activo nas cooperativas de traballo asociado

	VALOR MEDIO	% ACTIVO TOTAL	% ACTIVO FIXO	% ACTIVO CIRCULANTE
Activo fixo	108.195,0	28,56	100,00	
Material	90.875,3	23,99	83,99	
Inmaterial	3.332,1	0,88	3,08	
I. inmobiliarios	1.751,9	0,46	1,62	
Financeiro	5.649,8	1,49	5,22	
Outros activos fixos	6.585,87	1,74	6,09	
Activo circulante	270.611,14	71,44		100,00
Existencias	52.779,96	13,93		19,50
Debedores	140.976,76	37,22		52,10
Investimentos financeiros	17.385,61	4,59		6,42
Tesourería	59.468,81	15,70		21,98
TOTAL ACTIVO	378.806,11	100,00		

FONTE: Elaboración propia.

O activo fixo ou permanente representa un 28,56% do total para o conxunto das cooperativas e, como se pode observar, é maioritariamente (nun 83,99%) de carácter tanxíbel. A vulgar polo seu peso, as demais categorías de activo fixo apenas revisten importancia e, ademais, están presentes nun número moi reducido de casos. Así, 74 cooperativas (un 43,27%) posúen investimentos financeiros no longo prazo, pero unicamente 22 superan o peso medio indicado no cadro (1,49%)⁹⁸. Aínda menos relevante é o investi-

⁹⁶ O sector primario presenta unha cifra superior, 60.067,92 euros; os datos dos sectores terciario e secundario son, respectivamente, de 48.596,87 euros e de 49.534,27 euros.

⁹⁷ Nun 50% das cooperativas dos sectores secundario e terciario o investimento é menor de 22.000 euros. No caso do sector terciario, a mediana da distribución sitúase en 36.336,08 euros.

⁹⁸ En realidade, só oito cooperativas presentan valores realmente significativos, que se sitúan entre un 10% e un 25% do investimento total.

mento de carácter inmaterial, que non está presente máis que en 46 cooperativas (un 26,9%) das que tamén son 22 as que superan o peso medio (0,88%).


A importancia do activo fixo na estrutura económica da cooperativa de traballo asociado non difire case da recollida no *Informe 2007*. Unicamente poden resaltarse algúns cambios na súa composición derivados da diminución en valor, e tamén en peso relativo, dos investimentos de carácter inmaterial, mentres que aumentan os de carácter material.

O activo no curto prazo alcanza por termo medio un importe de 270.611,14 euros e un peso do 71,44% do activo. Na súa composición destacan as cifras correspondentes aos debedores, que representan un 52,10% do investimento no curto e un 37,22% do total. As existencias representan menos da quinta parte do circulante: un 19,50% e un 13,93%, respectivamente, do investimento total e do resto do activo; os investimentos financeiros e a tesourería supoñen conxuntamente un 28,14% do curto e un 20,29% do total. Agás as existencias, todas as partidas experimentaron un crecemento en valor absoluto con respecto ao 2007, crecemento que é de maior importancia relativa polo que respecta ao dispoñíbel e aos investimentos financeiros no curto, o que reafirma a elevada liquidez do activo das cooperativas desta clase, como xa se comentou con ocasión da realización do *Informe* dese ano.

A composición do activo vén condicionada polas características da actividade desenvolvida, é dicir, polas necesidades de investimento nos distintos tipos de bens, e garda relación co sector no que se inscribe a empresa. Así, buscando a mellor interpretación das porcentaxes, analízase deseguido a composición do activo segregando as cooperativas en función da súa pertenza aos tres sectores básicos. Na gráfica 20 pode observarse esa composición diferenciada.

Os investimentos de carácter fixo presentan as cifras máis importantes nas cooperativas do sector primario e iso non só en termos relativos, senón tamén en valor absoluto, (318.939,6 euros). Neste sector é, igualmente, onde o importe do investimento por socio, total e en activos de natureza permanente, alcanza os importes máis elevados (60.067,93 euros e 39.867,44 euros, respectivamente). A evolución das cifras revela, porén, unha diminución do importe do activo fixo material entre o 2007 e o 2010, aínda que menos marcada que a correspondente ao activo total. De feito, a pesar desa diminución, o seu peso relativo no total incrementábase dun 43,54% a un 56,92% recollido no cadro.

Gráfica 20.- Composición do activo nas cooperativas de traballo



FONTE: Elaboración propia.

A composición do activo circulante no sector primario tamén presenta importantes diferenzas coa correspondente aos demais sectores. As existencias presentan un peso moito menor e tamén os dereitos de cobramento no curto prazo, mentres que a importancia relativa da tesourería sobre o total do activo é superior nas cooperativas deste sector. Estes datos, correspondentes aos valores medios, resultan rechamantes se se comparan cos recollidos no *Informe 2007*, onde, pola contra, o peso relativo das existencias indicaba un investimento de maior importancia no conxunto do activo do que lles correspondía aos sectores secundario e terciario e aos debedores, aos investimentos financeiros e á tesourería menor. A explicación cómpre buscala, por un lado, nas diferenzas na composición da mostra entre os dous *Informes* e, por outro lado, na heteroxeneidade que existe entre as cooperativas deste sector:

- Con respecto ás diferenzas na mostra, no 2007 o peso das existencias víase moi influído polos datos do grupo de cooperativas de maior tamaño, mentres que nun 75% dos casos non alcanzaba a representar nin o 8% do total do activo. Varias das cooperativas ás que se facía referencia non figuran na mostra actual.

- No que se refire á heteroxeneidade do grupo, os pesos porcentuais das existencias sobre o total do activo oscilan entre o 0% e o 55%. Os valores máis altos corresponden a empresas de reducida dimensión, mentres que as tres cooperativas cuxa cifra de activo supera o millón de euros ou ben non posúen inventario, ou ben é tan reducido que non chega a representar un 1% do total do activo. Os datos de tesourería presentan tamén bastante variabilidade, aínda que en máis do 50% das cooperativas o seu peso no activo supera o 14,72%, dato moi aproximado ao correspondente ao 2007. En canto aos debedores, que presentan unha menor importancia relativa neste ano⁹⁹, hai que sinalar que a análise particularizada mostra que unha maioría das cooperativas presenta valores aínda máis pequenos.

No sector secundario o activo fixo representa un 19,18%, correspondente a un valor medio de 101.187,525 euros, o que, tendo en conta o número de socios, implica un esforzo individual medio na formación da estrutura permanente da empresa de 9.775,96 euros, o máis baixo entre os tres sectores analizados.

En particular, os investimentos no longo prazo de carácter material, que importan 89.343,86 euros, seguen a presentar un escaso peso (o 17,43%) para o que sería de agardar en empresas dedicadas á transformación. O dato, igual que en *Informes* anteriores, xustifícase pola elevada presenza dentro deste grupo das cooperativas do sector téxtil -27 das 77 consideradas- e do da construción -24 cooperativas-, cuxas actividades son moi intensivas en traballo e que, polo tanto, non precisan de fortes investimentos en activo fixo.

Así e todo, para avaliar estes datos, cómpre ter en conta que as cooperativas dedicadas á construción son por termo medio máis grandes que as do téxtil ou que as demais industrias incluídas neste grupo e que, polo tanto, a importancia dos pesos medios tanto do investimento en fixo como doutros elementos non implica, necesariamente, o mesmo grao de esforzo investidor. As diferenzas entre os subsectores do sector secundario, derivadas tanto da actividade como do distinto tamaño, preséntanse na gráfica 21.

A análise dos datos recollidos na gráfica 21, e a súa comparación cos correspondentes a *Informes* anteriores, permite realizar as seguintes observacións:

- Destaca, en primeiro lugar, o reducido dos investimentos no subsector téxtil (120.902,60 euros) con respecto á construción (921.896,54 euros) ou ao resto de actividades industriais (541.881,62 euros).

⁹⁹ O peso relativo no 2007 era do 23,12%. case o dobre.

- Na cooperativa media dedicada ao téxtil, un 21,08%% do investimento corresponde ao activo fixo (fundamentalmente, material), o que se traduce en 25.488,63 euros que, en termos de esforzo investidor dos socios, se ve limitado a só 3.458,26 euros/socio. Se se comparan estes valores cos correspondentes ao 2007, detéctase que, aínda que o tamaño da cooperativa media é agora superior¹⁰⁰, a importancia do investimento permanente se reduce, aínda que moi lixeiramente, en valor absoluto e, polo tanto, tamén en termos porcentuais, e o mesmo sucede co investimento por socio.
- No caso da construción, cun activo medio moi superior, unha menor importancia relativa do activo fixo sobre o total (19,95%) dá lugar, porén, a un investimento permanente medio de 183.894,38 euros, o que significa 12.124,90 euros por socio. Igual que no téxtil, o fundamental do activo fixo ten carácter material, apenas existen investimentos de carácter financeiro ou intanxíbel. Neste caso, tanto a cifra de activo total como a do activo fixo aumentaron considerabelmente dende o 2007¹⁰¹, e o mesmo pode dicirse con respecto ao esforzo investidor do socio.
- Para a agrupación que recolle as restantes cooperativas do sector secundario, o valor medio do activo fixo é de 103.453,16 euros, cun peso relativo sobre o total do 19,09%. Neste caso, o investimento medio permanente que resulta por socio é de 11.494,80 euros. Os valores indicados son moi diferentes aos recollidos no *Informe 2007*, no que se resaltaba o maior tamaño das cooperativas desta agrupación e os importes moi superiores de investimento por socio. As diferenzas da mostra, integrada nesta ocasión por empresas máis pequenas que no *Informe* anterior, explican esas discrepancias¹⁰².
- Os activos no curto prazo, con pesos aproximados ao 80%, representan a parte principal do investimento no sector secundario e, así mesmo, nos tres subsectores en que se dividiu. Na súa composición destaca, así mesmo, con carácter xeral a importancia dos debedores, aínda que existen notábeis diferenzas entre os subsectores, sendo particularmente elevado (54,89%) o peso relativo desta partida na composición do activo medio da cooperativa construtora. Con todo, unha análise máis polo miúdo pon de manifesto que a contía unitaria de dereitos de cobramento é polo xeral máis alta nas coo-

¹⁰⁰ Un incremento na cifra de activos de 26.555,6 euros, isto é, un 28,14%.

¹⁰¹ O activo fixo en maior proporción -un 58,74%, fronte a un 33,07%- , e de aí que o peso relativo sobre o total crecera dende o 16,72% até o 19,95%.


¹⁰² O tamaño medio indicado só é superado por cooperativas incluídas no último dos cuartís, é dicir, un 75% das cooperativas agrupadas en "outras industrias" son máis pequenas que a media. O mesmo sucede con respecto á cifra de investimentos en fixo ou á correspondente ao investimento por socio.

perativas agrupadas no resto das industrias que na de construción, cuxa elevada porcentaxe se debe ao impacto no cálculo dun grupo reducido de cooperativas, mentres que un 75% presenta pesos relativos inferiores ao 33,81%. Igualmente, no subsector téxtil, onde a media é dun 31,3%, un 75% dos casos sitúase por baixo do valor porcentual (nun 33,8%). Polo tanto, aínda que non aparente polo resultado do cálculo de valores medios, pode concluírse, igual que no *Informe 2007*, que a agrupación “outras industrias” é onde os debedores presentan unha maior importancia relativa, mentres que nos subsectores téxtil e construción o peso dos debedores é sensibelmente inferior polo que respecta a unha maioría das cooperativas que os integran.

- As existencias presentan a maior importancia relativa nas empresas do subsector téxtil (30,38%), e máis concretamente nun pequeno grupo de tres cooperativas nas que o inventario representa máis do 75% do activo total. Do resto do grupo moitas cooperativas non realizan investimentos desta natureza ou fano en contías moito máis pequenas¹⁰³ como é característico do traballo sobre pedido. Na construción, pola contra, o peso medio calculado para o conxunto (13,83%) non traduce o feito de que para un 25% das cooperativas as existencias supoñen máis dun 38,46% do activo total, mentres que en once cooperativas (un 45,8%) o valor porcentual é inferior á media. Polo que respecta ás cooperativas dedicadas ás restantes actividades, as existencias presentan un peso relativo medio do 9,88%, cunha variabilidade importante (entre o 0% e o 57%) entre os distintos casos, aínda que repartidos practicamente por metades entre os que a importancia das existencias supera ou está por baixo dese valor medio. En liñas xerais, estas observacións relativas á importancia do compoñente existencias no activo total concordan coas recollidas nos *Informes* anteriores.
- Polo que respecta ás partidas de maior liquidez, os investimentos financeiros no curto prazo alcanzan, por termo medio, un peso relativo do 4,60%, pero son especialmente importantes na agrupación “outras industrias”, mentres que, pola contra, no sector da construción a porcentaxe media é só do 0,25%. Porén, son de novo uns poucos casos os que determinan o elevado dos pesos medios: só sete cooperativas repartidas de forma homoxénea entre as tres agrupacións posúen investimentos financeiros no curto que representan máis do 5% do total do activo. Pola súa parte, a importancia da tesourería é, polo xeral, elevada. En 41 cooperativas (un 53,25%) o peso dos recursos máis líquidos con respecto ao activo supera o 15%. En conxunto, a posición de liquidez das cooperativas do sector secundario ten experimentado unha melloría con respecto ao 2007.

¹⁰³ Para un 75% o inventario presenta pesos relativos inferiores ao 0,57%.

Gráfica 21.- Composición do activo nas cooperativas de traballo asociado no sector secundario



FONTE: Elaboración propia.

Finalmente, no que se refire ás cooperativas do sector terciario, hai que sinalar que a alta proporción que representa o activo fixo¹⁰⁴ (34,46%), que semella elevado para actividades de comercialización e servizos en comparación co dos outros subsectores, non implica grandes desembolsos en bens de carácter permanente, senón que é o resultado dun tamaño de activo global polo xeral reducido, como xa se ten visto. Así, o investimento medio en activo fixo é só de 81.033,2 euros e nun 50% das cooperativas deste sector o investido neste tipo de bens non representa máis de 21.028,27 euros. Por termo medio, o investimento por socio na estrutura permanente é de 16.744,1 euros, valor que, como obviamente se deduce do exposto anteriormente, dista moito de ser alcanzado para unha maioría das cooperativas do sector, que nun 50% presenta cifras inferiores aos 4.724,86 euros, só por riba, neste aspecto, que as do subsector téxtil.

Na composición do circulante destaca o predominio dos debedores, común á maioría das empresas do sector. Non é o caso das existencias, que aínda que presentan un peso medio elevado (18,24%), non existen ou presentan escasa

¹⁰⁴ Practicamente todo o de carácter material para a gran maioría de cooperativas.

importancia¹⁰⁵ na maioría dos casos, e tampouco dos investimentos financeiros, pois só en 12 das 81 cooperativas posúen unha importancia igual ou superior á media. Por último, a tesourería, cuxo peso relativo medio é do 15,28%, presenta porcentaxes superiores ao 16% para o 50% dos casos e máis altos do 37,52% para un 25%, o que indica unha posición de liquidez elevada para a maioría das cooperativas do sector.

Con carácter xeral, para o sector terciario non parece que tampouco se produzan fortes cambios no que respecta aos investimentos e á súa composición.

2.2.1.2. Financiamento

A estrutura financeira correspondente ao conxunto das cooperativas de traballo asociado (cadro 33) presenta pequenas diferenzas na súa composición con respecto á comentada en anteriores *Informes*. A maioría do financiamento segue a proceder de terceiros (53,09%), pero diminúe a importancia relativa deste financiamento¹⁰⁶, aumentando paralelamente a dos recursos propios até o 46,91%. Ademais, é preciso resaltar que, a pesar de que os pesos relativos diminúen en menor contía para os recursos alleos no longo que no curto prazo, en valor absoluto o principal da redución da débeda se produce en relación coa de prazo longo, é dicir, entre os recursos alleos o peso relativo da débeda no longo prazo é inferior¹⁰⁷ no 2010.

Cadro 33.- Recursos financeiros nas cooperativas de traballo asociado

	VALOR MEDIO	% PASIVO TOTAL
Patrimonio neto	177.699,6	46,91
Recursos alleos no longo prazo	43.379,07	11,45
Recursos alleos no curto prazo	157.718,42	41,64
TOTAL PASIVO	378.806,11	100,00

FONTE: Elaboración propia.

Por outro lado, existen diferenzas na composición da estrutura financeira entre os tres principais sectores de actividade presentes na mostra. Na gráfica 22 pode observarse que é o sector primario ao que lle corresponde unha composición máis equilibrada. Nel os recursos propios representan o principal do financiamento (59,59%) e, ademais, nos recursos alleos predomina a débeda no longo prazo, co que pode dicirse que existe unha elevada autonomía e esta-


¹⁰⁵ En máis do 50% dos casos non hai investimento en existencias.

¹⁰⁶ No *Informe 2007* o financiamento alleo representaba un 56,89%.

¹⁰⁷ Pasa do 28,05% no 2007 ao 21,57%.

bilidade financeira para o conxunto do sector. Polo que se refire ao sector secundario, o financiamento repártese a partes case iguais entre os socios e terceiros, Non obstante, cómpre ter en conta que os recursos alleos neste sector son, fundamentalmente, no curto prazo¹⁰⁸, o que inflúe negativamente na estabilidade do financiamento. Por último, o sector terciario é o que presenta unha situación de menor estabilidade: o peso dos recursos propios (34,41%) é con diferenza o máis baixo entre os distintos sectores, e no financiamento alleo predomina a débeda esixíbel a menos dun ano, que representa máis do 50% do financiamento global.

Gráfica 22.- Estructura financeira nas cooperativas de traballo asociado



FONTE: Elaboración propia.

Con respecto aos resultados desta mesma análise realizada en anteriores *Informes*, é importante destacar o incremento da estabilidade da estrutura financeira como resultado do incremento do financiamento propio nos sectores primario e secundario, especialmente no primeiro deles, onde a redución da importancia da débeda no financiamento se acompaña cun incremento notábel do financiamento alleo a máis dun ano.

No caso do sector secundario, realizouse tamén un estudo das particularidades que presentan os subsectores que se diferencian dentro del: construción, téxtil e outras industrias (cadro 34), do que resultan as seguintes observacións:

¹⁰⁸ Unha porcentaxe dun 41,08%, moi aproximada á correspondente ao total da clase, que é do 41,64%.

- Son as cooperativas do sector téxtil, como xa se fixo notar en anteriores *Informes*, as que presentan unha estrutura financeira máis arriscada. Os fondos propios representan un 26,39% do financiamento total e predomina na estrutura financeira a débeda no curto prazo, cos riscos que implica a esixencia máis inmediata para as posibilidades de atención dos compromisos sen afogos financeiros. Con todo, a composición actual da estrutura financeira é moito máis equilibrada que a que se presentaba no *Informe 2007*, onde os recursos propios supoñían un 11% do financiamento, e máis aínda se consideramos que no *Informe 2005* a situación do subsector téxtil se caracterizaba pola presenza dun patrimonio neto negativo¹⁰⁹.
- O subsector da construción, que no *Informe 2007* era o que presentaba comparativamente unha estrutura máis estábel, mostra no 2010 un empeoramento na autonomía e na estabilidade da estrutura financeira ao diminuír o peso dos recursos propios (do 55,69% ao 51,85%), e igualmente da débeda no longo prazo (do 8,75% ao 6,68%). Ademais, un 50% das cooperativas presenta situacións máis arriscadas, por canto o peso do patrimonio neto no conxunto do financiamento é inferior ao 42,92%¹¹⁰.
- Á última das agrupacións, “outras industrias”, correspóndelle a situación máis equilibrada. O financiamento propio é maioritario, cun peso do 55,21%, e, aínda que o peso da débeda no longo prazo é pequeno, os recursos alleos no curto representan o menor peso dos correspondentes aos tres subsectores analizados. En consecuencia, e con respecto a eses valores medios, pode dicirse que a situación é máis estábel que a recollida no *Informe 2007*, aínda que hai que precisar que a situación de moitas cooperativas non é tan positiva como a que se deduce dos valores medios: máis do 50% presentan un peso relativo dos fondos propios inferior ao 39,9% e, paralelamente, tamén en máis do 50% dos casos o peso dos recursos alleos no curto superan a porcentaxe do 48% sobre os recursos totais¹¹¹.

No estudo do financiamento das cooperativas de traballo asociado, unha última análise refírese á composición do patrimonio neto. Na gráfica 23 recóllense os valores medios alcanzados polo non esixíbel para os distintos secto-

¹⁰⁹ Ademais, é necesario precisar que en máis do 50% das cooperativas o financiamento con recursos propios está por riba da media e é superior ao 40,54%, e para un 25% este peso relativo é maior do 74,1%.

¹¹⁰ Este último dato reflicte, non obstante, unha mellor situación xa que no 2007 a metade das cooperativas se financiaban con recursos propios en proporcións inferiores ao 30%.

¹¹¹ Con todo, tamén estes valores comparativos reflicten unha mellora na estabilidade deste grupo. No 2007 na metade das cooperativas o peso dos recursos propios era inferior ao 30%.


res e a súa distribución porcentual entre os diferentes compoñentes do patrimonio.

Cadro 34.- Recursos financeiros nas cooperativas de traballo asociado do sector secundario

	TOTAL SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	TÉXTIL	OUTRAS INDUSTRIAS
Recursos propios	50,94%	51,85%	26,39%	55,21%
Recursos alleos no longo prazo	7,98%	6,68%	17,56%	7,78%
Recursos alleos no curto prazo	41,08%	41,47%	56,05%	37,01%
TOTAL PASIVO	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

FONTE: Elaboración propia.

Gráfica 23.- Composición dos recursos propios nas cooperativas de traballo asociado



FONTE: Elaboración propia.

O capital social representa para o conxunto das cooperativas do traballo asociado un peso relativo do 41,61% do patrimonio neto e alcanza un valor medio de 73.935,9 euros, o que implica unha contribución media por socio de 9.778,07 euros. As reservas, cun peso do 54,87%, son a principal fonte de recursos propios. Completan o patrimonio neto, cunha importancia moito menor, as subvencións (4,48%), os axustes por cambios de valor (0,02%) e o resultado do exercicio que no 2010 ten signo negativo, é dicir, supón unha redución do patrimonio sobre o existente no ano anterior.

No sector primario é de destacar a importancia do capital desembolsado (237.425,4 euros), que implica un 82,92% do patrimonio neto. Esta cifra, con diferenza a máis elevada das correspondentes aos tres sectores, é consecuencia das maiores achegas de socios neste sector que alcanzan de media os 29.678,18 euros. Porén, o importante peso do capital no patrimonio da cooperativa non é función só do elevado da cifra, senón que vén determinado tamén polo escaso do resto de financiamento propio e, particularmente, polo signo negativo de reservas e resultado. Como xa se sinalou no *Informe 2007*, un resultado negativo ou de pouca importancia, en comparación co obtido noutros sectores, caracteriza a cooperativa media desta clase. Este carácter negativo dos recursos xerados pola cooperativa vese compensado polo peso das subvencións, que neste sector son unha importante fonte de recursos¹¹² (o 23,26% do patrimonio).

A cifra media de capital no sector secundario é moito mais reducida (90.223,2 euros) e, igualmente, moito menor o importe medio das achegas dos socios (8.716,67 euros). Neste sector o principal dos recursos propios son as reservas da cooperativa, é dicir, resultados positivos e non distribuídos de exercicios anteriores, que representan un 64,51% dos recursos propios, o peso con diferenza máis elevado do correspondente aos tres sectores analizados. Destaca, así mesmo, a diferenza do resto de sectores, o peso relativo do resultado do exercicio que, aínda que escaso, é o único con signo positivo. Non obstante, dentro do sector secundario existen importantes diferenzas entre as cooperativas pertencentes aos distintos subsectores:

- No subsector da construción a cifra media do capital social é de 122.853,54 euros e, aínda que é superior á global indicada arriba, é o resultado dunha achega media por socio inferior (8.100,23 euros). Porén, a cifra de patrimonio neto medio (477.993,93 euros) e a dela derivada de patrimonio neto por socio (31.516,08 euros), que practicamente cuadriplícan as anteriores, dan conta do importante esforzo realizado polos socios para o autofinanciamento da cooperativa, destinando os resultados da cooperativa á creación de reservas que, en consecuencia, representan de media un 71,86% do patrimonio neto, o peso máis elevado dentro do sector secundario¹¹³. A

¹¹² A cifra media de subvencións é de 66.603 euros no 2010. Oito cooperativas no 2010, e o mesmo número no 2007 (o 61,54% da mostra e o 42,85%, respectivamente), recibiron axudas dalgunha contía.

¹¹³ Hai que ter en conta, non obstante, as marcadas diferenzas entre as cooperativas do subsector construción. Os datos medios teñen moito que ver cun 25% de cooperativas situadas no último dos cuartís. Nun 75% das cooperativas a cifra de patrimonio é inferior aos 117.420 euros, e a de capital aos 46.624 euros. En relación co número de socios as cifras, tamén para o 75% das cooperativas, sitúanse por baixo dos 9.983,67 euros e dos 21.507,30 euros para o capital e o patrimonio, respectivamente.

participación dos resultados no exercicio na formación do patrimonio neto é moi reducida no exercicio 2010 (1,95%), pero é positiva, a diferenza do que sucede no resto de subsectores e no conxunto do sector secundario¹¹⁴.

- As cifras de capital social medio (26.539,50 euros) e de patrimonio (31.902,57 euros) do subsector téxtil son as máis pequenas dentro do sector secundario. Por unha banda, as achegas dos socios son de escasa contía (só 3.600,84 euros por socio) e, por outra, o reducido dos resultados obtidos limitan o autofinanciamento da cooperativa. Así, e aínda que as reservas ou os resultados de exercicios anteriores participan por termo medio no financiamento propio nun 17,89%, en moitas das cooperativas a cifra é negativa, o que indica a presenza de perdas que consomen as achegas iniciais dos socios. Este é tamén o caso do exercicio 2010, onde a cooperativa media obtén resultados negativos (dun -7,20% do patrimonio neto).
- Por último, a agrupación que denominamos “outras industrias” presenta un capital medio de 126.235,95 euros, que en termos de achega por socio representa 14.026,21 euros, e un patrimonio neto de 299.156,76 euros (33.239,64 euros por socio¹¹⁵). Polo tanto, neste grupo é no que os socios realizan as maiores contribucións ao capital e tamén un esforzo de autofinanciamento importante. O principal dos recursos non esixíbeis procede da constitución de reservas (58,84%), mentres que as subvencións apenas participan no financiamento (0,32%). Finalmente, a ocorrencia de perdas neste exercicio fai que a contribución do resultado ao patrimonio sexa negativa.

As cooperativas de traballo asociado pertencentes ao sector terciario son, coa excepción das do subsector téxtil, as que posúen menores cifras medias de capital (32.213,9 euros) e de patrimonio neto (8.0918,8 euros) da clase. Postas en relación co número de socios, resulta unha achega media ao capital de 7.301,5 euros, de novo unicamente por riba da correspondente ás empresas do téxtil. O autofinanciamento é importante, como se reflicte no peso relativo das reservas (un 60,63% do patrimonio). Neste ano obsérvase tamén un pequeno incremento no uso das subvencións como fonte de recursos (dun 4,01% a un 5,63%). En conxunto, e tendo en conta que o resultado neste exercicio é negativo, o patrimonio por socio no ano 2010 é de 8.719,27 euros.


¹¹⁴ Non é así en doce cooperativas (o 50%), que presentan resultados negativos.

¹¹⁵ De novo estes valores son superiores aos presentados por máis dun 75% das cooperativas.

2.2.1.3. Equilibrio financeiro

Na figura 2 pode observarse a posición de equilibrio financeiro das cooperativas de traballo asociado no seu conxunto e, en particular, dos grupos correspondentes aos distintos sectores de actividade. Esta posición determinouse a partir da relación existente entre a estrutura económica e financeira que resulta de considerar os valores medios para as distintas agrupacións.

Figura 2.- Posición de equilibrio financeiro nas cooperativas de traballo asociado



FONTE: Elaboración propia.

No que se refire ao total da clase, a correlación entre estruturas reflicte unha posición de equilibrio financeiro. Os recursos financeiros permanentes, suma do non esixíbel e das débedas no longo prazo, son máis que suficientes para a cobertura dos investimentos permanentes. Como xa se comentaba no apartado dedicado ao estudo do investimento da cooperativa, as necesidades

de activo fixo non son elevadas, dadas as actividades realizadas, e o seu peso relativo é moito menor que o correspondente ao circulante; en consecuencia, a pesar do uso maioritario de débeda no curto prazo para o financiamento, é posíbel atopar esta situación de equilibrio. Realmente, ao igual que no 2005 e no 2007, tanto no global de clase como nos sectores secundario e terciario, onde a utilización de financiamento alleo no longo prazo apenas ten presenza, os recursos propios bastan por si sós para o financiamento da estrutura permanente, co que o uso maioritario de débeda no curto non ten por que representar un problema. Pola contra, no sector primario o máis elevado importe do investimento no longo prazo fai que, a pesar de que o peso do patrimonio neto na estrutura financeira é superior ao que lles corresponde aos outros sectores, a débeda no longo é imprescindible para conseguir o equilibrio de recursos.

Dado que nos distintos sectores os recursos no longo son, como xa se dixo, máis que suficientes para a cobertura dos investimentos permanentes, en todos os casos existe un fondo de rotación positivo, é dicir, que as cooperativas de traballo asociado dispoñen de recursos permanentes susceptibles de uso no financiamento do ciclo de explotación, permitindo ou, cando menos, colaborando a un desenvolvemento deste exento de problemas ocasionados por tensións de liquidez.

O fondo de rotación medio calculado para o conxunto da clase é de 112.892,7 euros no exercicio 2010. Este importe é superior ao que se constataba no 2007, o que denota unha máis alta marxe de seguridade. A situación tamén mostra signos de mellora se se ten en conta o número de casos nos que o fondo de rotación é negativo, é dicir, a insuficiencia de recursos permanentes¹¹⁶. Das 171 cooperativas, 45 (un 26,32%) presentan esta situación, que no 2007 afectaba a un 30,7% dos casos.

Con todo, non é posíbel pronunciarse sobre a suficiencia do fondo de rotación máis que considerando as necesidades particulares de cada empresa, necesidades que, entre outros factores, estarán fortemente condicionadas polo sector e pola natureza da actividade desenvolvida. Así, entre os distintos grupos analizados, como tamén se recollía nos anteriores *Informes*, poden observarse diferenzas importantes como resultado do estudo do fondo de rotación.

a) A cifra media no sector primario é de 82.933,3 euros, tamén superior ao recollido no anterior *Informe*, pero, mentres que a cifra media era no 2007

¹¹⁶ As débedas no curto estarían financiando investimentos no longo prazo, logo produciríase un desaxuste entre o tempo necesario para a xeración de liquidez e o de vencemento da débeda.

superada por máis do 50% das cooperativas, son agora un 38,46% as que presentan unha marxe de seguridade similar ou maior. Nun 50% dos casos o fondo de rotación é inferior aos 12.728,19 euros.

b) No sector secundario o fondo de rotación medio é o máis importante da clase traballo asociado, pois representa 200.888,27 euros, pero máis dun 50% das cooperativas ten valores inferiores aos 20.373,18 euros, e para un 29,87% dos casos é negativo (un 30,92% no 2007). Seguen a existir diferenzas considerábeis entre os subsectores: na construción, o fondo de rotación é o de maior contía media (355.726,17 euros)¹¹⁷, moi superior ao dato do 2007, a pesar de que se incrementou a presenza na mostra de cooperativas con fondo de rotación negativo, pasando do 25,9% ao 29,17%. Nas cooperativas do téxtil o fondo de rotación deixa de ser negativo, como sucedía en *Informes* anteriores; porén, o valor medio de 27.643 euros –o máis pequeno de todos os grupos considerados– non é alcanzado máis que por oito cooperativas (un 29,63%), mentres que nun 33,33% dos casos (un 44,8% no 2007) os recursos permanentes aínda son inferiores ao investimento en inmovilizado. Pola súa parte, na agrupación “outras industrias”, con valores medios positivos e importantes (237.869 euros), aínda que tamén cunha gran variabilidade entre os casos¹¹⁸, aumenta a proporción de cooperativas con fondo de rotación negativo, pasando do 21,73% ao 26,92%.

c) Finalmente, no sector terciario o fondo de rotación medio ascende a 34.050,9 euros e os casos de desequilibrio cuantifícanse nun 30,86%, o que supón un lixeiro decrecemento sobre a porcentaxe que representaban no 2007 (31,8%).

En resumo, os datos analizados indican un incremento do fondo de rotación para os diversos grupos analizados, pero tamén –e sobre todo no sector secundario– un incremento dos casos nos que os recursos permanentes se mostran insuficientes. Estes resultados, non obstante, deben ser valorados con precaución. As necesidades de cada empresa dependen do seu nivel de actividade e da xestión realizada. É posíbel, polo tanto, que importes elevados do fondo sexan insuficientes e que outros máis pequenos ou, mesmo, negativos –como os que se atoparon, por exemplo, naquelas cooperativas dedicadas a actividades de servizos ou comerciais– non impliquen na práctica situacións de desequilibrio que orixinen problemas de carácter financeiro.

¹¹⁷ Tamén escasamente representativo, un 75% das cooperativas presenta fondos de rotación inferiores aos 99.162 euros, e un 50% por baixo dos 31.458,115 euros.

¹¹⁸ Un 50% das cooperativas presenta valores inferiores aos 39.238,24 euros.

2.2.1.4. Capacidade de pagamento: solvencia e liquidez

Os resultados do cálculo das ratios de capacidade de pagamento das cooperativas de traballo asociado e dos grupos correspondentes aos tres principais sectores de actividade preséntanse no cadro 35.

Cadro 35.- Ratios de capacidade de pagamento no curto prazo nas cooperativas de traballo asociado

	TOTAL	PRIMARIO	SECUNDARIO	TERCIARIO
Solvencia	1,72	2,05	1,95	1,28
Liquidez no c/p	1,38	1,95	1,62	0,93
Tesourería	0,49	1,19	0,49	0,40

FONTE: Elaboración propia.

O valor da ratio de solvencia para o conxunto das cooperativas da clase incrementábase con respecto ao calculado con ocasión da realización do *Informe 2007* (1,55). A capacidade de pagamento parece asegurada dende o momento en que a cooperativa disporía no curto prazo de 1,72 euros por cada euro que tería que pagar no mesmo intervalo de tempo¹¹⁹.

Esta ratio, obtida polo cociente entre o activo e o pasivo corrente, garda unha relación evidente co fondo de rotación¹²⁰ polo que, dadas as diferenzas entre os sectores en relación con ese fondo, non é de estrañar a variabilidade que se atopa nos resultados do cálculo da ratio.

Así, o sector primario, cunha ratio de solvencia de 2,05, é o que presenta unha situación de maior seguridade, mentres que o valor máis baixo da ratio lle corresponde ao sector terciario. O cálculo para os tres sectores mostra unha mellor posición de solvencia que a presentada no 2005 e no 2007, especialmente para o sector primario¹²¹. Porén, igual que acontecía nos anos anteriores, existe unha variada casuística presente en todos os sectores, aínda que non en todos coa mesma intensidade. No sector primario, mentres que un 23% das cooperativas obtén valores inferiores a 1, para unha maioría clara (o 53,84%) o valor é superior a 2; no sector secundario as porcentaxes correspondentes aos valores inferiores a 1 ou superiores a 2 son 29,9% e 37,7%, respectivamente, e para o sector terciario 32,1% e 34,6%.

No sector secundario, o valor medio de 1,95 aproxímase moito ao que presenta a construción (1,93), pero reflicte unha mellor situación que a que lle

¹¹⁹ Lémbrese que esta capacidade non implica coincidencia entre o momento exacto en que se conseguen os recursos líquidos e a data de vencemento da débeda.

¹²⁰ Calculado pola diferenza entre o activo e o pasivo corrente.

¹²¹ Nos dous *Informes* anteriores a ratio de solvencia do sector primario situábase por detrás da correspondente ao sector secundario.

correspondería ao subsector téxtil (1,41) e peor que a do grupo “outras industrias” (2,19). Comparando estes valores cos relativos a anos anteriores, obsérvase un empeoramento do subsector da construción e, pola contra, un incremento da ratio nos outros subsectores. En calquera caso, de novo é preciso facer referencia á variabilidade sempre presente: en calquera dos subsectores un grupo non desprezable de cooperativas¹²² presenta ratios menores que 1, o que indica posibles problemas de atención a compromisos, mentres que outro grupo, máis numeroso na construción ou “outras industrias”¹²³, ten a solvencia teoricamente asegurada con ratios superiores a 2.

A calidade da solvencia depende da posibilidade de conversión en recursos líquidos do activo corrente, por iso resulta de interese excluír do numerador da ratio as cifras correspondentes aos elementos menos líquidos –as existencias– para comprobar o grao en que a capacidade de pagamento depende das vendas.

No que se refire ao conxunto das cooperativas de traballo asociado, a ratio alcanza un valor medio de 1,38, mellorando con respecto ao obtido no 2005 e no 2007, e sinalando que, mesmo no caso de non venda, co produto do cobramento a debedores e coa liquidez xa existente non habería problema na atención dos compromisos de pagamento no curto prazo.

Con respecto aos distintos sectores e subsectores, e dado que o tipo de existencias –a súa cantidade física ou valor– garda relación coa actividade desenvolvida, atópanse, como era de esperar, maiores diferenzas nos valores alcanzados para esta ratio que nos indicados para a ratio de solvencia.

- a) No sector primario a capacidade de pagamento expresada por esta ratio apenas varía con respecto á calculada a través da de solvencia. Neste sector as existencias presentaban unha escasa importancia, o que ocasiona que mesmo as cooperativas con maiores importes relativos de inventario obteñan ratios elevadas.
- b) No sector secundario a ratio é particularmente importante na agrupación “outras industrias” (1,92) e tamén é elevada na construción (1,6). No sector téxtil o valor medio (0,87) sitúase próximo ao que habitualmente se comenta como valor mínimo adecuado desta ratio¹²⁴. Por outra parte, en calquera dos subsectores existen casos que difiren en gran medida dos valores co-

¹²² Un 26,92% nas “outras industrias”, un 29,17% na construción e un 33,33% no téxtil.

¹²³ Un 34,61% nas “outras industrias”, un 45,83% na construción e un 33,33% no téxtil.

¹²⁴ É frecuente indicar como valores máis adecuados para esta ratio os comprendidos entre 0,8 e a unidade. Porén, este tipo de afirmación non contempla as peculiaridades que se derivan da natureza e do nivel da actividade desenvolvida.

mentados. Así, no sector da construción un 25% das cooperativas obteñen valores superiores a 2,64 e outro 25% conseguen cifras moi baixas (inferiores a 0,35), e nun 25% das empresas do téxtil a medida da liquidez no curto prazo é superior a 3,32.

- c) O sector terciario é o que presenta unha cifra media máis baixa (0,93). Así e todo, o reducido do inventario en moitas das cooperativas deste sector dá lugar a que nun 50% dos casos a ratio supere o valor de 1,2.

Unha última ratio de capacidade de pagamento é a de tesourería, cuxo valor expresa o grao no que sería posible afrontar compromisos facendo uso exclusivo dos recursos dispoñíbeis. O valor da ratio para o conxunto da clase (0,49) é, de novo, superior á que se presentaba no 2007; porén, mentres que nese ano as cifras correspondentes aos distintos sectores eran parellas, no 2010 varían entre o extremadamente alto valor no sector primario (1,19), no que a liquidez existente a 31 de decembro sería suficiente para pagar todas as débedas con vencemento no 2011 e aínda sobraría, e o 0,27 medio do sector da construción ou o 0,3 do sector téxtil, que en liñas xerais non aparenta ser unha situación perigosa.

2.2.2. ANÁLISE DOS RESULTADOS

No cadro 36 preséntase a conta de perdas e ganancias agregada para as cooperativas de traballo asociado. Na primeira e na segunda columnas recóllese, respectivamente, o valor alcanzado por diferentes compoñentes do resultado na cooperativa media e os valores porcentuais correspondentes a estes compoñentes con respecto aos ingresos de explotación. Nas tres columnas restantes figuran as porcentaxes sobre os ingresos de explotación correspondentes á conta de resultados media dos tres sectores principais de actividade.

O escaso volume dos ingresos de explotación medios (489.607,2 euros) reflicten o xa comentado pequeno tamaño das cooperativas de traballo asociado. Na gráfica 24 incídese nesta cuestión e preséntase a distribución das cooperativas da clase segundo a cifra de ingresos. Para cada intervalo móstrase o número de cooperativas da clase e tamén o súa repartición entre os sectores primario, secundario e terciario.

Nos dous primeiros intervalos concéntranse un 67,25% das cooperativas da clase. Por sectores, pode apreciarse que non hai na mostra ningunha cooperativa do sector primario cun volume de ingresos superior aos 600.000 euros. É mais, un 61,54% das cooperativas deste sector están por baixo dos 100.000 euros de ingresos¹²⁵. As cooperativas que desenvolven a súa actividade nos

¹²⁵ No 2007 eran un 35% da mostra as que se agrupaban neste intervalo.

sectores secundario e terciario agrúpanse, tamén maioritariamente, nos dous primeiros intervalos. Os valores medios recollidos no cadro 36 corresponderían ao terceiro dos intervalos ao que só pertencen un 12,87% das cooperativas, e están, polo tanto, moi influídos polos datos que corresponden ás cooperativas de maior dimensión: en total, un 21,01% das cooperativas de traballo asociado cuxos ingresos de explotación superan os 600.000 euros e, particularmente, as do último intervalo no que atopamos catro cooperativas cuxa cifra de ingresos está por riba dos tres millóns de euros, e que en conxunto representan o 35,59% dos ingresos totais da clase¹²⁶.


Cadro 36.- Conta de resultados nas cooperativas de traballo asociado

	VALOR MEDIO	% TOTAL TRAB. ASOCIADO	% PRIMARIO	% SECUNDARIO	% TERCIARIO
Ingresos de explotación	489.607,20	100,00	100,00	100,00	100,00
Importe neto da cifra de negocios	471.622,08	96,33	91,41	96,47	95,99
Consumos de explotación	-216.762,68	-44,27	-42,62	-43,47	-47,47
Outros gastos de explot.	-58.182,92	-11,88	-20,50	-10,52	-15,64
Valor engadido	214.661,60	43,84	36,88	46,01	38,60
Gastos de persoal	-200.720,41	-41,00	-37,07	-43,06	-35,18
Dotacións para amortiz. de inmovilizado	-13.430,24	-2,74	-23,81	-2,24	-2,05
Outros resultados	3.957,45	0,81	22,98	0,48	-0,31
Resultado de explotación	2.632,65	0,54	-1,02	1,18	-0,65
Ingresos financeiros	690,73	0,14	0,29	0,14	0,13
Gastos financeiros	-4.926,78	-1,01	-2,41	-0,94	-1,03
Resultados financeiros	-3.868,81	-0,79	-2,11	-0,83	-0,59
Resultado antes de impostos	-1.236,16	-0,25	-3,13	0,34	-1,24
Imposto sobre sociedades	-280,73	-0,06	0,98	-0,20	0,15
Resultado do exercicio	-1.516,89	-0,31	-2,15	0,14	-1,09
Ingresos imputábeis ao fondo de educ., formación e promoción	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Xuros das achegas ao capital social e outros fondos	-30,33	-0,01	0,00	-0,01	0,00
Dotación ao fondo de educ., formación e prom.	-185,56	-0,04	-0,19	-0,03	-0,04
Excedente da cooperativa	-1.732,79	-0,35	-2,33	0,10	-1,13

FONTE: Elaboración propia.

¹²⁶ A cooperativa maior da clase, do sector secundario, representa por si soa un 18,28% do total dos ingresos.

Gráfica 24.- Distribución das cooperativas de traballo asociado por volume de ingresos



FONTE: Elaboración propia.

Os ingresos polas vendas ou pola prestación de servizos son en todos os sectores a principal fonte dos ingresos de explotación¹²⁷. Dado que o tamaño das cooperativas supón que unha maioría delas presente o modelo máis agregado de conta de resultados, non se dispuxo de datos para discriminar a procedencia dos “outros ingresos de explotación”. Tanto se se trata de subvencións á explotación como de ingresos accesorios¹²⁸, o seu importe é moi pouco relevante, pois non supera o 10% dos ingresos totais en máis que 25 cooperativas que, ademais, coinciden en ser das máis pequenas da clase.

Os consumos de explotación, isto é, de materias primas (ou de mercadorías, no caso das cooperativas dedicadas ao comercio), representan por termo medio un 44,27% dos ingresos, porcentaxe que supón unha notábel redución con respecto aos recollidos no *Informe 2005* (54,21%) ou no *Informe 2007* (54,53%). A diferenza tamén do que sucedía en anos anteriores, os distintos sectores presentan cifras bastante parellas, destacando neste sentido a redución do peso dos consumos nas cooperativas do sector pri-

¹²⁷ En 99 cooperativas todos os ingresos de explotación proceden destas operacións que mencionamos.

¹²⁸ Os ingresos de operacións con socios son 75.423 euros, e corresponden a dúas cooperativas.

mario¹²⁹. No sector secundario a porcentaxe (43,47%) é tamén moi inferior á de anos pasados, aínda que nun 50% das cooperativas de construción o consumo de existencias é superior ao 57% dos ingresos, e nas empresas do grupo “outras industrias” un 25% supera o 45,8% e, polo tanto, o valor do peso medio da clase. Polo que respecta ao subsector téxtil, cómpre sinalar que só unha cooperativa se aproxima á media do sector secundario. O peso dos consumos non é maior do 7,4% para o 75% das cooperativas deste subsector o que, como xa se comentou en anteriores *Informes*, podería ter como explicación que estas cooperativas se dediquen principalmente á montaxe de pezas de roupa a partir de partes subministradas polo propio cliente. No que se refire ao sector terciario, a cifra media indicativa do peso dos consumos, aínda que é superior á dos outros sectores e á media da clase, agocha notábeis diferenzas como corresponde á diversidade das actividades, de servizos ou comerciais, realizadas polas cooperativas deste sector. Así, mentres que nun 25% dos casos o consumo de existencias é 0, e nun 50% inferior ao 17%, noutra cuarta parte das cooperativas supera o peso relativo do 60,6%.

Unha vez que se deduce dos ingresos o importe dos consumos e doutros gastos derivados de adquisicións a terceiros, obtense a cifra de valor engadido. Esta cifra ascende para o conxunto das cooperativas a un total de 36.707.135 euros, o que supón unha cifra media de 214.661,6 euros, que representa o 43,84% dos ingresos. Estas cantidades reflicten unha maior incorporación de valor no proceso produtivo das cooperativas de traballo asociado que as presentadas noutros informes; porén, é preciso matizar de novo esa afirmación tendo en conta as diferenzas entre as cooperativas e os sectores nos que desenvolve a súa actividade.

Tomando como base a gráfica 25, na que se mostra a proporción de cooperativas dos tres sectores principais que se sitúan nos diferentes intervalos de xeración de valor engadido, poden destacarse as seguintes características:

a) Nun 53,81% das cooperativas o valor engadido xerado non chega aos 100.000 euros, e un 23,98% nin sequera alcanza os 30.000 euros. Entre os 100.000 e os 300.000 –que é o intervalo onde se situaría a cooperativa media– atópanse 55 das 171 cooperativas de traballo asociado, que representan un 32,16%. Por último, unicamente en 26 cooperativas –que representan o 15,20% da clase– o valor engadido obtido supera os 300.000


¹²⁹ Posibelmente explicado polo cambio na composición da mostra. Un 25% das cooperativas presenta consumos superiores ao 46% e unicamente tres empresas superan neste ano un peso do 50% do consumo.

euros. A este último grupo pertencen 12 das 21 cooperativas que superan o millón de euros de ingresos de explotación. En relación cos datos do *Informe 2007*, obsérvase un lixeiro aumento nas porcentaxes de cooperativas que se sitúan nos intervalos inferiores aos 100.000 euros e, igualmente, na correspondente ao número das que superan a cota dos 300.000 euros.

- b) No sector primario, ao que corresponde un valor engadido medio de 61.544,3, só tres cooperativas se sitúan por riba dos 100.000 euros e ningunha no intervalo superior. Trátase de cooperativas cuxos ingresos de explotación eran tamén os máis altos do grupo, pois se situaban no intervalo comprendido entre os 300.000 e os 600.000 euros. Pola contra, sete das trece cooperativas deste sector pertencen ao intervalo de menor valor engadido.
- c) Ao sector secundario pertencen trece das cooperativas con cifras de valor engadido superiores aos 300.000 euros, pero outras 38 cooperativas –que representan un 49,35% do sector– non alcanzan os 100.000 euros. Entre os distintos grupos que se identifican, cómpre sinalar que son as cooperativas de “outras industriais” as que obteñen maiores cotas de valor engadido –unha media de 368.083,73 euros–, con dez cooperativas situadas no intervalo superior. Polo que respecta ao subsector “construción”, onde o valor engadido medio alcanza os 538.082,05 euros, só dúas cooperativas pertencen a ese intervalo¹³⁰, mentres que trece cooperativas –que representan un 54,17%– non alcanzan os 100.000 euros. Por último, no sector téxtil, cun importe medio de 102.926,64 euros, unicamente unha cooperativa se sitúa no intervalo superior, mentres que para dezaseis cooperativas –que representan un 59,26%– o valor engadido é menor de 100.000 euros, e delas oito cooperativas xeran cifras inferiores aos 60.000 euros.
- d) O valor engadido xerado medio do sector terciario é de 127.530,6 euros, un importe que corresponde ao penúltimo dos intervalos, que é onde se sitúa o grupo máis numeroso de cooperativas desta clase (26 cooperativas). Non obstante, a forte heteroxeneidade que se observa neste sector fai que sexa o que concentra o maior número de cooperativas situadas no intervalo inferior (24 cooperativas, que representan un 29,63% do sector) e no extremo oposto hai trece cooperativas (que representan un 16,05%) que xeran un valor engadido que se sitúa por riba dos 300.000 euros.

¹³⁰ Estas dúas cooperativas xeran o 28,89% do total de valor engadido da clase traballo asociado.

Gráfica 25.- Distribución das cooperativas de traballo asociado por valor engadido



FONTE: Elaboración propia.

Por outra parte, o importe de valor engadido non se corresponde necesariamente co peso relativo que alcanza con respecto á cifra de ingresos, reflectindo as peculiaridades dos distintos sectores (cadro 37):

- Así, no sector primario o peso relativo medio é dun 36,88%, inferior, polo tanto, á media da clase (43,84%), pero algunhas cooperativas dedicadas a actividades intensivas no uso de traballo ou capital fixo¹³¹ presentan taxas sensiblemente superiores.
- No sector secundario o peso medio é do 46,01%, pero, mentres que as cifras absolutas máis elevadas correspondían ás empresas da construción, é o subsector téxtil ao que lle corresponde a maior importancia relativa: un valor por termo medio do 54,41%, pero que para máis das tres cuartas partes das cooperativas é superior ao 75%. Séguelle en importancia o grupo “outras industrias”, cun valor medio dun 47,01%, o que reflicte a forte intensidade do traballo na actividade destes subsectores¹³².
- Loxicamente, no sector terciario o peso relativo medio é inferior (38,60%) como consecuencia da importancia na mostra daquelas cooperativas dedi-

¹³¹ Extracción de minerais, silvicultura.

¹³² Un 25% das empresas téxtiles xeran taxas de valor engadido por riba do 90% da cifra de ingresos. No grupo “outras industrias” e no subsector da construción tamén un 25% das cooperativas obtén pesos superiores ao 60%.

cadras ao comercio. Porén, tamén se atopan neste sector taxas elevadas de valor engadido correspondentes a actividades de servizos diversas¹³³. De feito, para un 25% das cooperativas o valor engadido obtido é superior ao 74,68%.

- En definitiva, igual que nos *Informes* anteriores, pode dicirse que a xeración de taxas elevadas de valor engadido é común a moitas das cooperativas de traballo asociado. Mesmo na construción –subsector que presenta o menor valor medio comentado da ratio– un 25% das cooperativas acadan valores superiores ao 60,25%. E no conxunto das cooperativas da clase un 50% obtén porcentaxes mínimas do 50,51%.

Cadro 37.- Valor engadido sobre ingresos de explotación nas cooperativas de traballo asociado

	PRIMARIO	SECUNDARIO			TERCIARIO
		Construción	Téxtil	Outras ind.	
Valor engadido/Ingresos de explotación	36,88%	43,85%	54,41%	47,01%	38,60%
Mínimo	-26,084,95%	6,17%	-7,23%	-25,50%	-157,14%
Cuartil 1	25,68%	24,22%	75,87%	36,88%	25,91%
Mediana	35,65%	39,98%	87,01%	47,29%	48,32%
Cuartil 3	57,41%	60,25%	91,29%	64,38%	74,68%
Máximo	91,20%	100,14%	95,28%	97,81%	99,88%

FONTE: Elaboración propia.

Non obstante, o elevado das taxas non garante a suficiencia do valor engadido para a remuneración dos diversos factores que contribúen á súa obtención (cadro 38). A remuneración do factor traballo¹³⁴ segue a ser o principal destino do valor engadido en todos os grupos; porén, existen diferenzas entre eles que fan que non en todos os casos abonde para a cobertura das necesidades totais. Así, cómpre destacar o seguinte:

- En particular, no sector primario e no subsector téxtil do secundario¹³⁵ os gastos de persoal son superiores ao valor engadido xerado, revelándose este insuficiente para a remuneración do resto dos factores; porén, existen diferenzas entre estes dous grupos. Nas cooperativas do téxtil, ademais de ser superior a taxa de valor engadido con relación aos ingresos, como xa se

¹³³ Asesorías, reparacións, laboratorios, sanidade...

¹³⁴ Os gastos de persoal inclúen, xunto coa remuneración aos traballadores, os importes que na conta de resultados figuran como adquisicións aos socios.

¹³⁵ Para o conxunto do sector secundario, os gastos de persoal representan por termo medio o 93,6% do valor engadido.

comentou, resalta a importancia relativa da participación destes gastos, que é superior ao 95,76% para un 75% dos casos. Pola súa parte, a elevada porcentaxe do sector primario explícase pola influencia de catro das trece cooperativas do grupo; a un 50% dos casos correspóndelles valores inferiores ao 79,6%.

- b) No grupo de cooperativas dedicadas á construción o valor engadido cobre tanto as remuneracións do persoal como as correspondentes aos capitais alleos utilizados para o financiamento da actividade, e tamén é suficiente para compensar a depreciación do equipo produtivo. É preciso matizar que a elevada folgura dos valores medios deste subsector non é tal nunha maioría de cooperativas (75%), onde os gastos de persoal absorben máis do 89,98% do valor engadido.
- c) Para as cooperativas agrupadas en “outras industrias”, a porcentaxe que representan por termo medio os gastos de persoal é dun 93,84%, e o valor engadido non absorbido non resulta suficiente para a cobertura dos gastos por amortización e dos financeiros. Neste grupo obsérvase que mentres que nun 25% dos casos o valor engadido é inferior aos gastos de persoal, noutro 25% a situación é moito máis folgada que na media, con porcentaxes de gastos de persoal sobre o valor engadido inferiores ao 83,4%.
- d) Por último, o sector terciario presenta tamén este ano unha situación moi axustada, por canto o valor engadido é suficiente, pero cunha escasa marxe, para a cobertura dos gastos financeiros e dotacións á amortización unha vez satisfeitas as remuneracións aos traballadores.

Cadro 38.- Distribución do valor engadido nas cooperativas de traballo asociado

	PRIMARIO	SECUNDARIO			TERCIARIO
		Construción	Téxtil	Outras ind.	
Valor engadido	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
Gastos de persoal	100,52%	40,63%	103,29%	93,84%	91,14%
Dotacións para amortiz. do inmovilizado	64,56%	3,94%	2,46%	6,90%	5,30%
Gastos financeiros	6,53%	2,71%	1,52%	1,33%	2,66%

FONTE: Elaboración propia.

Obsérvase, polo tanto, que con excepción de casos particulares non existe marxe para outras remuneracións aos socios que as que corresponden ao traballo realizado na cooperativa.

Neste sentido, tendo en conta que o obxectivo principal dos socios na constitución da cooperativa de traballo asociado é, precisamente, o emprego e a obtención dun nivel salarial adecuado, cómpre preguntarse sobre a contía me-

dia das remuneracións obtidas e a súa relación coa observada insuficiencia do valor engadido. No conxunto da clase o gasto de persoal medio por traballador é de 16.525,52 euros, un importe superior ao recollido no *Informe 2007* nun 65,25% e que, como naquel ano, agocha diferenzas entre os distintos sectores (cadro 39).

- a) No sector primario o gasto de persoal por traballador está moi por baixo da media indicada e por baixo tamén do importe que se recollía no *Informe 2007*. No cadro 39 pode observarse que esta remuneración coincide practicamente coa creación de valor atribuíbel a cada empregado e, a través da ratio “valor engadido/gastos de persoal”, pode atoparse unha indicación de que neste sector aparecen as cifras medias máis baixas de produtividade do traballo¹³⁶.
- b) No sector secundario a remuneración ascende de media a 19.689,02 euros, importe que ten pouco que ver co correspondente aos tres grupos que se diferenciaron neste sector.
- Como xa se poñía de manifesto nos *Informes* anteriores, o subsector téxtil é o que presenta uns salarios máis baixos, salarios que reflicten unhas condicións laborais características deste subsector, no que a maior parte da man de obra son mulleres do medio rural que compatibilizan esta ocupación cos labores da casa. Neste grupo os salarios seguen a ser superiores ao valor engadido por traballador, apreciándose con respecto ao 2007 un incremento na produtividade.
 - Polo que se refire á agrupación “outras industrias”, e tamén como en anos anteriores, presenta o importe máis alto da remuneración do traballador. Porén, aínda que o valor engadido por empregado é elevado (26.539,59 euros), é menor que o obtido anteriormente, e a produtividade media diminúe.
 - No sector da construción prodúcese as maiores variacións no sector secundario. Os datos reflicten un importante incremento dos salarios (un 43,75%) que, porén, non chegan a alcanzar a media da clase. Este incremento é inferior ao que corresponde ao valor engadido por persoa, relacionado cun aumento tamén moi elevado da produtividade que resulta na maior das taxas da clase.
- c) Finalmente, no sector terciario os salarios (12.062,24 euros por traballador) tamén se incrementan, aínda que en menor contía que os medios da

¹³⁶ Non era esta a situación presentada no *Informe* anterior, no que os datos indicaban unha maior contribución do traballador á xeración de valor engadido e unha produtividade superior á do resto das cooperativas de traballo asociado.

clase, polo que este ano se sitúan por baixo dese valor medio. A taxa de produtividade é só lixeiramente inferior á correspondente ao 2007.

Cadro 39.- Valor engadido e gastos de persoal nas cooperativas de traballo asociado

	PRIMARIO	SECUNDARIO			TERCIARIO
		Construción	Téxtil	Outras ind.	
Valor engadido por traballador	8.380,38	27.982,62	7.245,52	26.539,59	13.234,40
Gastos de persoal por traballador	8.423,69	11.369,38	7.483,77	24.904,21	12.062,24
Valor engad./Gastos de persoal	99,49%	246,12%	96,82%	106,57%	109,72%

FONTE: Elaboración propia.

Dos restantes elementos que participan na formación do resultado de explotación, a dotación para a amortización dos inmovilizados, relacionada co importe de inmovilizados afectos á actividade, e que reflicte o desgaste que sofren como consecuencia desa actividade, ten un peso relativo elevado (23,81%) no sector primario como consecuencia dos maiores investimentos en activos fixos necesarios nese sector. No resto de agrupacións, agás casos illados, as porcentaxes correspondentes non superan as medias respectivas, como corresponde ao escaso dos investimentos permanentes.

Unha vez considerados “outros resultados”, en xeral de escasa importancia¹³⁷, o resultado de explotación das cooperativas de traballo asociado, aínda que por termo medio é positivo (alcanza un valor de 2.632,65 euros e representa un 0,54% dos ingresos¹³⁸), presenta signo negativo nas cooperativas dos sectores primario e terciario e tamén nos grupos do téxtil e “outras industrias” do sector secundario; unicamente o subsector da construción¹³⁹ obtén beneficios no 2010.

O resultado financeiro, pola súa parte, é negativo en todos os sectores e subsectores. A elevada importancia dos gastos financeiros, particularmente no sector primario¹⁴⁰ onde representan un 2,41% dos ingresos, e o reducido im-

¹³⁷ A excepción do sector primario onde, fundamentalmente debido á imputación de subvencións ao capital ao resultado do exercicio, a cifra representa un 22,98% dos ingresos de explotación.

¹³⁸ Contías moi inferiores ás xa escasas recollidas no *Informe 2007*.

¹³⁹ Se se considera o número de cooperativas con resultados positivos e negativos, a repartición é máis equilibrada: 88 cooperativas da clase obteñen beneficios (un 51,46%), e delas nove son do sector primario (un 69% das desta agrupación), 41 do terciario (50,61%) e 40 do secundario. Un 51,95% do sector, que se reparten entre construción (quinze, un 62,5%), téxtil (doce, un 44,44%) e “outras industrias” (trece, un 50%).

¹⁴⁰ En valor absoluto os gastos financeiros son moito máis elevados no subsector da construción (14.428,68 euros), pero a máis elevada cifra de ingresos de explotación reduce a súa importancia porcentual a un 1,18%.

porte dos ingresos desta natureza, resultan nunha cifra media de -3.868,81 euros, que tamén por termo medio absorbe un 0,79% dos ingresos, importes moi semellantes aos do 2007.

O escaso dos resultados de explotación, unido ao signo negativo dos correspondentes á actividade financeira, dan lugar a un resultado final medio negativo. Cómpre destacar, porén, que non é así para unha parte importante das cooperativas da clase (un 48,53%), que xeran beneficios aínda que estes non superan o 1% da cifra de negocios máis que en 56 casos (un 32,75%), e se se considera unha taxa do 10% o número redúcese a trece casos¹⁴¹ (7,6%). Todos estes cálculos debuxan unha situación máis negativa que a correspondente ao *Informe 2007*.

2.2.2.1. Rendibilidade

Realízase, por último, a análise da rendibilidade das cooperativas de traballo asociado a partir do valor das ratios recollidas no cadro 40.

Para calcular a rendibilidade económica, como xa se comentaba no apartado 2.1, exclúese do resultado de explotación a cifra correspondente aos outros resultados coa finalidade de facilitar a comparabilidade destes datos cos calculados en anteriores *Informes*¹⁴². A ratio así determinada resulta nun valor medio negativo para o conxunto das cooperativas da clase (un -0,17%), con moi importantes diferenzas entre os sectores e subsectores.

- a) Nas cooperativas do sector primario a ratio é negativa e tamén é a máis baixa da clase. A forte diminución dos ingresos neste sector, que afecta ás ratios de rotación de activos pero, sobre todo, á marxe de beneficios, é o factor causante da pronunciada caída da rendibilidade.
- b) O subsector da construción é o único que presenta signo positivo da ratio¹⁴³, unha rendibilidade do 2,89%, inferior á calculada para o 2007 (3,77%) como consecuencia da caída na marxe de beneficios. Os valores da rotación, aínda que se reducen para o activo fixo, que xa se viu que incrementaba a súa importancia neste ano, presentan valores semellantes aos daquel ano para o total do investimento.

¹⁴¹ Tres no sector primario, cinco no terciario e cinco no secundario, destas últimas tres pertencen ao sector da construción e unha a cada un dos outros grupos.

¹⁴² Esta exclusión, para os efectos de comparación con outros posíbeis estudos, non afecta de forma significativa máis que ás cooperativas do sector primario que, como xa se indicou, son as únicas nas que esta cifra é importante con respecto aos ingresos.

¹⁴³ É o determinante de que a ratio do sector secundario sexa, así mesmo, positiva (un 1,17%).

- c) No téxtil, aínda que mellora con respecto á cifra presentada en *Informes* anteriores, a rendibilidade é negativa e inferior á media da clase, malia presentar as ratios de rotación máis elevadas de todos os grupos. De novo o deficitario da marxe de beneficios explica os baixos valores desta ratio.
- d) A rendibilidade da agrupación “outras industrias” é negativa, a máis aproximada á media da clase. Neste grupo de cooperativas prodúcese unha importante caída con respecto ao 2007, no que presentaba a maior das taxas de rendibilidade económica da clase traballo asociado (4,33%). A explicación, neste caso, suma á caída da marxe¹⁴⁴ a redución das ratios de rotación, sobre todo do circulante. Vendas ou cobramentos máis lentos poderían ser, entón, factores desencadeantes desta menor rendibilidade.
- e) No sector terciario prodúcese tamén unha caída da rendibilidade económica: do 1,90% ao -0,30%. A rotación de activo mellora, aínda que moi lixeiramente. Polo tanto, é unha vez máis o crecemento dos gastos derivados da actividade, en maior proporción que os ingresos, o que explica este descenso.

Por outra parte, como corresponde ás diferenzas no resultado xa comentadas, os valores medios son inferiores aos individuais para un número considerábel de casos. Cando menos un 25% das cooperativas en todos os grupos presenta rendibilidades moito máis altas¹⁴⁵ que as recollidas no cadro 40.

Cadro 40.- Rendibilidade empresarial nas cooperativas de traballo asociado

	PRIMARIO	SECUNDARIO			TERCIARIO
		Construción	Téxtil	Outras ind.	
Rendibilidade económica	-8,23%	2,89%	-4,88%	-0,12%	-0,30%
Rendibilidade financeira	-1,36%	1,95%	-7,20%	-1,36%	-4,60%
Marxe de beneficios	-23,71%	2,17%	-3,12%	-0,09%	-0,21%
Rotación de activos	0,35	1,33	1,56	1,44	1,40
Rotación de activo fixo	0,52	6,67	7,42	7,57	4,08
Rotación de activo circulante	1,03	1,66	1,98	1,79	2,14

FONTE: Elaboración propia.

A rendibilidade financeira ou dos recursos propios é negativa a excepción, unha vez máis, do sector da construción e, ao igual que a económica, as ratios son inferiores ás recollidas no *Informe 2007*. Polo xeral, a rendibilidade dos recursos propios é inferior ao rendemento dos activos totais, reflectíndose ne-

¹⁴⁴ Que, con todo, segue a ser o máis alto da clase con excepción da construción.

¹⁴⁵ Superiores ao 4,42% no sector primario, ao 3,4% no téxtil ou 5,87% no terciario.

sas diferenzas o distinto grao de endebedamento dos sectores e grupos analizados.

2.3. ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCIERA DOUTRAS CLASES DE COOPERATIVAS

2.3.1. ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCIERA DAS COOPERATIVAS DE ENSINO

Para a realización da análise desta clase dispúxose de datos contábeis correspondentes a 38 cooperativas dedicadas ao ensino dun total de 58 activas no mes de decembro de 2010, é dicir, un 65,52%. Por termo medio, o volume de activo empregado na actividade é de 317.673,38 euros, e os ingresos de explotación ascenden a 524.023,09 euros. O número de traballadores total é de 788,87 e o número de socios é de 354, o que supón unhas cifras medias de 20,76 e de 9,3, respectivamente¹⁴⁶.

Comparativamente, en relación cos datos recollidos no exercicio 2007, obsérvase que mentres que a cifra media de ingresos apenas crece (un 0,6%), o tamaño medio medido pola cifra de investimento redúcese nun 18,86%, diminuíndo tamén de modo significativo o número medio de traballadores (un 24,76%).

2.3.1.1. Análise da situación financeira

A composición dos recursos económicos e financeiros das cooperativas de ensino, así como a correlación que existe entrambos os dous tipos de recursos, preséntase na gráfica 26. Polo que respecta á estrutura económica ou activo, o indicado na gráfica complétase coas seguintes observacións:

- Os investimentos de maior importancia son os realizados na estrutura permanente da cooperativa. O activo fixo presenta un peso relativo do 65,59% do activo total e un valor medio de 208.362,5 euros, o que supón un investimento medio por socio de 22.366,6 euros. Estes datos confirman a xa comentada redución do investimento nas cooperativas desta clase¹⁴⁷.
- Dentro do activo permanente, o de carácter material representa a práctica totalidade, alcanzando por termo medio un 97,37% -incluídos os investimentos de carácter inmobiliario-, que se corresponde coa importancia da

¹⁴⁶ Sete cooperativas obteñen ingresos por riba do millón de euros, dúas teñen máis dun millón de euros de activo, cinco teñen máis de cincuenta traballadores, e tres máis de vinte socios.

¹⁴⁷ O investimento medio en activo permanente no 2007 era de 256.705,29 euros, isto é, 25.831,98 euros por socio.

dotación de infraestruturas que se supón que necesita o desenvolvemento da actividade (edificios, instalacións, equipos informáticos...). Os pesos relativos dos restantes compoñentes do activo fixo apenas chegan a representar un 1% do investimento permanente. Así mesmo, aínda que algunhas cooperativas presentan investimentos de carácter financeiro dunha certa importancia en termos porcentuais, revélanse pouco significativos de considerarmos o seu valor absoluto¹⁴⁸.

- c) No circulante presentan unha especial importancia a tesourería (un 46,34%) e os investimentos financeiros no curto prazo (un 18,75%). Aínda que os pesos indicados sobre o activo no curto prazo son máis baixos que os correspondentes aos anos 2005 e 2007¹⁴⁹, confírmase a elevada liquidez do activo circulante das cooperativas desta clase. Cómpre precisar que a importancia destas partidas é moito menos frecuente para os investimentos financeiros –presentes nun reducido número de cooperativas¹⁵⁰– que para a tesourería, que en máis da metade dos casos é superior ao 50% do activo no curto prazo.
- d) Os dereitos de cobramento seguen en importancia, con respecto ao circulante, aos recursos líquidos. Estes representan por termo medio un 30,99% do curto prazo e un 10,66% do total. No 2010 estas porcentaxes son superiores ás presentadas nos anos 2005 e 2007. Ao igual que sucedía nestes anos, o peso dos debedores redúcese considerabelmente cando se analizan as composicións do activo individualmente e, ademais, parece estar inversamente relacionado coa importancia do investimento en inmovilizado, feito que se atribúe a diferenzas na actividade¹⁵¹.
- e) Por último, os pesos relativos das existencias, que representan un 3,1% do activo circulante e un 1,35% do total, denotan a escasa importancia desas existencias na actividade desenvolvida polas cooperativas desta clase¹⁵².

¹⁴⁸ A cifra máxima neste tipo de investimentos é de 27.000 euros. Tres cooperativas das máis pequenas da clase e nas que os investimentos permanentes están moi por baixo da media son as que investiron recursos en activos financeiros no longo prazo por riba dos 20.000 euros.


¹⁴⁹ Porén, presentan cada vez máis importancia sobre o activo total. No 2005 estas categorías en conxunto representaban o 18,3%, no 2007 o 21,99% e neste exercicio o 22,39%.

¹⁵⁰ Só en nove cooperativas o investimento financeiro é superior aos 3.000 euros, e unicamente seis teñen investimentos por unha contía superior ao 10% do activo.

¹⁵¹ É posíbel que naquelas cooperativas nas que o inmovilizado é pequeno e os dereitos de cobramento son importantes a actividade desenvolvida consista na organización de cursos por conta doutras entidades. Non precisan de instalacións propias e contan con prazos de cobramento máis longos que cando o servizo se lles presta aos particulares.

¹⁵² Nun 75% das cooperativas o valor das existencias é inferior aos 558 euros.

Gráfica 26.- Estructura económico-financieira das cooperativas de ensino



FONTE: Elaboración propia.

Por outro lado, e polo que se refire á composición da estrutura financeira, na gráfica 26 pode apreciarse que os recursos propios son a principal fonte de financiamento nas cooperativas de ensino, dado que o seu peso nesa estrutura é dun 52,76%. Porén, cómpre sinalar que estes recursos diminuíron a súa importancia en relación coa que presentaban na composición analizada no *Informe 2007* –na que o peso dos recursos propios era dun 58,58%–, pero non en relación coa recollida no *Informe 2005* –onde eses recursos representaban un 50,36%–. Con respecto ao *Informe 2007*, no que se recollía a existencia dun grupo de cooperativas moi endebedadas e cun elevado grao de dependencia dos seus acredores, é preciso salientar o aumento en importancia dese grupo: no 2010 as cooperativas nas que os recursos propios non chegan a representar o 20% do financiamento son un 31,58% da mostra, fronte a un 21,87% que representaban aquelas ás que se facía referencia no dito *Informe*.

Entre as partidas que compoñen o patrimonio neto da cooperativa de ensino, pode destacarse o seguinte:

- O capital social segue a ser a partida de maior importancia, representando un 84,41% deste patrimonio e un 44,54% dos recursos totais. A achega media do socio ao capital é de 15.187,88 euros; porén, nun 50% dos casos o esforzo do socio é moi inferior, pois non alcanza os 3.793,87 euros.
- En canto á importancia das reservas, cífrase nun peso relativo medio do 23,05% do patrimonio neto e do 12,15% do total do balance. Unha vez máis, estes pesos agochan notábeis diferenzas entre as cooperativas: nun 25% dos casos as reservas ou resultados de exercicios anteriores son negativas –o mesmo que indicaban os datos do exercicio 2007–, mentres que

noutro 25% a súa importancia relativa no total do financiamento supera o 24,7%, máis que duplicando o peso medio.

- Polo que se refire ás achegas de terceiros non reintegrábeis, é dicir, as subvencións en capital, cun peso medio do 1,03% do total, poden ser consideradas fontes de financiamento de importancia residual. Só nunha cooperativa moi pequena chegan a representar un 10% do financiamento.

Por outra parte, na estrutura financeira media os recursos alleos no curto e no longo prazo están presentes en proporcións dun 26,11% e dun 21,13% do financiamento total, respectivamente. De forma particular, e con respecto á débeda no curto prazo, a comparación temporal mostra un incremento continuado no uso da dita débeda no financiamento: un 21,58% no 2005 e un 25,10% no 2007. Non obstante, este incremento non aparenta ser preocupante, pois, por un lado, o nivel de débeda total representa menos da metade do financiamento e, por outro lado, o peso da débeda a curto prazo non é moi superior ao da débeda no longo prazo.

O financiamento no longo prazo, ademais de ser superior ao do curto, é suficiente para a cobertura dos investimentos permanentes da cooperativa, dando como diferenza a existencia dun fondo de rotación positivo de 26.380,28 euros por termo medio. Este valor é moi similar ao do 2007, pero son máis as cooperativas que presentan un fondo de rotación negativo no 2010: dezaseis cooperativas, que representan un 42,11% da mostra, fronte ao 28% daquel ano.

Así e todo, e a vulgar polos valores que presentan as ratios de capacidade de pagamento, non parece que existan problemas para que a meirande parte das cooperativas desta clase poida afrontar as súas obrigas no curto prazo. Mesmo os valores medios destas ratios (cadro 41) experimentan melloras con respecto á situación que se presentaba no *Informe 2007*, pois, tal e como se indicaba daquela, se se considera o escaso das existencias dentro do activo circulante e o alto grao de liquidez xa comentado desta masa patrimonial, pode dicirse que todas as ratios indican a ausencia de dificultades de pagamento cando menos para un 75% das cooperativas de ensino.

Cadro 41.- Ratios de capacidade de pagamento nas cooperativas de ensino

	VALOR MEDIO	MÍNIMO	CUARTIL 1	MEDIANA	CUARTIL 3	MÁXIMO
Solvencia	1,32	0,01	0,60	1,38	2,46	14,18
Liquidez no curto prazo	1,27	0,01	0,60	1,25	2,45	13,61
Tesourería	0,86	0,01	0,16	0,75	2,03	10,23

FONTE: Elaboración propia.

2.3.1.2. Análise dos resultados

Os valores medios dos diferentes conceptos de ingreso, gasto e resultado correspondentes ás cooperativas de ensino determinan a composición da conta de resultados (cadro 42).

Cadro 42.- Conta de resultados nas cooperativas de ensino

	VALOR MEDIO (euros)	% INGRESOS DE EXPLOTACIÓN
Ingresos de explotación	524.023,09	100,00
Importe neto da cifra de negocios	235.347,95	44,91
Consumos de explotación	-26.374,62	-5,03
Outros gastos de explotación	-117.491,79	-22,42
Valor engadido	380.156,68	72,55
Gastos de persoal	-372.940,00	-71,17
Dotacións para amortización de inmovilizado	-17.301,66	-3,30
Outros resultados	1.992,61	0,38
Resultado de explotación	-8.092,37	-1,54
Ingresos financeiros	423,86	0,08
Gastos financeiros	-4.175,05	-0,80
Resultado financeiro	-3.660,25	-0,70
Resultado antes de impostos	-11.752,62	-2,24
Imposto sobre sociedades	-956,73	-0,18
Resultado do exercicio	-12.709,35	-2,43
Ingresos imputábeis ao fondo de educ., form. e promoción		0,00
Xuros das achegas ao capital social e a outros fondos	-2.999,89	-0,57
Dotación ao fondo de educación, formación e promoción	-60,97	-0,01
Excedente da cooperativa	-15.770,22	-3,01

FONTE: Elaboración propia.

Da análise da composición da conta, pode salientarse o seguinte:

- A diferenza do que acontece nas outras clases de cooperativas, onde o peso relativo da cifra correspondente á partida “importe neto da cifra de negocios” é con frecuencia elevado, nas cooperativas de ensino esa partida –na que se recolle a facturación derivada da actividade principal– representa unicamente o 44,91% dos ingresos de explotación da cooperativa. Así, os “outros ingresos”, que se presume que corresponden ás subvencións recibidas como consecuencia dos concertos que moitas destas cooperativas manteñen coa Administración¹⁵³, achegan unha media do 55,09% dos totais de

¹⁵³ Coa finalidade de permitir un menor prezo que o correspondente ao custo dos servizos prestados.

explotación. De todas as formas, é preciso sinalar que mentres que para un 25% das cooperativas de ensino a importancia destes ingresos é aínda máis elevada do que indica a media (superior ao 74,2%), noutro 25% dos casos o “importe neto da cifra de negocios” representa máis do 99,95% dos ingresos de explotación.

- b) Os gastos derivados da adquisición de servizos a terceiros son os de maior importancia, pois representan de media un 22,42% da cifra de ingresos.
- c) O valor engadido é elevado, xa que supón un 72,55% dos ingresos da clase, como corresponde a unha actividade de prestación de servizos especializados. Este valor engadido, que se debe fundamentalmente ao traballo do persoal da cooperativa, é absorbido nun 98,10% polas remuneracións a ese persoal, representando de media uns 17.966,86 euros no 2010. Con respecto ao 2007, por un lado, diminuíu a porcentaxe do valor engadido xerado –que era do 73,28% nese ano– e, por outro, aumentou en algo máis de sete puntos a proporción do valor engadido absorbido polos gastos de persoal.
- d) As dotacións para a amortización do inmovilizado representan un 3,30% dos ingresos e un 4,55% do valor engadido, o cal, tendo en conta o xa indicado con respecto ao gasto de persoal, dá lugar a unha insuficiencia do valor engadido para compensar a perda de valor do inmovilizado. Como consecuencia disto, o resultado de explotación medio é negativo (-1,54%), o que supón un empeoramento da situación económica en relación co 2007, a pesar de que a marxe de beneficios a este nivel siga sendo superior ao 4% para un 25% das cooperativas.
- e) As perdas de explotación ou a escaseza nos resultados cando son positivos non permite afrontar a cobertura dos gastos financeiros a un 42,10% das cooperativas, gastos financeiros que de media supoñen un 0,80% dos ingresos de explotación. Pola contra, un 57,89% –frente ao 59,38% do 2007– obtén un resultado positivo, aínda que só nun 25% dos casos alcanza taxas iguais ou superiores ao 2,17%.

2.3.2. ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCIERA DAS COOPERATIVAS DE EXPLOTACIÓN COMUNITARIA

Das 38 cooperativas de explotación comunitaria activas a 31 de decembro do 2010 dispónse de información de 22 (un 57,89%). Conxuntamente, estas cooperativas presentan un volume de activo de 16.834.535,6 euros, que por termo medio supón un investimento por cooperativa de 765.206,16 euros. Os ingresos de explotación tamén en conxunto importan 8.929.107,36 euros, dos que resulta unha media de 405.868,52 euros. Igualmente, cada cooperativa ten de media 3,68 traballadores e conta con 25 socios. En xeral son cooperativas

de reducido tamaño: só dúas das incluídas na mostra alcanzan á vez un activo e unha cifra de negocios superior ao millón de euros, e poucas son as que superan as cifras medias indicadas¹⁵⁴.

A comparación cos datos recollidos no *Informe 2007* mostra unha redución en todas as medidas de tamaño utilizadas, redución que tamén se advirte na consideración individualizada dos datos de moitas das cooperativas incluídas nas dúas mostras, sobre todo polo que respecta á cifra de ingresos.

2.3.2.1. Análise da situación financeira

No activo e no pasivo da cooperativa media pode verificarse a importancia relativa das principais masas patrimoniais e a correlación entre elas (gráfica 27).

Na composición do activo predomina o de carácter permanente, cun peso relativo do 58,20%, que en valor absoluto corresponde a un investimento medio de 445.353 euros; e, desta cifra, o inmovilizado material representa un 83,49% –é dicir, un 48,59% do activo total–. Isto indica a importancia dos investimentos desta natureza para as cooperativas de explotación en común, e particularmente entre as predominantes na mostra dedicadas á actividade gandeira¹⁵⁵, ás que en moitos casos lles corresponden as porcentaxes agrupadas no último dos cuartís, que revelan un investimento en activo fixo material por riba do 74,97% do activo total. Os activos intanxíbeis representan un 5,38% do total, sendo aínda menos importantes os de carácter financeiro, que só representan un 3,87%¹⁵⁶.

As elevadas necesidades de activo fixo reflíctense tamén no esforzo investidor por socio. Por termo medio o importe de activo fixo por socio é de 17.814,12 euros, situándose unha vez máis no último cuartil. Con importes comprendidos entre os 107.053,33 euros e os 193.089,01 euros atópanse os valores correspondentes ás empresas gandeiras xa mencionadas.

Ao compararmos estes valores e porcentaxes cos recollidos no *Informe 2007* advírtese unha diminución dos investimentos en activo fixo, tanto no seu valor absoluto coma no importe por socio. Esta diminución afecta en menor medida ao inmovilizado material, de aí que o peso relativo se incrementa.


¹⁵⁴ Cinco cooperativas en relación coa cifra do activo, nove cooperativas en función dos indicadores de ingresos, e oito cooperativas polo que respecta ao número de traballadores.

¹⁵⁵ Coas necesidades que supón polo que respecta ás instalacións para estabulación, á maquinaria de cultivo ou ao propio gando.

¹⁵⁶ Neste caso, catro cooperativas presentan investimentos financeiros de relativa consideración sobre o total do activo (máis do 10%).

Na composición do circulante non son moitos os cambios que deben salientarse con respecto aos *Informes* anteriores. Os debedores seguen sendo a partida principal, con pesos relativos dun 63,21% ou dun 26,42% do activo total, mentres que as existencias presentan unha importancia moito menor –un 28,54% do circulante e un 11,93% do total–, como consecuencia das características do produto¹⁵⁷ destas cooperativas. Con todo, as variacións nos pesos relativos incrementáanse para estas dúas partidas, o que implica unha redución da importancia dos activos máis líquidos, da tesourería e dos investimentos financeiros no curto prazo¹⁵⁸, pois dun 23,74% do circulante pasan a presentar unha importancia relativa do 8,26% desta masa patrimonial.

Gráfica 27.- Estrutura económico-financieira da cooperativa de explotación en común



FONTE: Elaboración propia.

Polo que se refire á composición da estrutura financeira, na gráfica 27 pode observarse que a cooperativa de explotación en común se financia maioritariamente con débeda (un 58,43%). Porén, é preciso destacar que o peso relativo da débeda diminuíu dende o 2007 e que, ademais, está medrando o número de casos nos que o financiamento con neto iguala ou supera a débeda (un 11,84% no 2007, fronte a un 45,4% no 2010). Así mesmo, a maior diminución da débeda tivo lugar en relación coa débeda no longo prazo (o 30,95% no 2007, fronte ao 21,35% actual), mentres que a importancia relativa da débeda no curto prazo¹⁵⁹ aumentou en algo máis dun 1%. Aínda así, como se recollía

¹⁵⁷ O predominio de empresas gandeiras, onde non hai existencias almacenadas, explica o escaso peso das existencias.

¹⁵⁸ Fundamentalmente, a tesourería; os investimentos financeiros só están presentes en cinco cooperativas.

¹⁵⁹ Cómpre salientar que na importancia da débeda no curto prazo ten moita influencia o feito de que a cooperativa máis grande da clase presente un importe moi elevado de débeda no curto prazo con socios ou con empresas do grupo.

no *Informe 2007*, estas cooperativas diferéncianse das doutras clases –en particular, das restantes do sector agrario– por utilizar a débeda no longo prazo nunha contía importante.

Con respecto á composición do patrimonio neto, pode sinalarse o seguinte:

- O capital social supón un 15,12% dos recursos totais e o 36,36% do patrimonio neto da cooperativa, o que representa un pequeno incremento con respecto aos datos do 2007 que tamén se reflicte na achega media por socio (4627,13 euros). A pesar diso, segue presentando un escaso valor que non parece reflectir a importancia das probábeis contribucións dos socios (terras, gando...) á formación da estrutura permanente da cooperativa¹⁶⁰. Con todo, as achegas son considerabelmente superiores nun 25% das cooperativas, con máis de 25.256,51 euros por socio.
- As reservas son a partida máis importante do neto, alcanzando de media un peso do 20,03% do total do financiamento e un 48,19% dos recursos propios. En comparación cos datos presentados no *Informe 2007*, obsérvase un incremento moi considerábel nesta partida, pois practicamente triplica en importe e en importancia relativa as cifras daquel ano, o que é un sinal do notábel esforzo de autofinanciamento realizado por estas cooperativas nos últimos anos.
- A continuidade no autofinanciamento non parece posíbel neste ano, por canto o resultado do exercicio é negativo para un 54,55% das cooperativas. Só cinco cooperativas conseguen beneficios cunha importancia relativa superior ao 1% do total do balance.
- As subvencións en capital son outra importante fonte de recursos non esixíbeis, que achegan de media un 8,23% do financiamento global e un 19,80% do patrimonio neto. Trece cooperativas (un 59,09%) reciben algún tipo de axuda, aínda que só nun 25% dos casos o importe é superior aos 100.000 euros ou ao 11,4% dos recursos totais.

Na gráfica 27 tamén pode comprobarse a existencia dun fondo de rotación positivo, o que indica unha correlación adecuada, en principio, entre a estrutura financeira e a económica. O fondo de rotación medio é de 36.126,81 euros, cifra que case triplica o dato correspondente ao 2007, o que determina unha maior marxe de seguridade. Porén, o fondo de rotación é negativo para un 45,45% das cooperativas, o que apunta a que a mellora nos valores medios

¹⁶⁰ En anteriores *Informes* xa se comentaba a posibilidade de que esas contribucións foran instrumentadas como préstamos, o que, por outra banda, explicaría a importancia da débeda no financiamento.

non é representativa do conxunto da clase, xa que un 50% presenta valores inferiores aos 4.726,83 euros, mentres que outro 25% supera os 131.520,72 euros.

As diferenzas na marxe proporcionada pola contía do fondo de rotación tamén se reflicten nas medidas de solvencia ou na capacidade de pagamento no curto prazo recollidas no cadro 43. As ratios mostran unha situación na que, debido á escaseza das existencias nas cooperativas da clase, pode considerarse favorábel cando menos nun 50% dos casos, mentres que tamén como mínimo nun 25% dos casos a capacidade de pagamento parece comprometida. O activo convertíbel en liquidez no prazo dun ano non sería suficiente para facerlle fronte máis que á metade da débeda con vencemento nese período e, no caso de dificultades de realización das existencias, ese número de cooperativas só podería reembolsar un 24% desas obrigas.

Cadro 43.- Ratios de capacidade de pagamento no curto prazo

	VALOR MEDIO	MÍNIMO	CUARTIL 1	MEDIANA	CUARTIL 3	MÁXIMO
Solvencia	1,13	0,05	0,45	1,12	1,51	13,49
Liquidez no curto prazo	0,81	0,02	0,24	0,88	1,31	10,73
Tesourería	0,09	0,00	0,02	0,15	0,56	1,81

FONTE: Elaboración propia.

Con respecto ao exercicio 2007, a ratio de solvencia media experimentou unha pequena melloría. Porén, non é así para a ratio de liquidez e, sobre todo, para a de tesourería, coa excepción dun 25% das cooperativas, que se sitúan no último dos cuartís, onde a mellora é xeneralizada e onde o seu elevado valor mesmo podería ser considerado excesivo dende un punto de vista do aproveitamento de recursos.

2.3.2.2. Análise dos resultados

Da análise da conta de resultados (cadro 44), poden destacarse os seguintes aspectos:

- Os ingresos medios experimentaron, con respecto ao 2007, unha caída do 16,30%. Ademais, mentres que no 2007 un 50% das cooperativas analizadas superaban a cifra media de ingresos, neste ano só son o 40,9% as que se atopan nesas circunstancias.
- As vendas da cooperativa representan a principal fonte dos ingresos de explotación (un 86,84%), mentres que o resto (un 13,16%) presenta valores que se sitúan lixeiramente por riba dos rexistrados no 2007 (un 12,69%), o

que podería deberse á concesión de subvencións á explotación¹⁶¹ a estas cooperativas.

- O consumo de materias primas e auxiliares é o máis importante dos gastos derivados da actividade de explotación (un 58,89% dos ingresos), importancia que resulta superior á calculada no ano 2007 ao ser a redución nestes gastos inferior á que se produce na cifra de ingresos da cooperativa. As adquisicións de servizos representan un 18,27%.
- A importancia do valor engadido medio redúcese (pasando do 30,35% ao 22,84%) debido ao incremento do peso dos consumos. No exercicio 2010 o valor medio é de 92.714,6 euros, fronte aos 147.177,69 euros do 2007. Aínda así, a importancia con respecto aos ingresos segue sendo moito maior que a correspondente ao resto de cooperativas do sector agrario analizadas anteriormente (5,25%), como se podía esperar da maior actividade produtiva das cooperativas de explotación comunitaria. Cómpre destacar tamén que nun 50% das cooperativas a importancia do valor engadido é superior á obtida por termo medio, e que en sete dos casos analizados (o 31,8%) a taxa é superior ao peso medio xa comentado para o ano 2007 (un 30,35%).
- Os gastos de persoal tamén aumentan en importancia, pasando de representar un 11,98% dos ingresos no 2007 a un 15,03% no 2010, absorbendo unha maior parte do valor engadido (un 65,79%, fronte ao 39,46%) por mor da redución do valor engadido medio. O gasto de persoal por traballador é de 24.336,32 euros, cifra elevada con respecto ás outras clases analizadas, e que aumenta aínda que non o fai o valor engadido por traballador. A produtividade do factor traballo –medida como cociente entre o valor engadido e os gastos de persoal– neste ano tamén é máis reducida que no 2007: un 152%, fronte a un 253,41%.
- Nas cooperativas de explotación comunitaria tamén son importantes os gastos derivados da depreciación do inmovilizado. Estes gastos –as dotacións para amortizacións– absorben unha maior parte dos ingresos (un 12,53%) como consecuencia da caída destes, aínda que o seu importe medio (50.861,28 euros), calculado en función do importe amortizábel, se reducira neste ano.
- Os menores ingresos e o incremento dos pesos relativos dos diferentes conceptos de gasto orixinan unha redución do resultado de explotación, que neste exercicio é negativo malia o efecto, por termo medio positivo, dos resultados derivados de operacións de venda de activos, do traspaso de subvencións ao resultado ou de operacións extraordinarias.

¹⁶¹ Na cuarta parte das cooperativas esoutros ingresos poden chegar a supor máis do 30% dos obtidos no exercicio.

- h) Os gastos financeiros representan no 2010 un menor peso con respecto aos ingresos de explotación. Como se comentou no apartado anterior, a diminución da importancia da débeda explica unha redución no importe das cargas financeiras e, polo tanto, desta variación (do 2,32% ao 2,27%), a pesar da minoración dos ingresos medios. Porén, estes gastos absorben neste ano unha parte maior do valor engadido da cooperativa (un 9,95%, fronte ao 7,66% no 2007).
- i) Finalmente, os ingresos totais da cooperativa media non son suficientes para a cobertura de todos os gastos nos que se incorre, superándoos nun 3,41%. Aínda que un 45,45% das cooperativas analizadas obteñen beneficios, as cifras medias negativas indican un empeoramento na situación económica e na rendibilidade desta clase. Así, mentres que no 2007 xeraba uns excedentes do 7,98% dos ingresos –unha porcentaxe moi por riba da rexistrada noutras cooperativas agrarias–, neste ano non chega a alcanzar a escasa marxe obtida por estas (un 0,15%). Os resultados finais son tamén máis baixos que os que se recollían no *Informe 2005*, no que representaban como media un 1,67% e onde, ademais, eran negativos para máis dun 50% das cooperativas. Só sete das vinte e dúas cooperativas analizadas (un 31,82%) superan no 2010 esa marxe do 1,67%.

Cadro 44.- Conta de resultados nas cooperativas de explotación comunitaria

	VALOR MEDIO (euros)	% INGRESOS DE EXPLOTACIÓN
Ingresos de explotación	405.868,52	100,00
Importe neto da cifra de negocios	352.471,31	86,84
Consumos de explotación	-239.006,78	-58,89
Outros gastos de explotación	-74.147,14	-18,27
Valor engadido	92.714,6	22,84
Gastos de persoal	-60.995,66	-15,03
Dotacións para amortización de inmovilizado	-50.861,28	-12,53
Outros resultados	7.362,02	1,81
Resultado de explotación	-11.780,32	-2,90
Ingresos financeiros	4.930,71	1,21
Gastos financeiros	-9.227,52	-2,27
Resultado financeiro	-3.022,34	-0,74
Resultado antes de impostos	-14.802,66	-3,65
Imposto sobre sociedades	1.004,94	0,25
Resultado do exercicio	-13.797,72	-3,40
Ingresos imputábeis ao fondo de educ., form. e promoción	0	0,00
Xuros das achegas ao capital social e a outros fondos	0	0,00
Dotación ao fondo de educ., formación e promoción	-47,43	-0,01
Excedente da cooperativa	-13.845,15	-3,41

FONTE: Elaboración propia.

2.3.3. ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCIERA DAS COOPERATIVAS DE SERVIZOS E TRANSPORTES

As 68 cooperativas activas de servizos e transportes a 31 de decembro do 2010 están representadas na mostra por 36 cooperativas (un 52,94%): 15 da clase servizos e 21 dedicadas ao transporte. Estas 36 cooperativas en conxunto alcanzan unha cifra de investimentos de 171.665.686,12 euros e un volume de negocio de 590.022.861,48 euros, o que supón de media 4.768.491,28 euros para o activo e 16.389.523,9 euros de ingresos de explotación.

Estes datos, igual que sucedía nos anteriores *Informes*, están fortemente influídos por dúas cooperativas da clase servizos dedicadas á distribución, cuxos activos e ingresos suman 111.503.603,13 euros e 484.430.150,78 euros, respectivamente, é dicir, un 64,95% do investimento e un 82,10% da cifra de ingresos global¹⁶².

A presenza destas dúas cooperativas tamén inflúe nos resultados da análise comparativa con respecto aos datos presentados no *Informe 2007*: as cifras medias resultantes da súa inclusión na mostra experimentaron un incremento dende aquel ano; porén, de tomar os importes que resultan da non consideración destas, o tamaño medio das restantes medido pola cifra de activo diminúe un 6,55% ou un 20,71%, se se considera a cifra de ingresos.

Por outra banda, e polo que respecta ao número de traballadores, dispónse desta información para 28 cooperativas, que suman 423,57 empregados, do que resulta unha media de 15,12. En relación cos socios, cóntase con datos para 34 cooperativas, que agrupan un total de 2.516 socios, é dicir, un número medio de 74 por cooperativa. Estas cifras medias están, así mesmo, moi condicionadas polas dúas cooperativas de servizos mencionadas, ás que corresponden o 61,62% dos traballadores e o 49,64% dos socios¹⁶³.

2.3.3.1. Análise da situación financeira

Na gráfica 28 preséntase a estrutura do patrimonio que corresponde á cooperativa media desta agrupación.


No activo, o de carácter fixo representa un 22,70% e o circulante un 77,30%. O predominio do activo no curto prazo pode considerarse normal para a empresa dedicada á prestación de servizos. Moitas das cooperativas da clase presentan esta característica, mesmo en maior grao do que se indica para a media da clase no caso dalgunhas das dedicadas ao comercio. Porén, tamén é

¹⁶² As cifras medias, de non considerar estas dúas cooperativas, serían de 1.769.473,03 euros para os activos e de 3.105.667,96 euros para o volume de ingresos.

¹⁶³ De non incluír os seus datos, a media de traballadores sería de 6,3 e a de socios de 39,6.

posíbel atopar casos nos que o investimento en activo fixo é superior ao circulante como, por exemplo, en cooperativas dedicadas a prestar servizos de arrendamento de locais industriais ou empresas de transporte con frota propia de vehículos, actividades que precisan un volume de investimento permanente de contía máis elevada.

Gráfica 28.- Estructura económico-financiera das cooperativas de servizos e transportes



FONTE: Elaboración propia.

En comparación co 2007 apréciase un incremento na importancia relativa do activo no longo prazo, que se deriva do crecemento dos investimentos de carácter financeiro, que incrementan o seu peso relativo no total do activo, pasando do 3,85% ao 7,79%, e tamén do inmovilizado material, que pasa de representar un 11,41% ao 14,27%. Non obstante, hai que matizar que este incremento se deriva do efecto provocado polas adquisicións realizadas polas maiores entidades do grupo¹⁶⁴.

A cifra media de investimento de carácter permanente por socio é de 15.487,59 euros, aínda que un 50% das cooperativas presenta unha cifra moito menor: 2.940,64 euros.

No tocante á composición do activo circulante, e tamén de acordo co que cabería esperar da actividade, os debedores, como se reflicte nas porcentaxes correspondentes, son a partida máis importante: o 62,75% do circulante e o 48,50% do total, porcentaxes que mesmo son superadas por moitas das cooperativas¹⁶⁵. As existencias son a seguinte partida en importancia, que representan de media un 32,44% do curto prazo e un 25,08% do total. Non obstante,

¹⁶⁴ En relación co investimento de carácter financeiro, no 75% das cooperativas representa menos do 0,01% do total.

¹⁶⁵ A maioría das dedicadas ao comercio ou das que operan no sector transporte presentan pesos relativos superiores ao 60% do activo total.

te, esa importancia non está nin con moito tan xeneralizada como a dos debedores, senón que se debe practicamente ás grandes distribuidoras xa mencionadas, xunto con algunha outra cooperativa dedicada ao comercio. Por último, a tesourería presenta pesos medios do 3,65% do circulante e do 2,82% do investimento total, pero cómpre precisar que en moitas cooperativas a importancia é superior, e que nun 25% dos casos os recursos líquidos son máis do 17% do activo.

Polo que respecta á composición do pasivo, mantense a estrutura correspondente a anos anteriores, que se caracterizaba polo predominio da utilización da débeda no curto prazo no financiamento (un 60,97% do total). A importancia relativa dos recursos alleos no curto prazo diminúe este ano, mentres que se incrementan os recursos –tamén alleos– a máis dun ano, que pasan a representar un 7,64%, fronte ao 4,73% do exercicio 2007. Aínda así, son moitas as cooperativas¹⁶⁶ que non se financian apenas con débeda no longo prazo, e unicamente nun 25% dos casos se utiliza este tipo de financiamento en importancia superior ao 15% dos recursos totais, igual que no 2007.

O patrimonio neto representa un 31,39% do financiamento global e pesos aínda menores (inferiores ao 12,3%) para un 50% das cooperativas. Un 60,42% daquel corresponde ao capital social da cooperativa, o que implica unha achega media por socio de 12.942,65 euros. As reservas representan un 36,54% do patrimonio neto e un 11,47% con respecto ao total de recursos, o que indica un escaso esforzo de autofinanciamento. Os resultados neste ano son positivos, a pesar de que só representan un 1,31% do patrimonio. Outros recursos, como as subvencións en capital, apenas contribúen ao financiamento das cooperativas desta clase.

Como pode observarse na gráfica 28, o predominio do financiamento alleo no curto prazo non supón un problema para a consecución do equilibrio financeiro. A escasa importancia dos investimentos permanentes fai que o patrimonio neto resulte suficiente para a súa cobertura. O fondo de rotación, polo tanto, é positivo, cun valor medio de 778.893,61 euros. Non obstante, debido ao efecto nesta cifra das grandes cooperativas desta clase, o fondo de rotación é para a maioría moito máis reducido, xa que no 75% dos casos non supera os 83.585,41 euros, resultando mesmo negativo noutro 25% dos casos. Aínda así, dadas as características da actividade, non resulta probábel que resulte insuficiente¹⁶⁷.

¹⁶⁶ O uso de débeda no longo prazo parece menos común nas empresas dedicadas ao transporte.

¹⁶⁷ Debido ao reducido das existencias, se o prazo de cobramento dos debedores é inferior ao de pagamento das débedas no curto prazo, o equilibrio financeiro estará garantido cun fondo de rotación negativo.

Os valores das ratios que miden a capacidade de pagamento (cadro 45) son en xeral lixeiramente inferiores ás que se recollían no *Informe 2007*, pero malia iso a situación financeira non resulta especialmente preocupante. A ratio de solvencia, como consecuencia dos valores do fondo de rotación xa comentados, presenta valores inferiores á unidade nun 25% dos casos. Con todo, estes valores non indican dificultades urxentes de pagamento, sobre todo debido ás características dun activo no curto prazo onde, como xa se sinalou, as existencias –a parte menos líquida– teñen pouca importancia¹⁶⁸. Así, a ratio de liquidez media reflicte a posibilidade de satisfacer o 86% da débeda no curto prazo unicamente co produto do cobramento aos debedores, e en máis do 50% das cooperativas da clase non sería necesaria a realización das existencias.

Cadro 45.- Ratios de capacidade de pagamento nas cooperativas de servizos e transportes

	VALOR MEDIO	MÍNIMO	CUARTIL 1	MEDIANA	CUARTIL 3	MÁXIMO
Solvencia	1,27	0,54	0,96	1,05	1,20	17,03
Liquidez no curto prazo	0,86	0,46	0,90	1,02	1,11	3,01
Tesourería	0,06	0,00	0,08	0,16	0,34	2,82

FONTE: Elaboración propia.

2.3.3.2. Análise dos resultados

A partir do estudo da conta de resultados media das cooperativas pertencentes a este grupo, que se presenta no cadro 46, pode destacarse o seguinte:

- Os ingresos derivados da actividade principal (16.226.101,91 euros de media) representan practicamente a totalidade dos de explotación. Como xa se destacaba no *Informe 2007*, resultan escasamente superiores aos consumos de bens e servizos adquiridos a terceiros, que absorben o 96,9% dos ingresos totais.
- O valor engadido –que por termo medio é de 699.567,47 euros– representa un 2,57% dos ingresos da cooperativa, cifras moi similares ás correspondentes aos anos 2007 e 2005. A pesar diso, é preciso destacar que mentres que nos anos anteriores un 25% das cooperativas creaba valor por riba do 15% dos ingresos, a cifra que marca o límite do terceiro cuartil descende

¹⁶⁸ En moitas cooperativas onde non hai existencias a ratio presenta valores próximos ou lixeiramente superiores a 1.

agora até o 6,36%. Ao valorar estes datos debe terse en conta, como xa se apuntaba nos *Informes* anteriores, que o obxectivo destas cooperativas é satisfacer unha necesidade dos seus socios nas mellores condicións de calidade e prezo, obxectivo este –e non a maximización do valor creado– que determina a fixación dos prezos de cara á consecución dun beneficio maior para o socio.

- O mantemento da operatividade da cooperativa require, non obstante, que o valor xerado sexa suficiente para remunerar os factores que colaboran na súa obtención. Nese sentido obsérvase que os gastos de persoal absorben un 82,05% do valor, aínda resultando un gasto medio de 35.474,19 euros por traballador, o máis alto¹⁶⁹ dos correspondentes ás distintas clases analizadas. O resto do valor engadido é igualmente suficiente para cubrir o gasto por amortizacións, polo xeral pouco importantes debido ao reducido do activo fixo.
- Os resultados da explotación resultan positivos por termo medio, e tamén é ese o signo dos obtidos por un 52,77% das cooperativas. A marxe que proporcionan os ingresos sobre os gastos de explotación é, porén, pequena: só un 0,27%. Con respecto á comparación destes valores cos recollidos en *Informes* anteriores é preciso comentar que a pesar de que as cifras son agora inferiores, as diferenzas son moi pouco significativas¹⁷⁰.
- Os gastos financeiros non son elevados. O importe é por termo medio de 38.070,87 euros, que representa un 0,23% dos ingresos. A pesar de que son notábeis as diferenzas no gasto derivado do endebedamento, só o 25% das cooperativas supera un peso do 0,5% dos ingresos de explotación.
- Unha vez cubertos os gastos financeiros, e contando nas maiores cooperativas ademais de co resultado de explotación cos ingresos procedentes da remuneración dos investimentos financeiros, determínanse as cifras finais de resultado do exercicio. A este nivel da conta de resultados, dezasete das cooperativas da mostra xeran beneficio (un 47,22%)¹⁷¹, pero sempre escaso, só superior ao 0,15% nun 25% das cooperativas analizadas.

¹⁶⁹ Esta cifra non chega a ser alcanzada por máis do 75% das cooperativas. De todas as formas, aínda que é bastante máis baixa que a media, segue sendo comparativamente elevada a cifra de corte do primeiro cuartil, que é de 21.522,64 euros. Entre esta e a media situaríanse máis do 50% das cooperativas.

¹⁷⁰ No 2007 as cooperativas con beneficio eran o 59,9% da mostra e a marxe de explotación era do 0,29%.

¹⁷¹ Porcentaxe inferior ao recollido no *Informe 2007*, que era dun 64,86%.

Cadro 46.- Conta de resultados nas cooperativas de servizos e transportes

	VALOR MEDIO (euros)	% INGRESOS DE EXPLOTACIÓN
Ingresos de explotación	16.389.523,93	100,00
Importe neto da cifra de negocios	16.226.101,91	99,00
Consumos de explotación	-15.271.321,42	-93,18
Outros gastos de explotación	-616.812,57	4,31
Valor engadido	699.567,47	-2,57
Gastos de persoal	-417.383,39	-2,55
Dotacións para amortización de inmovilizado	-48.806,68	-0,30
Outros resultados	9.775,09	0,28
Resultado de explotación	44.974,95	0,27
Ingresos financeiros	24.638,31	0,15
Gastos financeiros	-38.070,87	-0,23
Resultado financeiro	-17.540,65	-0,11
Resultado antes de impostos	27.434,30	0,17
Imposto sobre sociedades	-5.917,21	-0,04
Resultado do exercicio	21.517,10	0,13
Ingresos imputábeis ao fondo de educación, form. e prom.	6,14	0,00
Xuros das achegas ao capital social e a outros fondos	3,31	0,00
Dotación ao fondo de educación, formación e promoción	-1.872,64	-0,01
Excedente da cooperativa	19.653,91	0,12

FONTE: Elaboración propia.

2.3.4. ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCIERA DAS COOPERATIVAS DE VIVENDA


Para esta clase obtívose información de 22 cooperativas, o que supón un 24,72% das 89 activas en decembro de 2010. En total estas cooperativas agrupan 1.676 socios, un número moi variábel entre os diversos casos –oscila entre 3 e 332–, e promoven unha media de 76 vivendas por cooperativa, que na data do balance presentan diferentes graos de acabado.

2.3.4.1. Análise da situación financeira

Na gráfica 29 preséntase a composición do patrimonio das cooperativas de vivenda. Como no resto das clases, a súa estrutura correspóndese cos valores medios das cooperativas analizadas, calculando eses valores a partir dos importes agregados das diferentes partidas do balance de situación. A representatividade destas cifras con respecto aos casos individuais é moi limitada, como consecuencia das características especiais que presenta esta clase de cooperativas. Así, as cooperativas de vivenda teñen como finalidade proporcionar-lles vivendas ou locais aos seus socios, pero non desenvolver por si mesmas actividades produtivas. A cooperativa actúa como unha sociedade promotora,

adquirindo o solo e contratando e supervisando os diversos servizos relacionados coa construción das vivendas. Porén, a actividade promotora non é continuada ao longo do tempo, senón que se limita ao período de construción das vivendas, modificándose ao longo dese período a composición do balance para recoller os incrementos derivados das variacións no grao de construción e os cambios no financiamento como consecuencia das novas achegas, diminuíndo máis adiante debido ás entregas das vivendas, que marca a fin da vida da cooperativa. A estrutura do seu balance, por derivarse da agregación de cooperativas en diversas fases da súa vida, podería asemellarse ao dunha empresa dedicada a actividades inmobiliarias que tivera en marcha á vez diferentes promocións de vivendas.

Gráfica 29.- Estrutura económico-financiera das cooperativas de vivenda



FONTE: Elaboración propia.

Na análise da súa estrutura media, cómpre sinalar o seguinte:

- O volume de investimento permanente ou activo fixo apenas representa un 0,8% do activo total; non sorprende a súa escasa importancia debido á ausencia de actividade produtiva propia desta clase de cooperativas. Na maior parte das cooperativas analizadas o activo fixo ou ben é nulo ou ben é de pequena contía, e neste caso ten carácter financeiro¹⁷².
- Na actividade promotora inmobiliaria as existencias –terreos, obras en curso xa certificadas ou vivendas terminadas pendentes de entrega– presentan unha elevada importancia relativa. De aí que no activo circulante da cooperativa, que representa o 99,21% do total, as existencias representen,

¹⁷² Unicamente unha cooperativa presenta un importe significativo de inmovilizado inmaterial, que corresponde a uns dereitos sobre o solo.

á súa vez, un 87,48%. Dada esta significación¹⁷³, o volume de investimento en existencias, condicionado polo grao de adianto das obras, determina xeralmente o tamaño do activo da cooperativa.

- c) Como consecuencia do indicado no parágrafo anterior, outras partidas do circulante son moito menos frecuentes e/ou importantes. Así, só dúas cooperativas realizaron investimentos de carácter financeiro no curto prazo; os dereitos de cobramento, máis frecuentes, presentan un peso na cooperativa media do 3,58%; e unicamente a tesourería, cun valor medio do 6,33% –e que nun 25% das cooperativas supera o 40,88%–, pode ser considerada de certa significación.
- d) En canto á estrutura do financiamento, pode destacarse a escasa importancia dos recursos propios, que representan un 8,84% dos recursos utilizados. Como xa se indicaba nos anteriores *Informes*, as achegas realizadas polos socios á cooperativa de vivenda, a título de capital, son de escasa contía. Neste ano a media destas achegas é de 286,41 euros, e nun 75% dos casos non superan os 375 euros.
- e) Entre os recursos alleos, os de prazo curto son máis abundantes: un 48,39% do financiamento total, fronte ao 42,77% correspondente á débeda no longo prazo. Aínda que o grao de detalle das contas non permite a comprobación da súa orixe, presúmese que nunha boa parte procede dos socios da cooperativa, cuxa contribución ao financiamento se realizaría fundamentalmente mediante a entrega á cooperativa de anticipos a conta da entrega das vivendas, pagamentos parciais que contribuirían a determinar o elevado endebedamento que presentan as cooperativas desta clase. Tanto estas débedas como as existentes con entidades financeiras, que na maioría dos casos serán subrogadas polos socios, non chegarán a ser reclamadas á cooperativa. En consecuencia, tanto a estabilidade da estrutura financeira como a capacidade de pagamento destas cooperativas pode considerarse superior á que mostran os pesos relativos xa comentados.
- f) En calquera caso, a pesar do elevado da débeda e do escaso do neto, o aínda máis reducido importe do investimento no longo prazo permite que os recursos permanentes existentes sexan suficientes para a súa cobertura e que, polo tanto, o fondo de rotación sexa, aínda que en poucas cooperativas tan elevado como o da cooperativa media (1.214.165,19 euros), positivo para a maioría dos casos¹⁷⁴.

¹⁷³ Agás nos casos nos que as obras aínda non comezaron ou está a piques de rematar a entrega de vivendas, nos que as existencias son pequenas e só pode haber outros investimentos, fundamentalmente recursos líquidos á espera da realización dos pagamentos iniciais.

¹⁷⁴ Só tres cooperativas presentan fondo de rotación negativo, mentres que nun 25% dos casos é superior aos 894.558,55 euros.

2.3.4.2. Análise dos resultados

Como xa se sinalaba nos *Informes* anteriores, debido ás características da actividade destas cooperativas a conta de resultados presenta peculiaridades que limitan as posibilidades de realizar a súa análise en forma similar á efectuada para o resto das clases.

Como xa se indicou, estas cooperativas teñen unha vida limitada á duración do proceso de construción das vivendas obxecto da promoción que, polo xeral, abarca varios anos. Isto, unido aos criterios contábeis de aplicación para o recoñecemento e valoración de ingresos e da obra en curso, determina que en moitos dos exercicios nos que se divide a vida da cooperativa esta non presente ingresos¹⁷⁵ o que, de considerar unicamente este dato como indicador da actividade realizada, levaría a conclusións completamente erradas.

Por iso, igual que en anos anteriores, realizáronse certos axustes sobre os datos da conta de resultados de modo que permitan obter indicacións da actividade realizada e que resulten máis comparábeis que os datos extraídos de forma directa. Estes axustes consistiron, fundamentalmente, na determinación dunha cifra de produción, sumando á cifra de vendas a variación de existencias durante o exercicio, de forma que se obtén unha medida de actividade válida para os efectos comparativos. Os valores medios que resultan dese cálculo, así como algunhas relacións que poden resultar de interese, recóllense no cadro 47.

Cadro 47.- Producción, ingresos e gastos nas cooperativas de vivenda

	VALOR MEDIO	MÍNIMO	CUARTIL 1	MEDIANA	CUARTIL 3	MÁXIMO
Ingresos	2.358.974,37	0,00	0,00	14.264,76	1.400.580,40	20.947.541,36
Producción	1.427.138,30	0,00	8.073,09	48.481,00	567.567,08	10.197.729,57
Consumos de explot.	1.287.657,98	0,00	0,00	2.632,38	507.700,74	10.329.613,83
Outros gastos explot.	101.732,22	0,00	8.765,75	33.768,41	90.761,31	554.795,54
Ingresos/Producción	165,29%	0,00%	0,58%	100,00%	255,56%	6256,56%
Consumos/Producción	90,23%	0,00%	0,00%	23,89%	87,88%	101,29%
Outros gastos explot./Producción	7,13%	0,00%	4,42%	66,03%	80,01%	420,82%
Producción/Nº socios	27.310,98	0,00	46,83	2.743,60	18.308,62	175.822,92

FONTE: Elaboración propia.

¹⁷⁵ Só cando se producen as entregas son recollidas contabelmente as vendas. Nos anos anteriores, a medida que se incorre en custos derivados da construción, a cooperativa rexistraría un incremento de valor das existencias polo importe deses custos. Os demais gastos, non incorporábeis á valoración da obra en curso, dan lugar, en consecuencia, a resultados de carácter negativo.

A cifra de ingresos recolle o importe medio por cooperativa, a prezo de venda, das vivendas entregadas aos socios durante o exercicio. Como pode apreciarse no cadro 47, ese importe medio é superior ao obtido en moitos casos, por canto o 50% das cooperativas rexistra ingresos inferiores aos 14.264 euros e un 25% non realiza ningunha entrega. A cifra de produción, pola súa parte, aínda resultando menor que os ingresos en importe medio¹⁷⁶, reflicte a existencia de actividade nun maior número de casos. Porén, en xeral a actividade é baixa, mesmo nula en cinco cooperativas (un 22,72%), e só as cooperativas pertencentes ao último dos cuartís presentan cifras de produción que indican a realización de obras importantes no exercicio. A baixa actividade reflíctese tamén no importe de produción por socio que por termo medio é, neste ano, de 27.310,98 euros, o que supón unha importante redución con respecto ao 2007 (54.590,91 euros por socio).

Como tamén se indicaba nos *Informes* anteriores, os consumos e os outros gastos de explotación, que corresponderían ás adquisicións de predios, proxectos, facturación dos construtores, taxas e outros gastos relacionados coa obra en curso, son os máis importantes, pois representan de media o 97,36% da produción neste ano.

Outras partidas de gasto recollidas na conta de resultados da cooperativa carecen de relevancia para esta clase. Dado que as tarefas de administración son xeralmente contratadas con axencias externas, non existen traballadores nin, polo tanto, gastos asociados ao persoal. En relación cos gastos de carácter financeiro, e a pesar do elevado grao de endebedamento xa comentado, presentan un peso relativo sobre a produción do 0,06%, que dá unha idea do reducido do seu importe, e que podería explicarse, como se sinalaba no *Informe 2007*, pola importancia no conxunto da débeda dos anticipos recibidos dos socios.

2.3.5. ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCIERA DAS COOPERATIVAS DO RESTO DAS CLASES

A información dispoñíbel relativa ás cooperativas correspondentes ao resto das clases que se identifican no cooperativismo galego –mar, consumidores e usuarios, servizos sociais, crédito e segundo grao– refírese a contados casos do xa escaso número de empresas que se agrupan en cada unha delas.

A posibilidade de extraer conclusións relativas ao conxunto da clase a través dunha análise agregada vese limitada, ademais de por ese escaso número, pola elevada heteroxeneidade que existe dentro daquelas, polo que o cálculo

¹⁷⁶ O signo da relación e tamén os valores da ratio ingresos/produción indican que máis dun 50% das cooperativas están vendendo no exercicio aquelas obras executadas no exercicio anterior.

de valores medios está desaconsellado. Por iso, e polo que respecta a estas clases, neste apartado só se recollen algúns comentarios de carácter xeral ou relativos ás características particulares das cooperativas nelas agrupadas.

2.3.5.1. Cooperativas de consumidores e usuarios

Contouse con información contábel para sete das dezasete cooperativas activas que se agrupan nesta clase. Como xa se adiantou, a diversidade entre elas é notábel tanto no que se refire ás actividades desenvolvidas como en canto aos distintos indicadores de tamaño. Así, a cifra de activo varía entre os 10.480 euros da cooperativa máis pequena das sete e os 77.364.086,02 euros, que corresponden á maior das consideradas. Os ingresos tamén presentan fortes variacións, situándose no extremo inferior a mesma de menor activo, con 15.616 euros, e no superior outra das grandes cooperativas nesta clase cuns ingresos de de ingresos de explotación¹⁷⁷ de 5.191.982,82 euros.

A estrutura do activo do grupo de cooperativas analizado, como era de esperar como consecuencia da diversidade en tamaño e en actividade, apenas presenta coincidencias. A característica máis común refírese á existencia en varias cooperativas dunha importancia elevada dos investimentos de carácter financeiro no curto ou no longo prazo. Porén, unicamente nas dúas máis grandes, que contan cunha sección de crédito, estes investimentos tamén teñen unha considerábel importancia se se considera o seu importe en valor absoluto.

Os investimentos en inmovilizado ligados á actividade principal teñen en xeral pouca importancia no conxunto do activo¹⁷⁸, a pesar de que en dúas cooperativas das máis pequenas da clase o seu peso relativo supera o 60%.

No circulante a maior coincidencia prodúcese en relación coa importancia relativa da tesourería, que en todos os casos indica graos de liquidez elevados, cun valor medio do 7,89%. Non hai existencias en tres das sete cooperativas, e nas restantes –dedicadas á venda de produtos de consumo– o investimento só ten un peso relativo elevado nas cooperativas de menor tamaño, onde tamén presentan máis importancia os debedores. Nas maiores cooperativas desta clase, aínda que o investimento en valor absoluto é elevado, o seu peso en relación co total é escaso, situándose preto do 2%, e o mesmo sucede cos dereitos de cobramento no curto prazo.

¹⁷⁷ Tanto esta cooperativa como a sinalada como de maior activo contan cunha sección de crédito que non foi incluída no cálculo. De considerar os ingresos procedentes da actividade financeira, ambas as dúas terían unha importancia similar.

¹⁷⁸ Non en valor absoluto, que nas cooperativas de maior tamaño mostra a realización de investimentos de contía elevada.

A heteroxeneidade das cooperativas reflíctese tamén na composición da estrutura financeira. En dous casos o financiamento con neto representa pesos superiores ao 85%, pero mentres que nun deles o capital social é o principal recurso, noutro a importancia do neto procede da recepción dunha subvención que practicamente iguala a contía do activo fixo. Noutras dúas cooperativas o financiamento repártese case a partes iguais entre o neto e os recursos alleos, pero tamén existen diferenzas. Unha desas cooperativas conta cunha cifra considerábel de capital, pero as perdas de exercicios anteriores consumiron as achegas iniciais, e a débeda no longo prazo representa un 20% do financiamento. A outra cooperativa, con menor capital e resultados positivos, ten concentrada a débeda no curto prazo. Por último, as dúas cooperativas maiores son as que presentan máis características comúns: o neto é escaso e procede en máis dun 90% dos casos dos excedentes non distribuídos, utilizan fundamentalmente recursos alleos no financiamento¹⁷⁹ (máis do 90%), e esta importante débeda é practicamente na súa totalidade no curto prazo.

As achegas dos socios ao capital son moi reducidas. Nas seis cooperativas para as que se dispón do dato de socios está por baixo dos 329 euros. No caso da maior cooperativa por tamaño de activo e con maior número de socios a achega só é de 52,15 euros.

O fondo de rotación é positivo en cinco dos sete casos estudados. A situación de posíbel desequilibrio preséntase nas dúas cooperativas de maior tamaño. Nelas, porén, se se exclúen do activo os investimentos financeiros no curto e do pasivo as débedas cos socios, por considerar que se trata de elementos vinculados coa actividade financeira da cooperativa, atópase que o fondo de rotación vinculado á explotación é positivo en ambos os dous casos e, ademais, cunha considerábel importancia.

Os ingresos de explotación proceden maioritariamente das vendas ou da prestación de servizos obxecto da actividade principal, coa excepción de dúas cooperativas de pequeno tamaño e dedicadas ao comercio nas que os “outros ingresos” presentan unha notábel importancia¹⁸⁰. En particular, unha das cooperativas con sección de crédito obtén ademais ingresos de carácter financeiro nunha contía practicamente igual aos procedentes de venda de produtos de consumo¹⁸¹.

¹⁷⁹ Se consideramos que as débedas con socios se refiren a sección de crédito destas cooperativas, calcúlase que este pasivo representa case a totalidade do endebedamento no curto prazo (máis do 97%).

¹⁸⁰ Descoñecemos se se derivan de subvencións ou da prestación de servizos accesorios.

¹⁸¹ Nela o importe de ingresos financeiros representa un 98% dos da explotación.

Nas cooperativas dedicadas á comercialización, os consumos son, obviamente, a partida de gasto máis importante, mentres que nas que se dedican á prestación de servizos son os servizos exteriores os que absorben o principal dos ingresos de explotación.

O valor engadido representa de media un 6,48% dos ingresos de explotación. Porén, de novo son importantes as diferenzas entre os distintos casos: nas pequenas cooperativas son as de servizos as que presentan as menores taxas de valor engadido, mesmo negativas nalgún caso. Para as cooperativas maiores da clase determínase o valor engadido conxunto da actividade de explotación e financeira, alcanzando unha contía considerábel, que se aproxima ao 20% da cifra de ingresos que resulta da suma dos da explotación e financeiros.

Tres das cooperativas máis pequenas non teñen traballadores, polo que non teñen gastos de persoal. A pesar diso, e unha vez considerados os restantes gastos, o resultado nelas é moi pequeno, cando non negativo. Pola contra, as dúas cooperativas máis grandes destacan pola obtención de resultados positivos, aínda que moito máis reducidos que os que se recollían no *Informe 2007*, que en ambos os dous casos proceden fundamentalmente da actividade financeira¹⁸².

2.3.5.2. Cooperativas do mar

Para as cooperativas desta clase contouse con datos relativos a seis cooperativas, é dicir, un 30% das activas.

Unha vez máis, son importantes as diferenzas en tamaño. Tres cooperativas presentan unha cifra de activo próxima ou superior aos 3.000.000 euros, mentres que ningunha das outras tres chega ao millón de euros e, delas, a máis pequena non alcanza os 125.000 euros. A cifra de ingresos presenta, así mesmo, unha gran variabilidade: entre as tres maiores por razón de investimento esta cifra oscila entre os 5.104.857,89 euros e os 37.574.845,40 euros e, polo que respecta ás outras tres a cifra varía entre os 155.188,55 euros da mesma cooperativa sinalada anteriormente como a máis pequena e os 1.493.507,14 euros da maior.

A variabilidade destas cifras é menor que a que lles correspondía ás cooperativas analizadas no *Informe 2007*; con todo, seguen sendo notábeis as dife-

¹⁸² O resultado da explotación é negativo, sobre todo na cooperativa maior en número de socios e activos. Porén, hai que ter en conta que unha parte dos gastos recollidos na conta de resultados no apartado “de explotación” son en realidade gastos que corresponden ao conxunto da actividade.

renzas que se atopan na composición do activo e no financiamento. Todas as cooperativas se dedican á intermediación na venda de peixe ou de mexillón, pero mentres que catro –dúas das cooperativas maiores e dúas das máis pequenas– presentan investimentos en activo fixo de escasa contía e reducida importancia con respecto ao activo total, noutras dúas cooperativas o inmovilizado material alcanza pesos relativos elevados, o que podería indicar, cando menos para a máis grande na que o importe tamén é elevado en valor absoluto, a realización dalgunha actividade produtiva.

No activo circulante, as existencias unicamente presentan unha certa importancia en dúas das cooperativas máis grandes: unha que comercia por xunto con peixe fresco e conxelado e outra que inclúe o comercio de artigos relacionados coa pesca entre as súas actividades. No resto o importe desta partida é de cero, indicando o comercio en fresco, sen transformación dun produto altamente perecedeiro.

Os debedores son con diferenza a partida de maior importancia no activo circulante e case que tamén no total de todas as cooperativas. Nos casos en que esta importancia é menor resulta superior o peso da tesourería, o que podería indicar unha maior porcentaxe de vendas realizadas ao contado. En xeral, a tesourería presenta unha importancia elevada que en ningún dos casos, mesmo nas empresas máis grandes, é inferior ao 5% do activo total.

Polo que respecta á estrutura financeira, tres cooperativas –entre elas, dúas das máis pequenas– fináncianse maioritariamente con recursos alleos no curto prazo, mentres que nas tres restantes –entre elas, dúas das maiores– os recursos permanentes e fundamentalmente o patrimonio neto son a principal fonte de recursos. A composición do financiamento tampouco parece gardar relación co investimento en activo fixo.

As achegas dos socios ao capital tamén son moi variábeis e, á marxe da correspondente á cooperativa de maior tamaño da clase –que é a que se financia en maior grao con recursos propios, uns 18.346,51 euros por socio–, son de escasa importancia. En cinco das cooperativas non superan os 2.500 euros por socio, o que determina que a cifra de capital sexa reducida –coa única excepción dunha cooperativa pequena, pero cun elevado número de socios– e que, cando son importantes, o principal dos recursos propios proceda da constitución de reservas. As subvencións en capital só representan máis do 10% do financiamento en dúas das cooperativas da clase.

Entre os recursos alleos predominan os de vencemento no curto prazo¹⁸³. Como xa se indicou, na metade dos casos esta débeda é a principal fonte de

¹⁸³ En catro das cooperativas os acredores no longo prazo achegan un financiamento nulo ou inferior ao 1%.

financiamento, e nos outros tres representa, cando menos, un terzo dos recursos totais. Probabelmente, unha gran parte desta débeda procede das operacións con socios que lle venden o seu produto á cooperativa.

Das seis cooperativas só a máis pequena presenta unha situación de desequilibrio financeiro por ser negativo o fondo de rotación; nas demais cooperativas os recursos permanentes móstranse suficientes para o financiamento do activo fixo e tamén de parte do activo circulante, é dicir, contan cunha marxe de seguridade para facerlle fronte ao pagamento das débedas sen comprometer o desenvolvemento do ciclo de explotación.

Polo que se refire aos ingresos, altamente variábeis, como xa se indicou, cómpre sinalar que proceden maioritariamente das vendas realizadas pola cooperativa¹⁸⁴.

Os consumos de explotación que inclúen as adquisicións do produto aos socios son, así mesmo, a principal partida de custo, cun peso relativo con respecto aos ingresos que na maior parte dos casos supera o 90%.

Como é característico das cooperativas dedicadas fundamentalmente á intermediación co produto dos socios, o valor engadido é pequeno, unicamente supera o 4% nas cooperativas nas que a porcentaxe que representa o activo fixo sobre o total indicaba a realización dalgunha actividade produtiva. Este valor é absorbido fundamentalmente polos gastos de persoal, e no resto apenas é suficiente para a cobertura das dotacións á amortización, a pesar do reducido deste gasto como corresponde ao escaso inmovilizado.

O resultado de explotación é, en consecuencia, negativo ou de moi escasa importancia¹⁸⁵. Só a máis pequena das empresas, debido ás axudas recibidas, obtén resultados positivos e significativos en relación cos ingresos de explotación.

Finalmente, o reducido dos gastos financeiros, só presentes nas cooperativas que se financian con débeda no longo prazo¹⁸⁶, xunto co efecto positivo derivado dos ingresos financeiros nunha das cooperativas maiores, ten como consecuencia que o resultado final non sexa unha perda máis que para unha¹⁸⁷ das seis cooperativas analizadas.

¹⁸⁴ O peso relativo dos outros ingresos non supera o 3% do total máis que na cooperativa máis pequena das analizadas, que tamén era a que presentaba un maior peso das subvencións na estrutura financeira.

¹⁸⁵ A marxe de explotación oscila entre un -1,12% e un 0,11% para cinco das seis cooperativas.

¹⁸⁶ O que indica o carácter gratuíto da débeda utilizada no curto prazo.

¹⁸⁷ Do grupo das de menor dimensión.

2.3.5.3. Cooperativas de servizos sociais

Nesta ocasión, dispúxose de información relativa para catro cooperativas de servizos sociais, todas elas de reducida dimensión. En canto á cifra de activos, o tamaño máximo é de 184.494,57 euros, alcanzando de media 62.571 euros. Polo que respecta aos ingresos, a cifra media é de 167.712,75 euros, e a maior das catro cooperativas obtén 359.501,17 euros. En relación co emprego, o número medio de traballadores é de 12,01 e o máximo de 22,09. Finalmente, a cooperativa na que se agrupan máis socios ten sete, e de media a cada cooperativa lle corresponden 4,75.

O pequeno tamaño garda relación co escaso dos investimentos precisos para levar a cabo as actividades ás que se dedican estas cooperativas. Polo que se refire ao activo fixo, esas reducidas necesidades tradúcense en pesos relativos moi baixos; só nunha das cooperativas o activo fixo presenta un peso alto, pero trátase dun activo de reducido importe.

A composición do activo circulante pon de relevo a ausencia de investimento en existencias, que tampouco son necesarias para a realización das actividades. Os dereitos de cobramento presentan un importe elevado en dúas das cooperativas, o que sinala a prestación de servizos a crédito; nas outras dúas son practicamente inexistentes. Finalmente, a tesourería é a mais importante das partidas do activo en tres dos casos analizados¹⁸⁸.

Polo que respecta á orixe e ao grao de estabilidade dos recursos financeiros, obsérvase que, agás nunha cooperativa, o financiamento con débeda é maioritario, e que en dúas destas tres, exclusivamente no curto prazo. Os recursos alleos no longo prazo só teñen presenza na terceira, na que presentan igual importancia que os de curto prazo. O financiamento pode, xa que logo, considerarse moi estábel en dous casos, nos que os recursos permanentes superan o 65% do total. Unha das catro, na que o neto é negativo como consecuencia das repetidas perdas e os recursos alleos son superiores ao total do activo¹⁸⁹, presenta unha situación de forte inestabilidade.

A achega dos socios ao capital é pequena en dous dos casos estudados, xa que non supera os 4.000 euros por socio. Nas outras dúas os importes son moi superiores, destacando o caso da cooperativa máis pequena do grupo, que conta unicamente con 11.508 euros de activo total, no que as achegas por socio (tres) foron de 30.619,45 euros e que foron consumidas no 95% pola oco-

¹⁸⁸ A cuarta cooperativa ten unha cifra de tesourería menor pero, sobre todo, o seu activo está formado pola tesourería e por investimentos en inmovilizado de pequena importancia, como xa se sinalou.

¹⁸⁹ É a mesma que ten pouca tesourería e investimentos en activo fixo.

rrencia de perdas. Aínda así, esta última cooperativa presenta un fondo de rotación positivo e, dado que o seu activo é completamente líquido, non terá problemas inmediatos na atención ao pagamento da débeda. O mesmo pódese dicir das dúas cooperativas máis estábeis, o que deixa, unha vez máis, un só caso no que os diferentes indicadores presaxian dificultades financeiras.

En relación co resultado, unha das cooperativas –outra vez a que presenta a situación financeira máis desfavorábel– mostra unha situación claramente negativa¹⁹⁰. Con respecto ao resto, a conta de resultados indica unha mellor situación, que se reflicte en valores engadidos superiores ao 85% da cifra de ingresos. Porén, a importancia do valor engadido en termos relativos non significa suficiencia en canto á atención dos gastos de persoal e doutros derivados da actividade. Así, unicamente na maior das cooperativas do grupo o valor engadido é suficiente para remunerar o traballo dos socios e dos demais empregados da cooperativa e, finalmente, a consideración dos gastos financeiros dá lugar a que tamén neste caso o resultado do exercicio sexa negativo.

2.3.5.4. Cooperativas de crédito

Dentro desta clase a única cooperativa activa en Galicia é a Caixa Rural. Na definición do seu obxecto social contéplase o servizo ás necesidades financeiras de socios e de terceiros mediante o exercicio das actividades propias das entidades de crédito, con especial vocación á atención das necesidades do medio rural.

A actividade desenvólvese principalmente na provincia de Lugo, onde se localizan a maioría das súas oficinas, que no ano 2010 son 44. Neste ano a entidade conta con 132 empregados¹⁹¹ e con 14.756 socios (13.518 persoas físicas e 1.238 persoas xurídicas¹⁹²) que participan nun capital social completamente subscrito e desembolsado que importa 7.672.000 euros e que na maior parte é non reembolsábel¹⁹³.

O total de investimentos existentes en decembro do 2010 é de 513.288.000 euros, unha cifra de activo que practicamente duplica a recollida no *Informe 2007*. O investimento na concesión de crédito á clientela segue sendo a activi-

¹⁹⁰ A cifra de actividade é moi pequena e menor que os gastos de explotación, o valor engadido é negativo e os gastos de persoal representan un 185% dos ingresos. En resumo, o resultado do exercicio é negativo e de contía superior á metade do activo da cooperativa.

¹⁹¹ Un incremento sobre a cifra do ano 2007 dun 12,82%.

¹⁹² O que supón, con respecto ao ano 2007, un incremento de 1.219 socios, dos cales 915 son persoas físicas e 304 xurídicas.

¹⁹³ Deste importe figuran no balance como esixíbel, 382.000 euros.

dade principal da cooperativa, como se reflicte no volume destes créditos: 335.468.000 euros (un 65,35% do total).

Segundo se recolle na *Memoria* presentada pola cooperativa, a maior parte do investimento crediticio ten como destinatario empresas e particulares (un 99,42%), é maioritariamente no longo prazo (nun 81,29%) e nun 59,23% trátase de debedores con garantía real. Non se detalla a repartición do crédito por sectores produtivos¹⁹⁴, nin o importe específico que corresponde a operacións con particulares.

No pasivo, o patrimonio neto representa o 7,05% do financiamento total, aínda que en valor absoluto o neto patrimonial é máis elevado que no 2007, c incrementado do investimento en maior proporción resulta nunha contribución do neto ao financiamento lixeiramente menor neste ano¹⁹⁵. Dos recursos alleos, os depósitos da clientela –que se incrementaron nun 27,46% con respecto ao 2007– seguen sendo a parte principal (un 86,42% da débeda total), aínda que perden peso no financiamento, fronte aos depósitos doutras entidades, moito menos importantes en volume (59.404.000 euros), e cuxa importancia no financiamento pasou do 3,99% ao 12,45% dos recursos alleos. Un 66,70% dos recursos alleos son no curto prazo.

Os ingresos da cooperativa proceden fundamentalmente dos xuros correspondentes aos investimentos crediticios: 16.083.000 euros¹⁹⁶. En particular, os ingresos derivados dos créditos concedidos á clientela son neste ano 13.417.000 euros, que representan un 83,42% dos ingresos correspondentes a ese tipo de investimentos. Por outra banda, en liña coa composición do pasivo, o principal do gasto de Caixa Rural derivase da remuneración dos depósitos da clientela: un importe de 5.294.000 euros que representa un 90,69% do total de gasto por xuros e cargas asimiladas. A marxe derivada das operacións coa clientela ascende, polo tanto, a 8.123.000 euros. Con respecto ao ano 2007, no que esta marxe era de 8.209.000 euros, obsérvase unha redución na marxe de intermediación¹⁹⁷, e cómpre destacar que mentres que a caída relativa ás operacións coa clientela é do 1,05%, a correspondente ao conxunto de operacións a este nivel da conta de resultados é dun 7,81%. Así mesmo, é preciso salientar que esta redución é moi superior á que corresponde á marxe global da conta de resultados.

¹⁹⁴ Unicamente se indica o volume de crédito correspondente ao financiamento da construción e promoción inmobiliaria: 57.060 miles de euros, un 16,45% do total.

¹⁹⁵ O neto representaba un 7,84% do financiamento no 2007.

¹⁹⁶ Un 88,47% dos ingresos derivados da actividade típica.

¹⁹⁷ Realizouse un axuste para incrementar a comparabilidade dos datos, engadindo á marxe chamada “de xuro” o importe do rendemento de instrumentos de capital, que na conta do ano 2007 formaba parte da “marxe de intermediación”.

Unha vez considerados os restantes ingresos¹⁹⁸ e gastos, a Caixa Rural obtén un excedente de 2.015.000 euros, cifra un 38,86% inferior a correspondente ao ano 2007. A diminución do resultado derivase, ademais da caída da marxe de intermediación xa comentada, do efecto do rexistro de perdas por deterioración de activos, fundamentalmente dos investimentos crediticios que a entidade considera de dubidosa recuperación.

2.3.5.5. Cooperativas de segundo grao

Para a realización deste estudo contouse con información contábel relativa a seis cooperativas de segundo grao dun total de once activas no ano 2010 (un 54,55%). Estas seis cooperativas agrupan en conxunto noventa cooperativas de primeiro grao. Entre todas elas acadan unha cifra de ingresos de explotación de 552.424.391,60 euros, presentan un volume de investimento global de 162.426.083,88 euros e empregan a 877,88 traballadores.

Como se destacou en anteriores informes¹⁹⁹, as cooperativas deste grupo presentan unha gran heteroxeneidade tanto en tamaño como na actividade desenvolvida. De novo, o gran tamaño da cooperativa Coren –cuxa importancia no grupo segue crescendo e que representa agora máis do 96% dos activos, ingresos e traballadores do conxunto²⁰⁰– distorsiona fortemente as cifras medias. Entre as demais cooperativas tamén existe unha gran diversidade de tamaños: os activos oscilan entre os 506.632,33 euros e os 3.611.173 euros, e a cifra de ingresos presenta aínda unha maior variación: entre os 53.709,5 e os 11.980.464,5 euros.

As diferenzas na actividade reflíctense, así mesmo, na importancia dos investimentos e no seu peso relativo sobre o total do activo. Unha vez máis, os datos sinalan a Coren como a cooperativa que presenta unha maior capacidade produtiva, cun volume de investimento en inmovilizado material de 39.959.000 euros, un 16,98% do activo total²⁰¹.

No resto das cooperativas, malia que o peso relativo do inmovilizado material é máis elevado, o seu importe indica o predominio das actividades de co-

¹⁹⁸ Dos restantes ingresos unicamente resultan significativos con respecto ao total as comisións percibidas (un 7,48%). Entre os gastos, os relativos ao persoal, 5.106 euros, son os que revisten unha maior importancia, un 28,08% dos ingresos.

¹⁹⁹ Cinco das seis cooperativas incluíanse tamén na mostra do 2007.

²⁰⁰ Concretamente, Coren concentra o 96,24% do activo total, un 96,27 da cifra de ingresos, e un 97,05% dos traballadores.

²⁰¹ Aínda que o peso relativo do activo fixo material ten diminuído con respecto ao 2007 como consecuencia tanto da redución destes investimentos como do incremento dos de carácter financeiro.

mercantilización. Porén, entre elas presentan tamén aspectos diferenciadores como os que se recollen deseguido:

- Unha das cooperativas, que é a máis pequena do grupo polo que respecta aos ingresos, presenta unha composición do activo no que destacan os investimentos financeiros no curto prazo. Esta cooperativa non ten existencias, e na conta de resultados os gastos de persoal e os derivados de adquisición de servizos son os que presentan unha maior importancia en relación cos ingresos de explotación. Os servizos de asesoría e a xestión dos activos financeiros, dos que se deriva un 20,39% dos ingresos totais, aparentan ser as actividades fundamentais da cooperativa.
- A considerábel significación dos investimentos financeiros, tanto no curto coma no longo prazo, tamén é unha característica común co anterior dun segundo caso; porén, a maior importancia do inmovilizado material, das existencias e dos debedores, e un maior peso dos consumos na conta de resultados, indica que xunto coas actividades mencionadas esta cooperativa desenvolve algunha actividade de transformación²⁰².
- Outra cooperativa, tamén gandeira, comparte coas anteriores a elevada importancia no activo de carácter financeiro que neste caso se acompaña dun importante investimento de carácter inmobiliario, é dicir, en elementos tanxíbeis pero alleos á explotación. No circulante, despois do financeiro, son, a moita distancia, a tesourería e os debedores as partidas máis significativas. Esta cooperativa non ten existencias; así e todo, o elevado importe dos consumos de explotación, particularmente das adquisicións a socios, que representan un 96,37% destes consumos, confirma a dedicación ás actividades de intermediación co produto das cooperativas de primeiro grao.
- As contas da cuarta cooperativa, segunda²⁰³ da clase en orde de importancia, de maior a menor por ingresos e número de traballadores, reflicten a realización de actividades de transformación (neste caso de elaboración de pensos) a través, no balance, da importancia dos valores e dos pesos relativos do inmovilizado e das existencias e, na conta de resultados, das proporcións relativas de consumos e doutros gastos con respecto aos ingresos.
- A última das cooperativas do grupo dedícase á comercialización de sementes, fertilizantes e produtos fitosanitarios. Esta actividade reflíctese no ele-

²⁰² A análise comparada cos datos do 2007 parece indicar un cambio de orientación na actividade desta cooperativa. A pesar de que se manteñen os pesos relativos do activo fixo e circulante, obsérvanse incrementos no inmovilizado material en detrimento do de carácter financeiro. A conta de resultados tamén mostra un substancial incremento nos ingresos de explotación.

²⁰³ Terceira polo que respecta á cifra de activos.

vado peso das existencias e na maior significación que presentan os consumos con respecto a outros gastos na conta de resultados.

Polo que respecta ao financiamento, as diferenzas tamén son notábeis: as tres cooperativas mencionadas en primeiro lugar fináncianse maioritariamente con recursos propios²⁰⁴. Nas demais, o peso do patrimonio neto no financiamento varía entre o 32,2% e o 43,62%. A máis pequena é a máis endebedada; porén, esta cooperativa financia con débeda no longo prazo o 29,09% do seu investimento, polo que tamén é a que fai menos uso da débeda no curto prazo das tres (un 38,70%). O financiamento con recursos alleos no curto prazo das dúas restantes é similar, situándose nun 55%²⁰⁵.

No patrimonio neto as proporcións entre capital, autofinanciamento e subvencións son diversas como tamén o son as contías da contribución das cooperativas socias ao capital destas entidades, que varía entre os 692,20 euros da máis pequena e os 1.184.500,00 euros que achegan os socios de Coren.

O fondo de rotación é, sen excepción, positivo, é dicir, todas as cooperativas desta clase atópanse en situación de equilibrio, e tamén en todos os casos a capacidade de pagamento da débeda no curto prazo parece estar garantida atendendo ás ratios da situación financeira.

Polo que respecta aos resultados, as vendas son a principal fonte de ingresos e, como xa se sinalou na primeira parte deste estudo, achegan en conxunto –e particularmente Coren– unha parte fundamental dos ingresos do cooperativismo relacionado co mundo agrario.

Como tamén xa se comentou, os consumos de explotación son especialmente importantes nas cooperativas dedicadas á intermediación do produto do socio e á comercialización. Tamén en Coren os consumos alcanzan pesos importantes (85,67%), mentres que nos restantes casos, debido á importancia das actividades de transformación ou á dedicación a actividades de prestación de servizos, a importancia dos consumos é menor, incrementándose, non obstante, o peso dos restantes gastos ligados á adquisición a terceiros de servizos para a explotación.

En termos de xeración de valor engadido, unicamente nas dúas empresas que xa se comentou, que parecen dedicarse predominantemente á prestación

²⁰⁴ Nas tres o peso do patrimonio neto é superior ao 90% do total de recursos. Destaca a importancia do patrimonio na primeira delas, cun 97,95%.

²⁰⁵ Coren é a segunda máis endebedada da clase. Os recursos alleos representan un 65,04% do financiamento. Tamén hai que salientar que do financiamento alleo no curto prazo, un 29,96% corresponde á débeda con empresas do grupo.

de servizos e á xestión financeira, presentan taxas superiores ao 20%. Entre os restantes casos destaca o de Coren, cun valor engadido xerado dun 6,88% dos ingresos, porcentaxe, por outro lado, menor que a correspondente ao ano 2007.

O peso relativo dos gastos de persoal é escaso, agás nas mesmas dúas cooperativas con menor actividade. Así e todo, coa excepción de Coren e da cooperativa dedicada á comercialización de produtos para o campo, o valor engadido non é suficiente para a súa cobertura.

As dotacións á amortización, cunha importancia que se deriva do volume de investimento en activo fixo, consomen polo xeral²⁰⁶ o resto do valor e tamén dos ingresos de explotación.

O resultado de explotación é negativo en catro das cooperativas analizadas e, aínda que o resultado derivado da actividade financeira é positivo naquelas que xeran ingresos adicionais a partir dos investimentos desta natureza, só nun caso²⁰⁷ abonda para compensar as perdas de explotación co que, finalmente, son tres as cooperativas que conseguen obter un excedente positivo.

PARTE III

DESENVOLVEMENTO INSTITUCIONAL

POLÍTICAS PÚBLICAS

ASOCIACIONISMO

²⁰⁶ De novo, é unha excepción a cooperativa dedicada á comercialización.

²⁰⁷ Como consecuencia de importantes beneficios derivados da venda de parte do inmovilizado financeiro.

Parte 3
DESENVOLVEMENTO INSTITUCIONAL
POLÍTICAS PÚBLICAS
ASOCIACIONISMO

3.1. DESENVOLVEMENTO NORMATIVO, ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA

A Comunidade Autónoma galega ten competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude de transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro (*BOE*, nº 310, do 28/12/95), que ampliou a competencia orixinaria recollida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía de Galicia²⁰⁸.

No período que se contempla neste *Informe*, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia –e as dúas modificacións puntuais desta contidas na Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo e na Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia–, aplícase a todas as entidades cooperativas con domicilio social na Comunidade Autónoma que realicen a súa actividade cooperativizada no ámbito territorial. Tamén no período considerado se desenvolveu boa parte do proceso de participación e debate que conduciu, con posterioridade, á aprobación da Lei 14/2011, do 16 de decembro, que a modifica substancialmente en máis de cincuenta artigos²⁰⁹. Ademais, a Comunidade Autónoma elaborou normas que completan aqueles aspectos da Lei galega susceptibles de tratamento regulamentario: é o caso do Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, de organización e funcionamento do máximo órgano consultivo en materia de cooperativismo –o Consello Galego de Cooperativas–; do Decreto 430/2001, do 18 de decembro, de organización e funcionamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia; e tamén do Decreto 248/2004, do 14 de outubro, polo que se regulan os procedementos de conciliación e arbitraje cooperativa.

²⁰⁸ A regulación do réxime fiscal das cooperativas non foi obxecto de transferencia, polo que son de aplicación as normas e os incentivos recollidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, e nas súas modificacións e desenvolvementos posteriores.

²⁰⁹ Entre eles o artigo 2, que estende o ámbito de aplicación da Lei ás entidades cooperativas –e ás súas unións, federacións e confederacións– que teñan o domicilio social en Galicia e que desenvolvan a súa actividade cooperativizada *principalmente* en Galicia.

Así mesmo, no trienio recollido neste *Informe* desenvolvéronse as normativas de axudas e subvencións que se analizan máis adiante.

No ámbito da actuación da Administración, correspóndelle principalmente á Consellería de Traballo e Benestar a dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de cooperativas e de entidades de economía social²¹⁰. Nela encádrase a Dirección Xeral de Relacións Laborais, que inclúe a Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social, na que se integra o Servizo de Cooperativas e Economía Social e o Rexistro de Cooperativas de Galicia²¹¹. A ela está adscrito o Consello Galego de Cooperativas.

Outros departamentos da Xunta de Galicia desenvolven competencias relacionadas coa actividade empresarial das cooperativas. Destaca neste eido a Consellería do Medio Rural e do Mar respecto das cooperativas agrarias, das cooperativas de explotación comunitaria da terra, das súas asociacións e das cooperativas de segundo grao en que se integran.

Tamén, e na súa esfera competencial, a Administración local leva a cabo actuacións que directa ou indirectamente fomentan, promocionan e serven de apoio en moi diversos ámbitos²¹² ás empresas de economía social.

3.2. TRAZOS DESTACADOS NA ACTUACIÓN INSTITUCIONAL. RECOÑECIMENTO INSTITUCIONAL

3.2.1. A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

No exercicio das súas competencias a Consellería de Traballo e Benestar actúa a través das anteriormente sinaladas unidades administrativas: a Dirección Xeral de Relacións Laborais, a Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social, o Servizo de Cooperativas e Economía Social e o Rexistro de Cooperativas de Galicia.

Nos últimos tres anos as actuacións desenvolvidas en materia de cooperativas abranguen unha diversidade de eidos: a planificación, xestión e control das axudas a cooperativas, sociedades laborais e as súas asociacións, así como a execución dos programas de promoción e divulgación do cooperativismo e doutras formas de economía social e os de fomento do emprego nas empresas

²¹⁰ Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (*Diario Oficial de Galicia*, nº 75, do 20/04/09).

²¹¹ Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

²¹² Divulgación da fórmula, defensa de consumidores e usuarios, xestión de vivendas, prestación de servizos sociais, actuacións de asesoría, apoio técnico e formación, etc.

e nas entidades de economía social; a información e o asesoramento en materia de cooperativas e de empresas de economía social, elaboración de estatísticas e estudos e o impulso das relacións intercooperativas; o desenvolvemento e a xestión daquelas funcións atribuídas á autoridade laboral na normativa de cooperativas e sociedades laborais; o control da legalidade e, de ser o caso, a adopción de medidas sancionadoras e de intervención. E tamén as funcións de apoio e de impulso do funcionamento do Consello Galego de Cooperativas.

Particularmente en materia rexistral, nos niveis provincial e central, desenvóléronse actuacións de cualificación, inscrición e certificación dos actos ou negocios xurídicos das cooperativas; habilitación e legalización dos libros obrigatorios das entidades cooperativas; recepción, cualificación e publicación do depósito de contas anuais e das certificacións acreditativas do número de socios na data do peche de cada exercicio económico; nomeamento de auditores e doutros expertos independentes, por solicitude das entidades cooperativas e por conta destas; coordinación e colaboración entre rexistros; actuacións relativas ás seccións de crédito; e ordenación, tratamento e publicidade da información rexistral acumulada²¹³.

3.2.2. O CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS²¹⁴

A través da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, créase o Consello Galego de Cooperativas, adscrito á Consellería de Traballo e Benestar²¹⁵, como o máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo na Comunidade Autónoma. É un órgano colexiado no que participan as propias cooperativas e as diferentes Administracións, institucións e organizacións relacionadas coas actividades do cooperativismo. Por iso converteuse no nexo de unión e de comunicación entre as cooperativas e os organismos públicos, actuando como órgano consultivo e asesor destes últimos.

Un dos cometidos que ten atribuídos é o de facilitar e colaborar na investigación, planeamento e execución dos programas de desenvolvemento e fomento do cooperativismo. Nese papel, e en tanto que plataforma de confluencia, participación e planeamento, asumiu no último trienio os labores de seguimento e avaliación do *Plan estratéxico do cooperativismo galego*.

²¹³ Efectuáronse 1.289 asentos rexistrais en 2008, 1.289 en 2009 e 1.382 en 2010, aos que hai que engadir os das asociacións, cualificacións previas de estatutos, legalizacións de libros, etc. Cfr.: Consellería de Traballo e Benestar: *Memoria* (varios anos).

²¹⁴ Cfr.: www.cooperativasdeg Galicia.com

²¹⁵ Que lle asigna os recursos humanos e económicos precisos para o seu funcionamento.

Propoñer, ditaminar, informar, difundir e contribuír a perfeccionar os proxectos normativos que lles atinxen ás cooperativas é outro dos seus cometidos. De aí que actuara, no período, emitindo informes en relación coa definición das liñas de axuda pública ou analizando e contrastando as propostas de modificación da Lei 5/1998, de cooperativas de Galicia.

Tamén se ocupa de promover a educación e a formación cooperativa en distintos niveis. Conta para iso con innovadores, flexíbeis e útiles recursos, así como con material pedagóxico abundante e adaptado, o que lle ten permitido actuar na materia a través, fundamentalmente, de dúas vías: a Plataforma de Teleformación, que oferta cursos de formación e desenvolvemento cooperativo en rede²¹⁶, e dinamiza o uso das novas tecnoloxías da información e comunicación nas cooperativas galegas, ao tempo que promove que as persoas destas entidades e dos eidos nas que estas se asentaron adquiran unha formación sobre a propia fórmula empresarial cooperativa; e a Escola Cooperativa Móbil que, no seu desprazamento polo territorio galego, permite presentar a fórmula nos contextos e nas áreas rurais ou semiurbanas con dificultades de acceso á máis avanzada tecnoloxía²¹⁷. Así mesmo, continua o seu labor de prospección e de estudo de novas necesidades formativas²¹⁸.

Continua a acrecentar a ampla variedade de servizos que, en materia de asesoramento virtual e consultoría, información e documentación, viña prestando desde o portal www.cooperativasdeg Galicia.com. Faino sinaladamente con novos instrumentos orientados á mellora en distintas áreas da xestión empresarial e co establecemento de plataformas virtuais de intercooperación que facilitan o intercambio de produtos e servizos entre as empresas²¹⁹.

Desenvolve –nos termos establecidos pola Lei galega de cooperativas, polo Regulamento de organización e funcionamento do propio Consello e tras a creación do Rexistro Oficial correspondente²²⁰– o seu papel conciliador e de arbitraje nas cuestións litixiosas que se suscitan entre cooperativas, entre es-

²¹⁶ Entre eles de formación cooperativa básica; formación cooperativa en xestión e dirección; habilidades sociais básicas en cooperativas; márketing/comercialización de produtos/servizos; responsabilidade social das cooperativas; planeamento estratéxico; muller, cooperativismo e igualdade de xénero.

²¹⁷ No trienio, a través da Escola Cooperativa Móbil e da Plataforma de Teleformación, formáronse máis de 1.300 persoas.

²¹⁸ Traballando na elaboración do *Plan marco para a formación cooperativa 2011-2013* e coa posta en marcha do Observatorio Galego do Movemento Cooperativo.

²¹⁹ Comeza, no período, a colaborar na difusión e na organización das actividades de I+D+i que se desenvolven con máis amplitude en datas posteriores ás contempladas neste *Informe*.

²²⁰ Decreto 248/2004, do 14 de outubro, polo que se regulan os procedementos de conciliación e arbitraje cooperativa.

tas e os seus socios ou entre os socios delas, ofertando unha alternativa áxil que evita o recurso a outros procedementos máis complicados²²¹.

Mantén a continuidade en materia de promoción do emprego cooperativo e da incorporación de socios ás cooperativas coa xestión da bolsa de emprego cooperativo e da bolsa de socios, e tamén cunha nova ferramenta de orientación e de formación en materia de autoemprego cooperativo.

Amplía, ao tempo que consolida, as actuacións de divulgación e de promoción xeral do cooperativismo con campañas promocionais de carácter xeral; con campañas de divulgación específicas dirixidas ás distintas entidades, colectivos e organizacións potencialmente interesadas; cos premios á cooperación; cos concursos cooperativos no ensino; cos concursos de proxectos empresariais cooperativos ou de iniciativas de proxecto cooperativos experimentais; auspiciando a celebración dos congresos galegos de cooperativas ou do día do cooperativismo; e fomentando a presenza do cooperativismo en diversos eventos e foros, así como nos medios de comunicación.

E, por último, ten desenvolvido as súas competencias en relación coa recepción, planificación e xestión dos fondos de formación e de promoción nos supostos previstos na Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

3.2.3. OUTRAS INICIATIVAS DE RECOÑECIMENTO INSTITUCIONAL E DE PARTICIPACIÓN DO COOPERATIVISMO

A presenza do cooperativismo en diversos organismos de carácter sectorial e profesional tivo continuidade durante o período que agora se analiza no Laboratorio Interprofesional Galego para a Análise do Leite (LIGAL), na Mesa do Leite, na Mesa do Viño, na Comisión Territorial de Galicia dos Seguros Agrarios, nas mesas electorais das denominacións de calidade de Galicia, na Mesa da Carne, en diversos consellos reguladores, etc. Así mesmo, continuou a actividade das asociacións de cooperativas nas correspondentes organizacións representativas de carácter estatal, nos seus diversos niveis de actuación e, a través delas, nas diversas organizacións representativas da economía social europeas e internacionais.

Pero cómpre, doutra volta, reiterar que o diálogo segue a ser necesario para percorrer o camiño pendente que permita a presenza activa das entidades de economía social en diferentes foros socioeconómicos que propician o diálogo en materia de desenvolvemento económico e social. En particular, cómpre considerar a súa participación en órganos deliberativos e consultivos como, entre outros, o Consello Económico e Social, o Consello Galego de Relacións

²²¹ Sempre que as partes o soliciten ou que estea recollido nos estatutos da cooperativa.

Laborais, o Consello Galego de Formación Profesional, a Comisión Galega de Formación Continua, o Consello Agrario de Galicia ou o Consello de Consumidores e Usuarios de Galicia; tamén procede a integración e a representación da economía social nos organismos e entidades acreditadores da calidade, de garantía da seguridade alimentaria e da implementación de prácticas ambientais sustentables.

E cómpre considerar as posibilidades de establecer compromisos específicos co movemento cooperativo por parte, entre outros, dos organismos responsables en materia de promoción económica, educativos e formativos, e de concertación e diálogo social.

3.3. AXUDAS PÚBLICAS

Como en anteriores *Informes*, recóllense neste exclusivamente os diversos programas de axuda concibidos e orientados especificamente para o movemento cooperativo e para outras empresas de economía social. Obviamente, as cooperativas, como as outras empresas e en razón das súas actividades concretas, poden ser beneficiarias –en libre concorrència– dunha diversidade de axudas públicas de carácter xeral, cuxa identificación e tratamento excedería os límites e as posibilidades deste *Informe*.

Nos anos que se recollen no presente *Informe* (2008, 2009 e 2010), a estrutura dos diferentes programas transversais de axuda é substancialmente a mesma que a recollida no *Informe 2007*: os de carácter transversal son xestionados pola Dirección Xeral de Relacións Laborais e pola Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social, na Consellería de Traballo e Benestar; e, entre os de carácter sectorial, seguen a destacar os da Consellería do Medio Rural e do Mar, xestionados pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais xestionou nese trienio os seguintes programas²²² (cadro 48):

- I) De fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais, dirixido a promover a incorporación do persoal desempregado e de traballadores temporais como socios traballadores ou de traballo de cooperativas ou sociedades laborais, con carácter indefinido.

²²² Establécense as bases reguladoras nas Ordes da Consellería de Traballo e Benestar do 22 de maio de 2008 (*Diario Oficial de Galicia*, nº 103, do 29/05/08); do 25 de marzo de 2009 (*Diario Oficial de Galicia*, nº 62, do 31/03/09) e do 14 de xuño de 2010 (*Diario Oficial de Galicia*, nº 119, do 24/06/10).

- II) Orientado a facilitar o financiamento dos investimentos –en inmaterializado material ou inmaterial– realizados por cooperativas ou sociedades laborais mediante subvencións parciais nos xuros dos créditos concertados e en subvencións directas. Busca, xa que logo, apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación e modernización das empresas de economía social e mellorar a súa competitividade. Tamén incluía, nos exercicios 2008 e 2009, as axudas para a contratación de director/a ou xerente e, dende o 2010, para a incorporación de novas tecnoloxías da información e das comunicacións.
- III) Dirixido a facilitar a posta en marcha de novas cooperativas ou a ampliación de actividades –novas áreas ou novos territorios– das cooperativas existentes. As axudas facilitan a cobertura dun amplo abano de gastos asociados ao desenvolvemento inicial dos proxectos –asistencia técnica, titoría e acompañamento, tramitación administrativa, elaboración de plans de viabilidade, formación *ad hoc*, etc.– para impulsar proxectos empresariais cooperativos. Así mesmo, incluía, na convocatoria de 2008, axudas para lles facilitar a incorporación aos devanditos proxectos de socios traballadores procedentes de procesos de reestruturación, reconversión ou peche de empresas²²³. Alternativamente, dende o 2010, incorpora as axudas para a contratación de director/a ou xerente que antes estaban incorporadas ao Programa II, así como todo o Programa VII que anteriormente era obxecto de convocatoria específica.
- IV) Encamiñado a financiar parcialmente a achega ao capital social que debe desembolsarse para a incorporación como socio traballador da cooperativa. A concesión de axudas fomenta, polo tanto, o acceso a tal condición.
- V) De promoción e divulgación do cooperativismo subvencionando parcialmente os gastos derivados da realización dunha variedade de actividades orientadas a acrecentar a presenza e o coñecemento da fórmula en distintos ámbitos. Tamén até 2010, en que se incorporan ao Programa II, incluía as axudas para a introdución nas cooperativas das tecnoloxías da información e das comunicacións.
- VI) Introducido no exercicio 2008, é un programa específico de apoio ás cooperativas que prestan servizos sociais e de integración social que busca potenciar os procesos de asesoramento e acompañamento das novas iniciativas neste eido. Ampliou a súa cobertura en 2009 para incluír como posíbeis beneficiarias outras entidades que prestan servizos de natureza social e á comunidade, como algunhas que operan no ámbi-

²²³ Incluídas dende esa data no Programa I.

to da protección ambiental e do tempo libre. En 2010 incorpórase parcialmente ao Programa III.

- VII) Creado no 2009 ten como finalidade apoiar o desenvolvemento de actividades para o fomento da cultura preventiva no ámbito do cooperativismo e para a mellora da seguridade e da saúde laboral dos socios e traballadores vinculados ás cooperativas, subvencionando os gastos necesarios para a súa realización. Desaparece como programa diferenciado na convocatoria do 2010 integrándose ás axudas no Programa V.

Cadro 48.- Programas de axuda a cooperativas. Dirección Xeral de Relacións Laborais

	2008		2009		2010	
	Nº de entidades subvencionadas	Contía (euros)	Nº de entidades	Contía (euros)	Nº de entidades	Contía (euros)
Programa I	48	649.350	46	720.300	53	713.660
Programa II	53	384.518	53	445.513	47	511.465
Programa III	14	55.550	17	152.118	30	493.785
Programa IV	28	38.388	55	177.781	84	235.752
Programa V	23	144.866	32	191.993	30	307.702
Programa VI	6	65.914	3	37.267		
Programa VII			4	16.729		
TOTAL	172	1.338.586	210	1.741.701	244	2.262.364

FONTE: Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Así mesmo, tivo continuidade a convocatoria de axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas²²⁴, que teñen como finalidade subvencionar parcialmente os gastos normais de funcionamento das asociacións, así como a súa participación en diversas actividades de promoción do cooperativismo e, polo tanto, fomentar e consolidar as estruturas representativas do movemento cooperativo (cadro 49).

Tamén continuaron as subvencións aos concellos de Galicia para a realización de actividades de promoción e divulgación do cooperativismo²²⁵ (cadro 50).

Por outra banda, desenvolveuse un programa de aboamento de cotas á Seguridade Social a traballadores que percibisen a prestación por desemprego

²²⁴ Cfr.: Ordes do 5 de decembro de 2007, do 30 decembro de 2008 e do 31 de maio de 2010, da Consellería de Traballo e Benestar. Esta última inclúe entre as posíbeis beneficiarias as asociacións de sociedades laborais.

²²⁵ Cfr.: Ordes do 19 de decembro de 2007, do 30 de decembro de 2008 e do 1 de xuño de 2010, da Consellería de Traballo e Benestar.

na súa modalidade de pagamento único, para facilitaren a súa incorporación como socios traballadores ou de traballo dunha cooperativa ou sociedade laboral²²⁶ (cadro 51).

Cadro 49.- Programas de axuda ás asociacións de cooperativas. Dirección Xeral de Relacións Laborais

ANO	Nº DE ENTIDADES SUBVENCIONADAS	CONTÍA (en euros)
2008	6	599.231
2009	6	599.231
2010	5	614.231

FONTE: Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Cadro 50.- Programas de divulgación e promoción do cooperativismo nos concellos de Galicia. Dirección Xeral de Relacións Laborais

ANO	Nº DE ENTIDADES SUBVENCIONADAS	CONTÍA (en euros)
2008	81	309.000
2009	76	309.000
2010	50	365.427

FONTE: Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Cadro 51.- Programas de aboamento de cotas á Seguridade Social. Dirección Xeral de Relacións Laborais

ANO	Nº DE ENTIDADES SUBVENCIONADAS	CONTÍA (en euros)
2008	68	25.859
2009	8	12.132
2010	29	30.565

FONTE: Dirección Xeral de Relacións Laborais.

E nos exercicios 2008 e 2009 implementouse unha liña de axudas para o apoio a cooperativas e outras entidades de economía social de carácter non lucrativo, que tiña como finalidade apoiar a creación e o funcionamento desta clase de cooperativas para contribuír á realización de actividades de carácter social e dinamizadoras das potencialidades de desenvolvemento cooperativo²²⁷ (cadro 52).

²²⁶ Cfr.: Ordes do 5 de agosto de 2008, do 2 de outubro de 2009 e do 9 de agosto de 2010, da Consellería de Traballo e Benestar.

²²⁷ Cfr.: Ordes do 18 de setembro de 2008 e do 14 de agosto de 2009, da Consellería de Traballo e Benestar.

Cadro 52.- Programas de apoio a entidades de economía social de carácter non lucrativo. Dirección Xeral de Relacións Laborais

ANO	Nº DE ENTIDADES SUBVENCIONADAS	CONTÍA (en euros)
2008	5	98.945
2009	7	103.000

FONTE: Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Por último, no que á Dirección Xeral de Relacións Laborais se refire, tamén continuaron a asinarse, con cargo aos seus fondos, convenios de colaboración con entidades públicas e privadas –entre elas coas universidades de Galicia, con fundacións ou coas asociacións de cooperativas– para a realización de actividades de investigación, formación, promoción e divulgación do cooperativismo, que se analizan noutras partes deste *Informe*²²⁸.

Polo que respecta aos programas que desenvolve a Consellería do Medio Rural e do Mar en beneficio do cooperativismo agrario, pódense diferenciar seis programas (cadro 53):

- I) De axudas para a promoción, modernización e dimensionamento do asociacionismo agrario en Galicia²²⁹. Subvencionan, entre outros, a construción e/ou a adquisición de inmóbeis, equipamento e instalacións, os estudos de viabilidade, os gastos de asesoramento e elaboración de estatutos, de tramitación e demais gastos administrativos derivados do desenvolvemento de actividades tanto na fase de produción agraria como na fase de abastecemento, transformación ou comercialización. Tamén subvencionan os investimentos materiais e os investimentos inmateriais derivados da implantación de sistemas de aseguramento da calidade e rastrexabilidade, así como a implantación de sistemas de xestión da calidade; e, así mesmo, as accións de representación, información, estudo, promoción, fomento e divulgación do cooperativismo agrario que desenvolvan as organizacións representativas das cooperativas agrarias galegas, e a promoción da intercooperación e da integración asociativa a todos os niveis. O programa, operativo nos exercicios 2008 e 2009, non tivo continuidade no 2010.

²²⁸ Para unha relación detallada dos convenios, cfr.: Consellería de Traballo e Benestar: *Memoria* (varios anos).

²²⁹ Ordes do 30 de maio de 2008 e do 27 de febreiro de 2009, da Consellería do Medio Rural e do Mar.

- II) De fomento da utilización de maquinaria e de equipamentos agrarios en réxime asociativo en Galicia²³⁰. Para promover a construción e/ou adquisición e utilización en réxime asociativo de certas edificacións e instalacións relacionadas co proceso produtivo das explotacións agrarias; fomentar a introdución de novas tecnoloxías no emprego de maquinaria e equipamentos; e racionalizar os custos de mecanización, incrementar os mecanismos de seguridade no traballo, reducir as emisións contaminantes e fomentar o aforro enerxético.
- III) De promoción da utilización de instalacións e de equipamentos en común en cooperativas agrarias e sociedades agrarias de transformación para a mellora dos procesos produtivos das explotacións agrarias²³¹. Con axudas encamiñadas particularmente a facilitar os investimentos na construción e/ou na mellora de instalacións para levar a cabo as actividades de cría, recría e ceba de bovinos.
- IV) De apoio á implantación e mellora de servizos de xestión, substitución e aconsellamento²³², subvencionando significativamente os custos salariais anuais derivados da contratación de persoal técnico e administrativo necesario como consecuencia da implantación destes servizos.
- V) De axuda ás organizacións profesionais agrarias para a realización de actividades de representación, de formación e de transferencia de tecnoloxía dirixidas ao seu persoal, socios, directivos ou agricultores en xeral²³³.
- VI) De promoción da implantación e mellora dos sistemas de rastrexabilidade en entidades asociativas –cooperativas agrarias e sociedades agrarias de transformación (SAT)– no sector horto-frutícola²³⁴.

A anterior relación de axudas evidencia o compromiso dos poderes públicos de Galicia co fomento do cooperativismo. Como se sinalaba no anterior *Informe*, as cooperativas de Galicia contan cun marco de apoio estábel, mellorábel en certos aspectos, como se verá a continuación, e en xeral sostido no tempo. É un desafío, nas circunstancias de crise actuais, darlle continuidade a tal compromiso.

²³⁰ Ordes do 29 de marzo de 2008 e do 30 de decembro de 2008, da Consellería do Medio Rural e do Mar.

²³¹ Ordes do 7 de setembro de 2007 e do 19 de agosto de 2008, da Consellería do Medio Rural e do Mar.

²³² Ordes do 1 de marzo de 2007, do 18 de xullo de 2009 e do 25 de marzo de 2010, da Consellería do Medio Rural e do Mar.

²³³ Ordes do 8 de abril de 2008, do 23 de xuño de 2008, do 27 de febreiro de 2009 e do 8 de abril de 2010, da Consellería do Medio Rural e do Mar.

²³⁴ Cfr., entre outras, a Orde do 22 de agosto do 2007, da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Cadro 53.- Programas de fomento asociativo. Consellería do Medio Rural e do Mar

	2008		2009		2010	
	Nº de beneficiarias	Contía (euros)	Nº de beneficiarias	Contía (euros)	Nº de beneficiarias	Contía (euros)
Programa I	20	1.274.657	12	1.015.819		
Programa II	76	3.262.228	52	2.748.545	54	2.591.367
Programa III	1	225.976	1	1.361.460	5	1.090.356
Programa IV						
Asesoramento	12	445.476	19	510.263	19	330.002
Substitución	9	288.094	20	566.734	22	369.975
Xestión	13	356.452	24	567.432	25	446.598
Programa V	16	127.375	27	191.138	60	431.669
Programa VI	1	57.864	-		1	31.278
TOTAL	148	6.038.122	155	6.961.391	186	5.291.247

FONTE: Consellería do Medio Rural e do Mar. Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

Respecto do período anterior, como xa se ten apuntado, a conformación substancial dos programas, no que se refire á identidade dos obxectivos e á selección das actuacións subvencionábeis, non sufriu variacións de alcance, coa excepción da supresión en 2010 do Programa I da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Unha vez executados os programas, as cifras agregadas revelan certo incremento na contía global dos fondos empregados pola Consellería de Traballo e Benestar, ao tempo que certa diminución nos da Consellería do Medio Rural, achacable á mencionada desaparición do Programa I, con independencia dos cambios nas dotacións relativas dos distintos programas, que se detallan máis adiante, o que ás veces obedece a circunstancias sobrevidas na fase de execución e no que outras veces subxace certa reorientación/reprogramación das políticas de axuda.

A lóxica distribución competencial entre diversos organismos da Administración pode dar lugar a unha eventual dualidade na política de axudas que aconsella a posta en común das iniciativas e do seu seguimento para, unificando criterios de actuación, achegarse a unha estratexia conxunta máis eficiente²³⁵.

Na mesma dirección, o forte pulo no desenvolvemento de convenios cos concellos por parte da Dirección Xeral de Relacións Laborais –en 2007 benefi-

²³⁵ O feito de que dende a Consellería do Medio Rural e do Mar se desenvolvan importantes programas específicos en beneficio do cooperativismo agrario permite suscitar a posibilidade de considerar o establecemento dalgunha liña de axuda ás cooperativas do mar, ao cabo actuan-tes no outro sector obxecto das súas competencias.

ciaron a 34 concellos e acadaron unha contía de 135.147 euros, fronte a 207 concellos e preto dun millón de euros no trienio 2008-2009-2010– debe frutificar en sinerxías derivadas da cooperación entre as Administracións. O seguimento e a valoración dos seus resultados han permitir ir máis alá da divulgación e da promoción da fórmula dende ámbitos próximos aos cidadáns –o que non é pouco– para aproveitar mellor as posibilidades das cooperativas no desenvolvemento local, particularmente se se exploran as posibilidades de concertación para a prestación de servizos de natureza social.

Noutra orde de cousas, no que se refire ás liñas concretas de axuda e, en primeiro lugar, ás dirixidas a promover a análise e a selección das condicións de viabilidade e mesmo a fornecer asistencia técnica, aconsellamento e acompañamento dos novos proxectos para asegurar e reforzar a estrutura empresarial e societaria, ten habido cambios substanciais. Actúa neste terreo o Programa III da Dirección Xeral de Relacións Laborais, reforzado na súa dotación neste período. Tamén, para as cooperativas agrarias, o Programa I da Consellería do Medio Rural e do Mar e, indirectamente, o Programa IV da mesma Consellería, en tanto que os servizos de xestión e aconsellamento subvencionábeis nel poidan ser empregados nos novos proxectos. Así mesmo, indirectamente actúan os programas de axuda ás asociacións de ambas as consellerías na medida en que aquelas desenvolvan actuacións desta natureza e algúns dos convenios asinados entre a Consellería de Traballo e Benestar e as universidades.

A sinalada subida na dotación do Programa III por parte da Dirección Xeral de Relacións Laborais, xunto co traballo das asociacións de cooperativas neste ámbito, semella dabondo para cubrir estas necesidades nas cooperativas creadas *ex novo* no período, ao cabo un número non demasiado elevado. Así mesmo, a continuidade das iniciativas da Dirección Xeral de Relacións Laborais para a formación de titores cooperativos facilita o desenvolvemento dun sistema titorial estábel e especializado, que debe axudar nese labor.

Mais, ao tempo, a desaparición do Programa I da Consellería do Medio Rural e do Mar presenta a necesidade de buscar alternativas neste eido para as cooperativas agrarias, particularmente para facilitar a asistencia técnica e o acompañamento imprescindíbeis nos laboriosos –e cada vez máis imperativos e urxentes– procesos de fusión e/ou absorción.

Polo que respecta ao financiamento de gastos documentais e gastos de tramitación administrativa, as actuacións destínanse basicamente ás cooperativas de nova creación, e encádranse, xunto con outras, no marco do Programa III da Dirección Xeral de Relacións Laborais e, para as cooperativas agrarias e nos exercicios 2008 e 2009, no Programa I da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Unha acaída dotación de medios de produción, equipamento e tecnoloxía semella básica para afianzar o proxecto empresarial e societario nas cooperativas. As medidas de promoción nesta materia impleméntanse, para o conxunto de cooperativas, a través do Programa II da Dirección Xeral de Relacións Laborais, que subvenciona a adquisición de inmovilizado material ou inmaterial e outorga subvencións nos xuros dos créditos destinados a tal fin²³⁶. Para as cooperativas agrarias actúan singularmente, e cunhas moi cuantiosas dotacións, os Programas II e III da Consellería do Medio Rural e do Mar, orientados en exclusiva a facilitar a construción e/ou adquisición de instalacións, maquinaria e equipamentos agrarios para a súa utilización en réxime asociativo ou en común. Tamén eran beneficiarias as cooperativas agrarias, até 2010, da parte das axudas do Programa I destinadas a tales fins. Por outra parte, obviamente, as iniciativas nesta materia do conxunto de cooperativas poden acollerse aos programas xerais dirixidos a todo tipo de empresas.

As crecentes necesidades e esixencias da xestión nas cooperativas conducen á profesionalización dese labor en boa parte delas e, xa que logo, á contratación de técnicos, xerentes e directivos. As axudas que para tal fin se incluían en 2008 e 2009 no Programa II pasaron en 2010 ao Programa III da Dirección Xeral de Relacións Laborais, no marco dunha reordenación que incorpora tamén nese ano, dentro do citado Programa III, as axudas para a contratación de persoal técnico de apoio ás cooperativas que prestan servizos de natureza social e á comunidade²³⁷. Pola súa parte, para as cooperativas agrarias, mantense a estimábel dotación do Programa IV da Consellería de Medio Rural nas súas liñas de subvención para a contratación de persoal técnico e administrativo que preste servizos de xestión e aconsellamento.

A contía das dotacións, o número global de beneficiarias e o feito de mantérense as axudas durante varios anos permite aventurar que o citado Programa IV da Consellería de Medio Rural ten alcanzado a boa parte das cooperativas agrarias de certo tamaño. Mais subsisten neste terreo as dificultades das cooperativas de pouco tamaño, agrarias e das outras clases para a contratación de persoal cualificado a tempo completo²³⁸. A procura de fórmulas que posibiliten o emprego de xerentes e/ou asesores compartidos, a promoción de acordos

²³⁶ Tamén apoia dende 2010 a incorporación de novas tecnoloxías da información e da comunicación ás cooperativas. Esta liña de axuda, que se une no Programa II a outras con obxectivos similares, estaba integrada en 2008 e 2009 no Programa V da mesma Dirección Xeral, xunto coas axudas xerais á promoción do cooperativismo.

²³⁷ Integrando así parte substancial das axudas do Programa VI que desaparece ese ano.

²³⁸ Como se ten sinalado en anteriores *Informes*, son moi poucas as cooperativas que se acolleron ás axudas por este concepto que ofrecía o Programa III da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

específicos coas asociacións, cos titores acreditados ou con asociacións profesionais, pode ser unha vía por explorar para avanzar nesta materia.

Por outra banda, o esforzo para acadar unha dimensión suficiente para fortalecer a competitividade en mercados abertos demanda darlles pulo aos procesos de integración. Para as cooperativas agrarias, como se ten adiantado, a non continuidade no 2010 do substancioso Programa I da Consellería do Medio Rural e do Mar suscita a oportunidade –e a necesidade– de busca de alternativas ao que foi un valioso instrumento nuns procesos, difíciles e lentos por natureza, no que cómpre persistir²³⁹. Quizais tamén, como se sinalaba no anterior *Informe*, a oportunidade e a necesidade deste tipo de procesos non estea en primeiro plano entre as outras clases de cooperativas. E, probabelmente por iso, non se teña feito fincapé nese obxectivo na definición das liñas de axudas da Consellería de Traballo e Benestar²⁴⁰, mais cómpre iniciar un debate sobre as posibilidades da integración no marco dos programas sectoriais aos que se fixo referencia.

A promoción de políticas de calidade, así como o apoio a iniciativas de transformación e/ou comercialización cooperativa, tiñan, para as cooperativas agrarias e até 2010, acollida expresa no Programa I da Consellería do Medio Rural e do Mar. En particular para as cooperativas do sector horto-frutícola actúa o Programa VI da mesma Consellería no que toca a accións de mellora da rastrexabilidade dos produtos. E, indirectamente e en tanto que as actuacións propostas neste terreo coincidan coas actuacións subvencionábeis, poden ser empregados os fondos dedicados á adquisición de activos dos citados programas II e III da Consellería do Medio Rural e, para o conxunto de cooperativas, o Programa II –mesmo o Programa III– da Dirección Xeral de Relacións Laborais; doutra volta, con independencia dos programas xerais dirixidos a todo tipo de empresas.

No ámbito da formación incide, dende a Dirección Xeral de Relacións Laborais, o Programa III que cobre actividades de formación empresarial necesarias para a posta en marcha dos proxectos. Tamén, en parte, os convenios asinados con concellos, universidades e outras institucións e, indirectamente, o Programa V e a orde de axuda ás asociacións en tanto que algunhas actividades de promoción e divulgación inclúan accións formativas. E, particularmente, as dotacións ao Consello Galego de Cooperativas que ten a formación como

²³⁹ No trienio culminaron o proceso de integración seis cooperativas, dando lugar a tres resultantes. Tamén no período se produciu a integración dunha das cooperativas de segundo grao con forte presenza –a CECOOP– na cooperativa de segundo grao DELAGRO, que posúe agora unha posición prevalente no mercado de abastecemento na cornixa cantábrica.

²⁴⁰ Aínda que, indirectamente, poidan incluírse accións desta natureza no Programa III da devandita Consellería ou, eventualmente, se poidan asignar fondos *ad hoc*.

actividade nuclear e desenvolve, como xa se ten visto, diversidade de iniciativas de alcance.

Para as cooperativas agrarias hai un programa específico con ese obxectivo –o Programa V da Consellería do Medio Rural e do Mar– e actuaba, indirectamente, o Programa I da mesma Consellería. Ademais, as asociacións desenvolven programas mediante convenios con outras Administracións e institucións galegas e doutros ámbitos.

A confluencia de fondos para esta materia procedentes de diversas liñas e a ampliación e variedade de medios e axentes actuantes permitiu dar saltos cualitativos para, tras a posta en común da información, avanzar na elaboración dunha programación que, progresivamente, vai desenvolvendo actuacións cada vez máis extensas e especializadas e orientadas cada vez máis a destinatarios e territorios seleccionados como prioritarios²⁴¹. Cómpre destacar, nese sentido planificador, a valiosa contribución do Consello Galego de Cooperativas coa elaboración do *Plan marco para a formación cooperativa 2011-2013*, ademais das xa sinaladas actividades de teleformación e da Escola Cooperativa Móbil. E abre un camiño esperanzador a posta en funcionamento da rede de centros integrados na iniciativa Eusumo, que se analiza máis adiante. Na mesma dirección deben proseguir os esforzos para chegar a acordos con diferentes institucións públicas con responsabilidades no ensino e na formación ocupacional.

Potenciar as actuacións de promoción e divulgación xeral do cooperativismo é o obxectivo específico do Programa V da mesma Dirección Xeral de Relacións Laborais. Tamén inciden nesta área, como ocorría coas actividades de formación, as medidas de apoio ás asociacións das dúas consellerías, as sinaturas de convenios cos concellos e universidades, ou a parte das dotacións do Consello Galego de Cooperativas que repercuten en accións deste tipo. Todas elas teñen permitido incrementar notabelmente a visibilidade, a presenza e o coñecemento do cooperativismo en diversidade de ámbitos. E, doutra volta, a confluencia de medios, axentes e institucións dinamizadoras permitiu –e vai permitir no futuro– avanzar na selección e programación de prioridades para achegarlles a fórmula a colectivos e/ou territorios potencial, e especificamente, interesados.

As accións de promoción e divulgación, formación e, mesmo, a asistencia para a posta en marcha de proxectos, dispoñen agora de plataformas de actua-

²⁴¹ Socios e cadros xerenciais, consellos reitores, colectivos especiais (mulleres, mozos, maiores de 45 anos e parados de longa duración, persoas con dificultades de inserción no mercado laboral), así como técnicos de diferentes Administracións que no conxunto do territorio poden actuar como dinamizadores.

ción con máis proximidade e, xa que logo, potencialmente con máis oportunidades para multiplicar a súa eficiencia. Quizais o camiño para conseguir unha maior operatividade destas pase por identificar e programar actuacións en sectores ou en nichos concretos a escala territorial. Debe procurarse sobre o terreo a participación activa dos axentes do territorio que xa se teñen implicado na execución das sinaladas actuacións –concellos, técnicos de distintas Administracións, cooperativas etc.– para, ademais de seleccionar as iniciativas concretas, concertar o seu grao de compromiso con elas. Poden servir de axuda nese camiño algúns plans estratéxicos sectoriais do cooperativismo que xa se teñen elaborado e outros que en determinadas clases, e dadas as circunstancias apuntadas noutra parte, sería oportuno elaborar²⁴².

Ademais das liñas tendentes a reforzar o proxecto empresarial que, obviamente, contribúen de seu ao mantemento dos postos de traballo vencellados ás cooperativas, en materia especificamente de promoción do emprego nas cooperativas actúa o Programa I da Dirección Xeral de Relacións Laborais, que auxilia a incorporación ás cooperativas como socios traballadores, a conversión de asalariados en socios traballadores e, dende 2009, especificamente a incorporación de socios traballadores procedentes de procesos de reestruturación, reconversión ou peche de empresas²⁴³. Así mesmo, foméntase o acceso á condición de socio traballador mediante a concesión de axudas económicas destinadas a financiar parcialmente a achega ao capital social ou o aboamento de cotas á Seguridade Social das contempladas no Programa IV e na referida orde singular da mesma Dirección Xeral. Tamén fomentan o emprego, aínda non sendo a súa principal finalidade, os referidos programas de axuda de cara á contratación de técnicos e xerentes da Dirección Xeral de Relacións Laborais xunto co Programa IV da Consellería do Medio Rural e do Mar, fortemente dotado, que incorpora, ademais dos anteriores, a subvención para a contratación de traballadores que presten servizos de substitución nas explotacións.

Segue a ser necesario nesta área considerar as posibilidades de modificar a contía das axudas para que supoñan un beneficio adicional ao ofrecido con carácter xeral. E é preciso, así mesmo, seguir avanzando na coordinación e na articulación con outros programas –en particular cos de formación– para tentar establecer progresivamente paquetes de axudas integrados que simplifiquen trámites e eviten reiteracións.

²⁴² Entre elas as empresas de traballo asociado no sector téxtil e as empresas de servizos sociais, integración social e aquelas que desenvolven servizos para a comunidade. Nestas últimas, que, como se ten adiantado, non dispoñen en 2010 de programa de axudas específico, cómpre identificar as vías para desenvolver as súas potencialidades e as posibilidades de concertación con outros axentes no eido local.

²⁴³ Que antes se incluían no Programa III.

As novas canles abertas de actuación das políticas de promoción e a súa sinalada maior proximidade no territorio debe aproveitarse para debater e explorar iniciativas que impliquen máis decididamente no fomento do emprego na economía social aos distintos servizos de colocación e aos viveiros de empresas existentes²⁴⁴. Tamén, reiteramos, para fomentar a participación directa dos concellos e doutras entidades públicas en proxectos de economía social que incidan na prestación de determinados servizos que caen dentro do seu ámbito competencial²⁴⁵, o que, ao cabo, redundará nun incremento do emprego e do benestar.

No tocante aos incentivos para facilitar o financiamento alleo das actividades cooperativas incide o Programa II da Dirección Xeral de Relacións Laborais, que concede subvencións nos xuros dos créditos para financiamento e adquisición de inmovilizado concedidos polas entidades financeiras coas que se teñen asinado convenios. Tamén inciden os Programas I, mentres estivo operativo, e II e III da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Tense avanzado, polo tanto, ao abeiro do citado Programa II da Dirección Xeral de Relacións Laborais, coa sinatura de convenios con entidades financeiras. Mais aínda se debe insistir na procura da concertación coas entidades de promoción económica e na promoción de sistemas alternativos de financiamento e sistemas específicos de garantías e de avaliación de riscos que dean unha máis acaída resposta ás particulares demandas das empresas cooperativas. Adicionalmente, cómpre dar conta neste terreo de que no período botaron a andar dúas esperanzadoras iniciativas encamiñadas a promover o aforro solidario e o investimento ético para desenvolver proxectos de economía social e sustentábel²⁴⁶.

Por último, no que respecta ao apoio do movemento asociativo, opera a citada orde específica da Dirección Xeral de Relacións Laborais para subvencionar parcialmente os gastos correntes de funcionamento, así como a participación xeral destas nas actividades de promoción e divulgación. Tamén reciben as cooperativas fondos *ad hoc*, en tanto que activamente implicadas en accións de formación, promoción e divulgación concretas das contempladas no Pro-

²⁴⁴ Un primeiro paso nesa dirección sería facer operativa unha base de información singular sobre potenciais demandantes e oferentes de emprego na economía social, contando coa colaboración do Consello Galego de Cooperativas, que xa está a xestionar unha “bolsa de emprego cooperativo” xunto con outras iniciativas de fomento do autoemprego.

²⁴⁵ Con fórmulas, entre outras, que impulsen a contribución de achegas en especie, infraestruturas ou alternativas de capital-risco eventualmente necesarias para o desenvolvemento da actividade cooperativizada.

²⁴⁶ Creouse a sección territorial de Galicia de Coop 57 e deu os seus primeiros pasos o proxecto Fiare GZ.

grama I e, sobre todo, son destinatarias dunha parte apreciable das axudas no Programa V da Consellería do Medio Rural e do Mar e no Programa V da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

As dotacións crecentes dos citados programas recoñecen o importante papel mediador das asociacións á hora de facilitar unha incidencia máis equitativa e estendida das políticas de promoción, asesoramento, divulgación e formación. É, por iso, un recoñecemento que debe ter continuidade.

3.4. ASOCIACIONISMO

Durante o período que abrangue este *Informe* houbo importantes novidades que afectan ao movemento asociativo.

A mediados do 2009 produciuse a fusión das Unións de Cooperativas de Traxallo Asociado Eixo e Ugacota. A unión resultante –UGACOTA– alcanza un nivel de representatividade elevado no eido do cooperativismo de traballo asociado, significativamente superior ao que contaba no 2007: a finais de 2010 integra a 105 cooperativas que representan o 22,3% das activas da clase, o que lle ha permitir incrementar e mellorar as súas actuacións e servizos, ao tempo que aumenta a visibilidade e o recoñecemento do cooperativismo de traballo asociado na sociedade galega.

Así mesmo, en 2008 foi constituída a Primeira Unión Galega de Cooperativas do mar, na que se asocian inicialmente seis importantes cooperativas do sector –unha sétima incorporouse con posterioridade–, que contan con 800 socios e 14,6 millóns de euros de facturación. Representan unha parte substantiva das vinte cooperativas da clase, que se verá incrementada con novas incorporacións unha vez asentados os servizos e produtos que ofrece²⁴⁷.

Seguen a actuar, ademais, no mundo agrario, a Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA), que conta en 2010 con 120 entidades asociadas nas catro provincias galegas, catro das cales son cooperativas de segundo grao. Significan o 37,2% das cooperativas agrarias activas, mais representan, por volume de socios, máis de 34.000, por facturación e por valor engadido, a maior parte do colectivo. Ademais, nas súas actividades, AGACA préstalle servizos a un conxunto máis grande: a preto de 300 cooperativas e sociedades agrarias de transformación²⁴⁸. Tamén nese sector seguen a operar –pero cun

²⁴⁷ Durante 2010 constituíuse tamén a Asociación Galega de Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras (AGADES). Coa vocación de ser interlocutor ante ás Administracións para temas sanitarios-zootécnicos, integra sete cooperativas que teñen a Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG), propia ou vinculada á cooperativa.

²⁴⁸ Cfr.: AGACA: *Memoria*, 2008, 2009, 2010.

ámbito de actuación territorial circunscrito a unha comarca e, en consecuencia, cun número de integrantes máis limitado–, a Unión de Cooperativas Agrarias de Ferrol (UCAFE) e a Asociación de Cooperativas Agrarias (ACAP).

No mundo do ensino a Unión de Cooperativas de Ensino de Traxallo Asociado de Galicia (UCETAG) agrupa vinte e sete cooperativas, a práctica totalidade das dedicadas a actividades educativas regradas nas súas diferentes etapas. E, por último, a Unión Galega de Cooperativas de Vivenda (UGACOV) integra dezaseis cooperativas, un 18% das activas desa clase.

Tamén opera a Federación de Empresas Cooperativas SINERXIA, que aglutina agora as dúas unións de cooperativas de traballo asociado –UGACOTA e UCETAG– xunto coa Unión de Cooperativas do Mar e tres cooperativas de consumo que se integran como socias colaboradoras. Segue sen haber, polo momento, asociacións específicas e representativas para as outras clases (servizos, transportes, consumidores e usuarios, etc.)²⁴⁹.

Por outra banda, o sinalado incremento da representatividade e as sinerxías derivadas dos novos procesos de unión teñen permitido un aumento significativo no conxunto de actividades das entidades asociativas. Poden agruparse en varios campos:

- a) A prestación de servizos de asesoría, documentación e información ás cooperativas en materia xurídica, fiscal, laboral, contábel, societaria, tramitación de axudas e subvencións, etc., subministrando no caso das cooperativas agrarias servizos técnicos especializados en temas de sanidade animal, de asesoramento e implantación de sistemas de calidade, de trazabilidade e medio ambiente, de innovación tecnolóxica, de eficiencia enerxética, de enxeñería, de servizos de maquinaria en común, de servizos de substitución e de xestión de explotacións para a diversidade de subsectores agrarios: leite, carne, horta, flor, viño, apicultura, gandería intensiva, etc.
- b) As actividades de representación e de interlocución diante de diversas instancias da Administración estatal, autonómica e local e doutras institucións públicas e privadas. Neste sentido, as asociacións son parte constituínte e participan activamente no desenvolvemento das actuacións xa sinaladas do Consello Galego de Cooperativas. Tamén actúan dende as entidades representativas no ámbito estatal (en Cooperativas Agroalimentarias e nos seus diferentes consellos sectoriais, na Confederación de Cooperativas de España de Traxallo Asociado, na Confederación Española de Empresas de Economía Social e na Unión Española de Cooperativas de Ensinanza) e, a través

²⁴⁹ Xa fóra do período contemplado neste *Informe* se deron os primeiros pasos para constituír a unión de cooperativas de consumo.

delas, dende as organizacións cooperativas a escala europea e internacional e en diversos organismos consultivos e de estudos neses ámbitos. Isto permítelles facer un seguimento de cerca, e influír en variedade de asuntos de interese para as cooperativas asociadas e, en última instancia, para os seus socios. Particularmente, e como tamén se ten destacado, as cooperativas agrarias, pola súa representatividade, participan en diferentes mesas do sector e son interlocutoras destacadas nel.

- c) As actividades de formación, comunicación e divulgación dirixidas ás cooperativas integradas, aos seus socios e aos colectivos potencialmente interesados, en diversidade de materias e aproveitando diferentes soportes e materiais elaborados en boa medida polas propias asociacións²⁵⁰.
- d) E, finalmente, participando activamente en determinadas accións singulares como a concepción e posta en marcha da Rede Eusumo, que se comenta a continuación, ou en determinados foros e eventos significados do movemento cooperativo galego: a participación na discusión da Lei 14/2011, do 16 de decembro, de modificación da Lei de cooperativas; os congresos de cooperativas; o día do cooperativismo; etc. Particular alcance teñen as accións de seguimento e de asesoría levadas a cabo para culminar os catro procesos de integración de cooperativas no mundo agrario realizados no período²⁵¹ e as actuacións de impulso e apoio ás negociacións conducentes á adquisición cooperativa dunha planta de transformación láctea en Galicia en proceso de abandono e peche.

3.5. ACCIÓNS ESPECIAIS

Como resultado dos proxectos europeos desenvolvidos e executados en anos anteriores, no período que inclúe este *Informe* dinamízase a plena explotación dalgúns dos seus principais produtos.

Así, o proxecto EQUAL II-NEXUS REDE culmina a finais do 2007 coa asunción por parte do Consello Galego de Cooperativas da titularidade da plataforma dixital de teleformación integrada na páxina web do Consello Galego de Cooperativas e, así mesmo, coa creación da Escola Cooperativa Móbil, de cuxas actividades xa se deu conta noutra parte.

²⁵⁰ Nas Memorias das asociacións AGACA e UGACOTA recóllense entre 2008 e 2010 un total de 691 cursos impartidos, destinados a 5.681 alumnos. Cfr. AGACA: *Memoria* (varios anos) e UGACOTA: *Memoria* (varios anos).

²⁵¹ No período culminaron o proceso tres cooperativas que integran seis cooperativas preexistentes. Tamén no período a cooperativa de segundo grao CECOOP intégrase, xunto con outras de segundo grao de Asturias (CICA) e Cantabria (SERGACAN), na cooperativa DELAGRO.

Tamén é un dos resultados perdurábeis do proxecto DESQOOP a construción e completa dotación do Centro de Desenvolvemento Cooperativo Transfronteirizo en Verín, que na súa programación durante o trienio 2008-2010 foi conformándose como centro de referencia para o cooperativismo. Está a prestar variados servizos cooperativos –plans de asesoramento, formación, divulgación e sensibilización, acompañamento en contactos e misións comerciais– e conta con infraestruturas utilizábeis como incubadora de empresas cooperativas e de intercooperación empresarial (tendas cooperativas e centrais de almacén), ademais de servizos polivalentes (informáticos e telemáticos sen cable, infraestruturas básicas, sala de actos...) de utilidade para unha gran variedade de usuarios –emprendedores e todo tipo de entidades de economía social– do contorno local transfronteirizo. O centro vai ser o referente, o xermolo e o primeiro fío dunha rede que, no tempo de redacción deste *Informe*, xa é unha realidade, como se verá a continuación.

Por último, no período concíbense e prográmanse dúas accións especiais, que serán presentadas e comezarán a súa actividade nos primeiros meses de 2011, fóra xa do espazo temporal recollido neste *Informe*.

A Rede Eusumo, encadrada dentro do Programa Operativo do Fondo Social Europeo 2007-2013, créase para a promoción e fomento do cooperativismo e da economía social, do emprendemento, e da creación e consolidación de emprego, no ámbito local, comarcal e transfronteirizo.

Desenvolve, a través dunha rede de centros espallados polo territorio²⁵², accións, entre outras, de información e asesoramento; formativas dirixidas aos posíbeis emprendedores; de prospección dos xacementos de emprendemento e selección de destinatarios das accións de asesoramento, información e formación; de acompañamento de proxectos, tutoría e asesoramento para a conformación da empresa e durante os primeiros anos de actividade; de apoio ao emprendemento mediante a posta a disposición de viveiros para empresas de economía social; de fomento da coordinación de accións e promoción de proxectos de carácter internacional; de promoción e dinamización do traballo en rede para a colaboración en temas comúns, como a comercialización e a apertura conxunta de mercados; de realización de accións formativas en materia de novas tecnoloxías e promoción da incorporación destas e da I+D+i; de establecemento de centros de documentación para a súa consulta por parte de entidades de economía social, persoas emprendedoras e público en xeral; de pro-

²⁵² Son centros da Rede Eusumo na actualidade o mencionado Centro de Desenvolvemento Cooperativo Transfronteirizo de Verín, o Centro de Caixa Rural Galega, o Centro da Fundación Terra de Trasancos-Cooperativa do Val, o Centro da Fundación Coren e o Centro da Fundación Feiraco.

moción da asistencia conxunta a feiras nacionais e internacionais e da mellora das estratexias de comercialización; de establecemento dunha liña permanente de investigación sobre posibilidades de desenvolvemento local para o territorio; de desenvolvemento de estudos sectoriais promovendo a cooperación con entidades do territorio; e de divulgación e difusión das potencialidades, valores e realidades da economía social.

Confórmase como unha rede de colaboración na que integrar as Administracións Públicas, así como as entidades públicas instrumentais dependentes destas; as asociacións de entidades de economía social; as fundacións e asociacións; as universidades; as cámaras de comercio, organizacións profesionais, empresariais e sindicais e outras entidades sen ánimo de lucro, etc. que participen, e se beneficien, do conxunto de actividades²⁵³.

Complementariamente, o proxecto COOPERA+, financiado polo Programa Operativo de Cooperación Territorial España-Portugal (POCTEP), xorde co obxectivo de dotar estes centros da rede –e todos aqueles nos que se realicen tarefas vinculadas á promoción do cooperativismo e da economía social– das ferramentas necesarias para a realización dos labores de información, formación e asesoramento que vaian desempeñar. Nese marcoponse en marcha unha Unidade Transfronteiriza de Asesoramento que, a través de diferentes medios, desenvolve tarefas de información, formación e asesoramento daqueles traballadores encargados de promover o emprendemento e a economía social na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e, así mesmo, presta servizos de titoría de proxectos de I+D+i e de dinamización de intercooperación.

CONCLUSIÓNS

²⁵³ Actualmente están adheridas á Rede Eusumo a Consellería de Traballo e Benestar, a Caixa Rural Galega, a Fundación Coren, a Fundación Terra de Trasancos-Cooperativa do Val, a Fundación Feiraco, todas as asociacións de cooperativas de Galicia e a Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia, a Cámara de Comercio de Vigo, a Mancomunidade de Vigo e outras mancomunidades e agrupacións de concellos de dezaseis comarcas de Galicia (que incorporan a 91 concellos). Cfr.: www.eusumo.coop.

CONCLUSIÓNS


- A 31 de decembro de 2010 hai 1.099 cooperativas activas en Galicia. O ritmo de creación de novas cooperativas mantense case que constante en 45 cooperativas cada ano.
- En conxunto o movemento cooperativo en Galicia está conformado por experiencias asentadas: as cooperativas galegas teñen unha idade media alta e danse uns moi elevados índices de supervivencia das cooperativas constituídas no período recente, o que indica capacidade de resistencia e unha máis acaída selección das condicións de viabilidade.
- No que atinxe á distribución das cooperativas no territorio acentúanse algo máis as diferenzas absolutas entre as provincias atlánticas e as provincias orientais, cunha presenza relativa –dado o peso da súa renda e poboación– superior nas provincias occidentais e nas áreas rurais fronte ás metropolitanas. As cooperativas están presentes na práctica totalidade do territorio mais con diferente intensidade, o que aconsella incrementar a promoción e a divulgación nas contadas áreas en que hai unha baixa densidade.
- Gran parte do movemento cooperativo galego, máis de tres de cada catro cooperativas de Galicia, está integrado por dúas clases de cooperativas: as que asocian traballo e as cooperativas agrarias. Ademais, a dinámica recente confirma a importante presenza entre as novas cooperativas das de traballo asociado e das cooperativas de vivenda. Seguen a aparecer novas experiencias entre as cooperativas do mar e de explotación en común da terra, e mantense un ritmo de creación estimábel entre as cooperativas de servizos e transportes, mentres que é máis baixo nas de segundo grao e de consumidores e usuarios.
- As cooperativas galegas integran 90.158 socios, cun incremento do 2,4% con respecto ao 2007. Significan o 3,22% da poboación do país e a presenza de socios dalgunha cooperativa en case un de cada once fogares de Galicia. A súa distribución é moi desigual segundo a clase e a natureza das actividades cooperativizadas –máis da metade agrúpanse nas cooperativas do mundo agrario–, e mesmo hai importantes diferenzas de tamaño dentro de cada clase. Continúa a medrar a presenza feminina entre os socios, aínda que nunha proporción inferior ao que alcanza a poboación ocupada feminina no mercado de traballo en Galicia. Medra, así mesmo, o número de persoas xurídicas que se incorporan como socios.
- As cooperativas con actividades directamente vencelladas á produción no sector primario supoñen unha proporción do total moi superior á importancia do sector no conxunto da economía de Galicia, ao contrario do que ocorre coas cooperativas do sector servizos. Non obstante, a dinámica recente ratifica as tendencias de incremento das cooperativas de servizos e da construción e a caída das constituídas no sector industrial.
- Máis da metade das cooperativas de Galicia están concentradas en torno a tres actividades: a agricultura e a gandería, a construción e a industria téxtil, por esa orde. E, a certa distancia das anteriores, case que outra cuarta parte están dedicadas a actividades de comercio, ensino, transportes e de asesoría e informática. Tendencialmente destacan novas iniciativas no mundo do mar, novos proxectos de transformación das producións agroalimentarias e, principalmente, a emerxencia de novas actividades comerciais, de ensino, de transportes, de asesoría, asociativas, recreativas, culturais e deportivas, e veterinarias, sanitarias e de servizos sociais. Tamén, por outra banda, dáse unha certa caída no téxtil e a parálise de novas iniciativas no forestal.
- Da agregación dos postos de traballo directos, indirectos e inducidos polas cooperativas de Galicia resultaría a finais do 2010 unha cifra global de 18.245 empregos, o 1,66% do total de ocupados no país. Os empregos directos nas cooperativas supoñen 8.772 traballadores.
- A distribución do emprego entre as cooperativas é moi desigual segundo a clase e a natureza do compromiso social –máis da metade do total nas cooperativas que asocian traballo e boa parte do restante nas cooperativas do mundo agrario–, e mesmo presenta importantes diferenzas de tamaño dentro de cada clase, con bastantes microempresas e, no outro extremo, máis de tres quintas partes do emprego concentradas nun reducido número de empresas. Polo que respecta ás tendencias, son cada vez máis marcadas: nos últimos anos créase emprego, principalmente, nas cooperativas de traballo asociado do sector servizos, na construción, e dáse unha presenza crecente da muller entre os traballadores.
- A facturación, global e media, das cooperativas galegas continuou a incrementarse nos tres últimos exercicios e segue a ser de media sensibelmente superior á das cooperativas do conxunto do Estado. Non obstante, segue a haber notábeis desviacións respecto do valor medio, con preto dun 90% do total concentrado nun reducido número de empresas. Entre elas, de xeito destacado, as cooperativas do mundo agrario: as integradas no Grupo Coren e unhas poucas con importantes actividades de intermediación e de transformación. Tamén, nas outras clases, hai empresas singulares de certo tamaño dedicadas a actividades de distribución, financei-

ras e algunhas cooperativas do mundo do mar e de consumidores e usuarios.

- A achega de valor do movemento cooperativo á economía galega incrementouse no último trienio e segue a ser, en termos medios, superior ao das cooperativas do conxunto do Estado. En termos absolutos é apreciable, tanto máis de termos en conta a achega de valor adicional nas actividades dos seus socios. Entre as clases destacan, unha vez máis, aquelas que asocian traballo e, así mesmo, cómpre subliñar, doutra volta, as notábeis desviacións respecto do valor medio debidas ao peso das grandes cooperativas.
- A análise dos valores medios que resultan da agregación dos importes de activo, ingresos, traballadores e socios das cooperativas das diferentes clases indica que seguen a ser unha maioría as cooperativas de tamaño pequeno, aínda que tamén existen nas distintas clases casos particulares con diferenzas moi marcadas con respecto aos diferentes indicadores manexados.
- Particularmente nas cooperativas agrarias, unha maioría das cooperativas, dada a importancia dos investimentos ou da cifra de ingresos e de traballadores, sería cualificábel como microempresa. Na mesma clase un pequeno grupo, que representa menos do 10% do total, concentra a maioría dos ingresos e dos investimentos, o que reproduce a situación comentada no *Informe 2007*. Por outra banda, e con respecto ao *Informe* anterior, obsérvase un incremento no tamaño medio da cooperativa agraria, medido tanto pola cifra de activos como pola de ingresos, incremento que presenta unha maior importancia relativa entre as cooperativas máis pequenas.
- Mantense tamén para as cooperativas agrarias a conclusión relativa á menor importancia do activo fixo con respecto ao investimento total que a que corresponde ao circulante, reflectindo o predominio das actividades comerciais e de intermediación. Porén, con respecto ao 2007 apréciase un incremento significativo dos investimentos en inmovilizado material e, polo tanto, da capacidade produtiva das cooperativas desta clase.
- A cooperativa agraria finánciase maioritariamente con neto e con recursos alleos no curto prazo entre os que un importe moi considerábel corresponde á débeda cos socios e con outras empresas do grupo. O financiamento con débeda no longo prazo, que aumenta a súa importancia con respecto ao existente no 2007, é máis frecuente a medida que se incrementa o tamaño da cooperativa, posibelmente porque só as empresas máis grandes atopan facilidades no acceso a este tipo de financiamento.
- Entre os recursos propios medios o peso principal corresponde ao capital social e ás reservas da cooperativa; pola súa parte, as subvencións aparen-

tan ter diminuído a súa importancia como fonte de financiamento. Aínda que son menos aquelas cooperativas nas que o capital social se limita ao mínimo legal e as achegas individuais dos socios aumentan con respecto ao 2007, segue a darse unha cativa implicación do socio no financiamento e hai, polo tanto, unha importante limitación nas posibilidades de afrontar investimentos de alcance.

- O fondo de rotación é, por termo medio, positivo, sinalando que os recursos de carácter permanente son suficientes para a cobertura dos investimentos no longo prazo. Porén, e aínda que o predominio das actividades de comercialización e a elevada liquidez do activo no curto prazo determina que posibelmente os valores máis reducidos non sempre signifiquen unha situación de dificultade, cómpre destacar que as cifras sinalan unha diminución para moitas das cooperativas da marxe de seguridade existente no 2007 e o mesmo sucede cos valores das ratios de capacidade de pagamento no curto prazo.
- A conta de resultados mostra un incremento, aínda que reducido, nos ingresos medios da cooperativa agraria, incremento que resulta máis importante, en termos relativos, nas cooperativas de máis reducida dimensión. Igual que en anteriores *Informes*, cómpre sinalar que os ingresos son superiores aos obtidos por termo medio no conxunto do Estado que ademais, con respecto ao 2007, experimentaron unha evolución negativa.
- O valor engadido na cooperativa agraria media representa un escaso peso sobre os ingresos de explotación que se deriva da característica importancia dos consumos na actividade comercial ou de intermediación predominante entre as cooperativas desta clase. Con respecto ao ano 2007 obsérvase que o incremento nas cifras de valor engadido se produce sobre todo nas cooperativas máis pequenas e pon de manifesto a obtención de taxas menores con respecto aos ingresos nun número significativo de cooperativas. Con todo, as maiores taxas seguen a corresponder ás cooperativas con maior investimento en activos fixos, que denotan a realización de actividades de transformación, o que, posibelmente, explique a maior importancia do valor engadido medio e do seu peso relativo sobre os ingresos na cooperativa española media.
- O resultado de explotación é positivo por termo medio, o que indica a suficiencia do valor engadido para a cobertura dos gastos de persoal e dos orixinados pola depreciación do equipo produtivo. Así e todo, a importancia deste resultado resulta inferior ao correspondente ao 2007 e é, en xeral, insuficiente para atender por si só a cobertura dos gastos derivados do financiamento, resultando un excedente que para unha maioría das cooperativas da clase é positivo pero escaso e aínda inferior ao presentado no ano 2007,




o que explica a redución das ratios de rendibilidade que se produce con respecto a ese ano.

- O tamaño das cooperativas de traballo asociado apenas experimentou variación con respecto ao correspondente ao 2007. As maiores cifras medias corresponden ao sector secundario onde, xunto cunha maioría de cooperativas de reducida dimensión, das que moitas corresponden á industria téxtil, se integran unhas poucas, as máis grandes da clase, nas que se concentra unha moi substancial parte dos investimentos, ingresos, traballadores e socios.
- Tamén corresponden ás cooperativas de traballo asociado do sector secundario os maiores incrementos no tamaño medido pola cifra de activos, que se producen particularmente nas cooperativas do subsector da construción. Pola contra, no sector primario e no terciario, particularmente no primeiro, o volume de investimento medio experimentou unha redución.
- O activo fixo unicamente ten importancia nas cooperativas de traballo asociado do sector primario. No resto presenta un peso relativo inferior ao circulante, o que reflicte, en particular con respecto ao sector secundario, o predominio das cooperativas dos subsectores téxtil e da construción, cuxas actividades intensivas en man de obra non precisan de grandes investimentos en activo fixo. A parte principal do activo circulante corresponde aos debedores a ás dispoñibilidades, configurando o conxunto un activo de elevada liquidez.
- A estrutura financeira apenas presenta diferenzas na súa composición con respecto á presentada noutros informes. Os recursos alleos no curto prazo e o patrimonio neto presentan unha importancia moi parella no financiamento das cooperativas de traballo asociado, mentres que a débeda no longo prazo resulta de moita menor utilización. Prodúcese no período un incremento na estabilidade do financiamento a través do aumento do peso que representa o patrimonio neto e que se observa, especialmente, nas cooperativas dos sectores primario e secundario.
- Nesta clase a maior importancia dos recursos permanentes ocasiona un incremento do fondo de rotación medio nos diferentes sectores, o que supón unha maior marxe de seguridade fronte a desaxustes financeiros. A existencia dunha situación financeira máis favorábel para unha maioría das cooperativas dos distintos sectores tamén se ve confirmada polos máis altos valores das ratios de capacidade de pagamento.
- O escaso volume dos ingresos obtidos polas cooperativas de traballo asociado reflicte, en termos xerais, o seu reducido tamaño. Con respecto ao 2007 a evolución das cifras medias de ingresos dos sectores primario e ter-

ciario é negativa, mentres que no sector secundario se observa un incremento, aínda que non moi pronunciado, desta cifra.

- A importancia dos consumos e dos demais gastos de explotación é similar, a pesar das diferenzas na actividade, entre os distintos sectores, o que traduce, mesmo no sector secundario, a intensidade na utilización do factor traballo. Os pesos relativos destes gastos en relación cos ingresos son, por outro lado, inferiores aos presentes noutras clases, resultando en maiores taxas de valor engadido. Así e todo, os importes en valor absoluto son reducidos, destacando as cifras alcanzadas polas cooperativas do grupo “outras industrias” e por casos máis illados entre as dedicadas á construción ou ás pertencentes ao sector terciario.
- Como corresponde ao obxectivo deste tipo de cooperativas o valor engadido xerado destínase maioritariamente á retribución dos traballadores. Os gastos de persoal medios son mesmo superiores ao valor engadido no sector primario e, sobre todo, pola maior xeneralidade, na industria téxtil. Nos outros sectores, o excedente sobre os gastos de persoal permite para a maioría das cooperativas a cobertura dos gastos derivados da depreciación do equipo e dos de carácter financeiro, aínda que en moitos casos en forma moi axustada.
- Os resultados finais obtidos nas cooperativas de traballo asociado son negativos ou de escasa relevancia para unha maioría das cooperativas, inferiores por termo medio aos correspondentes ao 2007 para os distintos grupos e, como consecuencia, tamén se observa unha diminución nas taxas de rendibilidade.
- O tamaño medio da cooperativa de ensino é tamén reducido e obsérvase, ademais, unha redución do investimento medio dende o 2007. A composición do activo segue a reflectir a importancia do inmovilizado material no desenvolvemento da actividade das cooperativas desta clase e, así mesmo, a existencia dunha elevada liquidez do activo circulante, onde os maiores pesos corresponden ás dispoñibilidades ou, alternativamente, aos debedores.
- A composición dos recursos financeiros entre as cooperativas de ensino tamén reproduce, en xeral, a existente no 2007: aínda que presentan menor importancia relativa neste ano, os recursos propios predominan no financiamento da maioría das cooperativas e, entre o alleos, son lixeiramente superiores os de curto prazo, cuxa importancia continúa a crecer, aínda sen presentar polo momento niveis preocupantes. O fondo de rotación medio é positivo e similar ao do 2007, a pesar de que son máis numerosos os casos nos que o indicador reflicte unha posíbel insuficiencia dos recursos perma-



nentes. Porén, as ratios de situación financeira no curto prazo reflicten a ausencia de dificultades no pagamento da débeda a curto para unha maioría das cooperativas da clase.

- A diferenza doutras clases a maior parte dos ingresos da cooperativa media de ensino non procede da actividade principal, senón que posibelmente se deriven das axudas derivadas de concertos educativos coa Administración. O conxunto dos ingresos apenas se incrementou dende o 2007, mentres que os gastos de explotación o fixeron en maior proporción e, en consecuencia, o peso relativo do valor engadido –importante nesta clase como corresponde á especialización do servizo prestado– experimentou unha pequena redución. Ademais, o incremento do gasto de persoal provoca que o valor engadido sexa absorbido pola remuneración aos traballadores en maior proporción que noutros anos, e tamén a insuficiencia para a cobertura dos gastos de amortización e financeiros.
- As cooperativas de explotación comunitaria tamén se caracterizan por presentar un tamaño pequeno e pola importancia que presentan os investimentos en inmovilizado material e, no activo circulante, os debedores con respecto ao total do activo. No financiamento os recursos alleos son maioritarios, aínda que se observa un incremento paulatino do peso dos recursos propios e tamén unha maior achega dos socios ao capital. Entre os alleos, a diferenza doutras cooperativas que actúan no mundo agrario, a débeda no longo prazo é utilizada con maior frecuencia e importe. O fondo de rotación medio é neste ano moi superior ao correspondente ao 2007, pero aumentou considerabelmente o número de cooperativas nas que os recursos permanentes son insuficientes. As ratios de capacidade de pagamento máis inmediata mostran, igualmente, unha situación comprometida para un número considerábel de casos.
- Na conta de resultados das cooperativas de explotación en común obsérvase unha redución da cifra media de ingresos e tamén se reduce a importancia do valor engadido medio con respecto aos ingresos como consecuencia do incremento do custo dos consumos. Aínda así, esta importancia segue a ser moito maior que a correspondente ao resto de cooperativas do sector agrario analizadas anteriormente, como cabe esperar da maior actividade produtiva das cooperativas de explotación comunitaria. Con todo, o incremento do peso dos gastos de persoal e o maior peso dos derivados da amortización nesta clase fai que, a pesar da redución da carga financeira, o resultado da maioría das cooperativas presente importes e pesos moi inferiores aos obtidos en exercicios pasados.
- Na clase servizos e transportes coexisten tamén cooperativas de pequeno tamaño xunto con outras moito máis importantes que inflúen grandemente

nos valores medios calculados. Os ingresos e os activos aumentan dende o 2007, pero este crecemento corresponde realmente ás grandes empresas integradas nesta clase.

- Polo xeral, o investimento destas cooperativas procede maioritariamente do circulante, con predominio dos debedores e, en menor grao, das existencias. No financiamento os recursos alleos, sobre todo no curto prazo, son a principal orixe de recursos, pero esta circunstancia non comporta problemas de desequilibrio debido ao reducido do investimento no longo prazo. As ratios de capacidade de pagamento, a pesar de ter diminuído, tampouco aparentan indicar problemas nesta área.
- Con respecto aos resultados, e a pesar de que o valor engadido da actividade é pequeno en relación cos ingresos, son por termo medio positivos, aínda que, igual que noutras clases, en comparación co 2007 son agora máis as cooperativas de servizos e transportes que rexistran perdas.
- O tamaño das cooperativas de vivenda vén determinado polo custo das obras executadas pendentes de finalización e de entrega aos socios, que representa o fundamental do investimento realizado. No financiamento destaca, por pequeno, o importe do patrimonio neto, formado principalmente polas achegas dos socios ao capital que, na maioría dos casos, se limita ao mínimo legal. A maior parte do financiamento é débeda, principalmente no curto prazo, e posibelmente procede dos socios ou estes subrogáranse nela á entrega das vivendas. En consecuencia, a estabilidade do financiamento é alta e tamén a marxe de seguridade que indica o fondo de rotación.
- Por outra banda, a actividade das cooperativas de vivenda é escasa neste exercicio, menor que no 2007: poucas cooperativas semellan ter realizado obras importantes e aínda son menos os casos nos que a conta de resultados indica ter finalizado e entregado un volume elevado de vivendas.
- A escaseza de datos e a heteroxeneidade que presentan as cooperativas incluídas nas restantes clases determinan as dificultades de realizar un estudo agregado para elas. A partir dos datos individuais das cooperativas incluídas na mostra, pódense subliñar algunhas particularidades de experiencias singulares.
- Na clase consumidores e usuarios obsérvase a existencia de dúas cooperativas que destacan polo seu tamaño e que, ademais de desenvolver actividades comerciais e de prestación de servizos, contan cunha sección de crédito. Como consecuencia, no seu activo destaca a importancia dos investimentos financeiros, ben no curto ou ben no longo prazo. A actividade da sección de crédito representa, fundamentalmente nun dos casos, unha importante contribución aos ingresos da cooperativa, e dela derivan

se, neste caso nas dúas cooperativas, o signo positivo dos resultados obtidos.

- As cooperativas do mar dedícanse, fundamentalmente, á intermediación. Só a máis grande das integradas na mostra parece desenvolver algún tipo de actividade de transformación, o que se deduce da importancia do investimento en inmovilizado material. Aínda que a débeda no curto prazo é importante, atópanse maioritariamente en situación de equilibrio financeiro. En liña coa actividade desenvolvida, o valor engadido é, en xeral, escaso e case na súa totalidade absorbido polas retribucións aos traballadores. Como consecuencia, os resultados son de moi pouca importancia.
- As cooperativas de servizos sociais son todas elas de pequena dimensión, reflectindo o escaso dos investimentos precisos para levar a cabo as actividades ás que se dedican. O valor engadido xerado é elevado en relación cos ingresos pero pequeno en contía e, polo tanto, insuficiente para a cobertura dos gastos de persoal e para os demais gastos relacionados coa actividade.
- A única cooperativa de crédito galega é a Caixa Rural. No período 2007-2010, practicamente duplicou a cifra de investimentos que, fundamentalmente, consisten en créditos á clientela (335.468.000 euros), e houbo tamén un incremento considerábel no número de socios e de traballadores, que en decembro do 2010 son 14.756 e 132, respectivamente. A maior parte dos recursos utilizados para o financiamento proceden de terceiros e, fundamentalmente, dos depósitos dos seus clientes, na maioría a curto prazo. Os seus ingresos derívanse fundamentalmente dos créditos concedidos á clientela e dos gastos da remuneración dos depósitos. No 2010 o resultado é inferior ao correspondente ao 2007, como consecuencia da redución da marxe de intermediación e das perdas por deterioración rexistradas en relación con investimentos crediticios de dubidosa recuperación.
- Entre as cooperativas de segundo grao destaca polo seu tamaño e capacidade produtiva a cooperativa Coren, cuxa importancia entre as desta clase segue a crecer, representando no 2010 máis do 96% dos activos, ingresos e traballadores do conxunto e, en xeral, unha proporción moi importante do cooperativismo que actúa no mundo agrario galego. Entre as restantes cooperativas as diferenzas de tamaño son notábeis e destacan, en relación coa cifra de ingresos, dúas cooperativas gandeiras dedicadas unha á elaboración de pensos e a outra á intermediación na venda do produto dos seus socios.
- Todas as cooperativas de segundo grao presentan unha situación financeira estábel e a capacidade de pagamento da débeda no curto prazo parece estar garantida, atendendo ás ratios de situación financeira. Polo que respecta

aos resultados, as vendas –de importancia variábel– son a principal fonte de ingresos de explotación e, en varios dos casos, os ingresos procedentes de investimentos financeiros contribúen nunha contía importante ao resultado da cooperativa.

- Malia non haber, no período que abrangue o presente *Informe*, cambios normativos de importancia en materia cooperativa, desenvolveuse nel unha boa parte do proceso de participación e debate que conduciu, con posterioridade, á aprobación da Lei 14/2011, de 16 de decembro, que modifica substancialmente a Lei de cooperativas de Galicia.
- No terreo da actuación institucional, e no que se refire á actividade do Consello Galego de Cooperativas, este asumiu no último trienio os labores de seguimento e avaliación do *Plan estratéxico do cooperativismo galego*, de planificación e promoción da educación e da formación cooperativa en distintos niveis a través da Plataforma de Teleformación e da Escola Cooperativa Móbil; e acrecentou a ampla variedade de servizos en materia de promoción do autoemprego, asesoramento virtual e consultoría, información e documentación. Tamén ampliou, ao tempo que consolidou, as actuacións de arbitraje e conciliación, así como as de divulgación e de promoción xeral do cooperativismo.
- Ten continuidade a presenza do cooperativismo en organismos de carácter sectorial e profesional diversos, mais segue a ser necesario o diálogo para percorrer o camiño pendente que permita a presenza activa das entidades de economía social en diferentes foros socioeconómicos que propician os procesos de consenso, concertación e dinamización.
- Con respecto ao período anterior, a conformación substancial dos programas de axuda públicos, no que se refire á identidade dos obxectivos e á selección das actuacións subvencionábeis, non sufriu variacións de alcance, coa excepción da supresión no 2010 do Programa de promoción, modernización e dimensionamento do asociacionismo agrario da Consellería do Medio Rural e do Mar. É, en termos xerais, un marco de axudas estábel e con continuidade que debe perdurar.
- Incrementouse sensibelmente no período a colaboración entre organismos de distintos ámbitos competenciais para coordinar recursos. O seguimento e a valoración dos seus resultados debe frutificar en sinerxías que permitan ir máis alá da divulgación e da promoción para definir estratexias conxuntas de utilización das cooperativas no desenvolvemento, particularmente a escala local. A posta en común das iniciativas de todas as Administracións con competencias e a unificación de criterios de actuación potenciará os resultados.

- Na promoción da análise e na selección das condicións de viabilidade, e mesmo no acompañamento dos proxectos, houbo cambios substanciais, reforzándose a dotación do programa xestionado pola Dirección Xeral de Relacións Laborais, o que semella dabondo para cubrir estas necesidades nas cooperativas creadas *ex novo* no período; mais, fórmulase a necesidade de buscar alternativas neste eido para axudar nos imperativos procesos de fusión e/ou de absorción das cooperativas agrarias.
- Incrementáronse, para o conxunto das cooperativas, as axudas dedicadas a facilitar a adquisición e a mellora de activos, equipamento e consolidación tecnolóxica, xestionadas pola Consellería de Traballo e Benestar. Particularmente para as cooperativas agrarias, mantense a forte dotación dos programas de fomento da utilización de maquinaria en común ou en réxime asociativo.
- A promoción da contratación de técnicos, xerentes e directivos alcanzou a boa parte das cooperativas agrarias de certo tamaño, mais segue a ser necesario explorar novas vías de concertación para chegar unha xestión máis profesionalizada ás cooperativas de tamaño máis cativo.
- Realizouse un considerábel esforzo no estímulo de procesos de integración e na implantación de sistemas de calidade entre as cooperativas agrarias. Mais cómpre despegar as incertezas sobre a continuidade dos instrumentos de apoio utilizados ou, se é o caso, deseñar alternativas que permitan perseverar nuns procesos difíciles e lentos por natureza, mais imprescindíbeis para asentar un cooperativismo sólido.
- A ampliación e variedade de medios e axentes actuantes na área de formación permitiu dar esperanzadores saltos cualitativos para a elaboración dunha programación que, progresivamente, vai desenvolvendo actuacións cada vez máis extensas e especializadas e, así mesmo, orientadas cada vez máis a destinatarios e territorios seleccionados como prioritarios, que debe continuar.
- As accións de promoción e divulgación, formación e mesmo a asistencia para a posta en marcha de proxectos dispoñen agora de plataformas de actuación con máis proximidade. Para o pleno desenvolvemento das súas potencialidades, cómpre identificar e programar actuacións en sectores ou en nichos concretos a escala territorial.
- En materia de promoción do emprego é preciso seguir avanzando na coordinación e na articulación con outros programas para tentar establecer progresivamente paquetes de axudas integrados que simplifiquen trámites e eviten reiteracións. Tamén, e complementariamente, a sinalada maior proximidade no territorio debe aproveitarse para debater e explorar inicia-

tivas integrais que impliquen máis decididamente no fomento do emprego na economía social aos distintos servizos de colocación, aos viveiros de empresas existentes, así como aos concellos e a outras Administracións.

- O camiño iniciado de concertación para a promoción de novos sistemas de financiamento debe estenderse, na medida do posíbel, para conxugar sistemas alternativos de financiamento e sistemas de garantías e de avaliación de riscos específicos coas entidades de promoción económica.
- As dotacións crecentes dos programas de axudas recoñecen o importante papel mediador das asociacións de cooperativas á hora de facilitar unha incidencia máis equitativa e estendida das políticas de promoción, asesoramento, divulgación e formación.
- A culminación de varios procesos de integración e asociación permitiu ampliar substancialmente a representatividade do asociacionismo cooperativo ao tempo que posibilitou incrementar e mellorar as súas actuacións e servizos, e aumentar a visibilidade e o recoñecemento do cooperativismo de distintas clases na sociedade galega.
- A programación de actividades do Centro de Desenvolvemento Cooperativo Transfronteirizo en Verín converteuno en centro de referencia para o cooperativismo e no xermolo dunha rede de colaboración –a Rede Eusumo– na que se integran diversidade de Administracións Públicas e de entidades privadas, que vai desenvolver, por medio dun conxunto de centros espallados por todo o territorio, diversidade de accións de promoción e de consolidación do emprendemento cooperativo. Así mesmo, por medio do Proxecto COOPERA+ vanse dotar eses centros das ferramentas necesarias para a realización dos labores encomendados.

REFERENCIAS

REFERENCIAS

- GALICIA. CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR (2009): *Memoria 2008*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Traballo e Benestar.
- GALICIA. CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR (2010): *Memoria 2009*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Traballo e Benestar.
- GALICIA. CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR (2011): *Memoria 2010*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Traballo e Benestar.
- GALICIA. XUNTA DE GALICIA (2004): *Libro branco do cooperativismo en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- GALICIA. XUNTA DE GALICIA (2005): *Plan estratéxico do cooperativismo galego*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (2010): *Enquisa de Poboación Activa*, cuarto trimestre de 2010. Santiago de Compostela: IGE.
- JORDÁN RODRÍGUEZ, M.; BABÍO ARCAÏ, M.R. (2008): *Cooperativas de Galicia: informe de síntese, 2005*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Relacións Laborais. Universidade de Santiago de Compostela.
- JORDÁN RODRÍGUEZ, M.; BABÍO ARCAÏ, M.R. (2010): *Cooperativas de Galicia: informe de síntese, 2007*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Relacións Laborais. Universidade de Santiago de Compostela.
- UNIÓN DE COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO: *Memoria de actividades* (varios anos). Santiago de Compostela: UGACOTA.
- UNIÓN DE COOPERATIVAS; ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS: *Memoria de actividades* (varios anos). Santiago de Compostela: AGACA.

PÁXINAS WEB

www.agaca.coop
www.cooperamais.org
www.cooperativasdegalicia.com
www.eixo.info
www.eusumo.coop
www.ine.es
www.ige.eu
www.intercooperar.coop
www.mtas.es
www.sinerxia.org
www.ugacota.org
www.ucetag.org

ANEXO

PRINCIPAIS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

A Constitución Española, no artigo 129.2, encomenda aos poderes públicos fomentar as sociedades cooperativas. O Estatuto de Autonomía de Galicia reconece no artigo 55.3 a potestade da Comunidade Autónoma de Galicia para atender á modernización e o desenvolvemento dos sectores económicos, e o fomento das sociedades cooperativas.

A Comunidade Autónoma de Galicia dispón de competencia exclusiva en materia de sociedades cooperativas, e neste marco promulgouse a primeira Lei de cooperativas de Galicia: Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia. Esta lei axustouse ás especificidades propias destas e adaptase ás estruturas económicas da rexión. A lei ten como obxectivo prioritario dotar ao sector cooperativo de Galicia dunha regulación propia, avanzada, flexible e con vontade de estabilidade.

A normativa reguladora das cooperativas en Galicia, reconece competencias á Xunta de Galicia, e máis concretamente á Consellería de Traballo e Benestar, a través da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social en diversos eidos relacionados co cooperativismo.

A normativa vixente outorga á Xunta de Galicia, a través dos seus órganos competentes o mandato de fomento do cooperativismo, que se materializará en actuacións como as seguintes:

1. [Poñer en marcha accións de promoción, difusión, desenvolvemento, formación e fomento do cooperativismo](#) do marco da súa acción política e como fórmula empresarial de creación e mantemento do emprego, cohesión territorial e articulación económica e social de Galicia.

2. Adopción das medidas necesarias para o fomento das relacións entre cooperativas e, en particular, a creación de cooperativas de segundo grao, a fusión de cooperativas, o establecemento de grupos cooperativos e de concertos ou consorcios.

3. Establecer, de acordo cos procedementos oportunos, liñas de axudas para o movemento cooperativo.

4. Remitir anualmente ao Parlamento de Galicia unha memoria sobre as actividades realizadas no eido do cooperativismo en Galicia.



O CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS

O Consello Galego de Cooperativas é o máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo na Comunidade Autónoma de Galicia, constituíndose ademais, como órgano consultivo e asesor das administracións públicas galegas naqueles temas que afecten ao cooperativismo.

O Consello Galego de Cooperativas é un órgano colexiado no que participan as diferentes administracións, institucións e organizacións cooperativistas, interesadas no fomento global do cooperativismo. Converteuse nun punto de unión entre as propias cooperativas e os organismos públicos, logrando deste modo una comunicación permanente e fluída entre ambas as dúas partes.

Máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo

Foro de participación institucional.

Integrado por:

Cooperativas

Xunta de Galicia

Universidades

Concellos



A REDE EUSUMO PARA O FOMENTO DO COOPERATIVISMO E A ECONOMÍA SOCIAL

Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e se regula o seu funcionamento (DOG nº 226 27/11/2012). Corrección de erros no DOG nº 227 do 28 de novembro de 2012.

É unha rede de colaboración impulsada pola Consellería de Traballo e Benestar para o fomento do cooperativismo e a economía social.


Fomenta o espírito emprendedor

Presta apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na economía social.

Impulsa o modelo empresarial no ámbito local, a través de accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego colectivo.



REDE DE AXENTES QUE PROMOVEN A ECONOMÍA SOCIAL ADAPTÁNDOSE ÁS POTENCIALIDADES DE CADA TERRITORIO



6 Centros de Desenvolvemento Cooperativo

16 Oficinas de Fomento Cooperativo

8 Asociacións de Cooperativas

O PROXECTO COOPERA +

O proxecto trata de establecer medidas que contribúan ao fomento das cooperativas e a consolidación das mesmas na Eurorrexión co fin de xerar máis e mellores empregos en Galicia -Norte de Portugal.



Obxectivos específicos do proxecto COOPERA +

- Fomentar a cultura emprendedora cooperativa. Ofrecer ferramentas de apoio para o desenvolvemento do sector cooperativo.
- Crear mecanismos transfronteirizos para a xeración de oportunidades de negocio e da xeración de emprego conxuntas.
- Promover a innovación e a internacionalización nas sociedades cooperativas.

Os socios do proxecto COOPERA +



Universidade Católica Portuguesa, Facultade de Ciencias sociais.



Associação Empresarial de Viana do Castelo.



Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo.



Associação de Desenvolvimento da Região do Alto Tâmega.



Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, da Consellería de Traballo e Benestar, que actúa como líder del proxecto.

IMPULSO DA INNOVACIÓN NAS COOPERATIVAS

O proxecto I+COOPERA leva a cabo unha serie de actividades dirixidas á promoción das cooperativas a través do apoio á investigación, desenvolvemento tecnolóxico, innovación e estímulo a redes.



O proxecto I+Coopera ten como obxectivo xeral fomentar os procesos de innovación tecnolóxica nas cooperativas galegas. Para alcanzar este obxectivo fórmulanse unha serie de actuacións:

- Ofrecer formación ao persoal das cooperativas en temáticas relacionadas coa innovación.
- Impulsar as redes de cooperación sobre temáticas de interese para as cooperativas, de forma que poidan crearse sinerxías sostibles.
- Ofrecer servizos de asesoramento e titorización de proxectos de innovación tecnolóxica, en eidos como a identificación de fontes de financiamento ou a creación de consorcios.

COOPERATIVIZATE!

Co slogan “Cooperativizate!” a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia lanzou unha campaña de promoción das cooperativas e o autoemprego. Esta campaña trata de fomentar un maior coñecemento dun modelo empresarial que resulta ser moi vantaxoso para os novos emprendedores.

A iniciativa, de carácter educativo e dirixida principalmente a mozos, conta cunha escola cooperativa móbil que persegue achegar o mundo das cooperativas aos estudantes galegos.

A campaña “Cooperativizate!” vai acompañada dunha páxina web que pon a disposición dos interesados todo o contido formativo e proporciona tamén a posibilidade de participar en foros de discusión e formación online sobre a materia.

Esta escola cooperativa móbil leva activa dende 2010 e dende outubro de 2012 a abril de 2013 achegará o cooperativismo a máis de 25 centros educativos en toda Galicia.

Páxina web: cooperativizate.cooperativasdegalicia.com



TELEFORMACIÓN

A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, en colaboración co Consello Galego de Cooperativas, ofrece actualmente un servizo de formación online sobre a creación e xestión de cooperativas adaptado e orientado ás necesidades identificadas polas cooperativas galegas.



Este servizo pretende achegar as tecnoloxías da información e a comunicación ás cooperativas galegas, así como poñer a súa disposición materiais formativos axeitados para este modelo de negocio, subliñando así a importancia da formación nesta materia.

Entre os cursos realizados destacan: Formación cooperativa, Xestión e dirección cooperativa, Habilidades sociais, Mercadotecnia e comercialización

de produtos e servizos, Responsabilidade social das cooperativas, Planificación estratéxica, muller, cooperativismo e igualdade de xénero.

INCENTIVOS PROMOVIDOS POLA XUNTA DE GALICIA

Ademais de todas as accións xa mencionadas de promoción e fomento do cooperativismo levadas a cabo a través de diversos programas formativos, informativos e de asesoramento, a Consellería de Traballo e Benestar xestiona tamén programas de incentivos que permiten ás cooperativas recibir apoio para diversas accións, entre as que destacan:

1. Asesoramento inicial

- Asesoramento e acompañamento de proxectos que comprende dende a realización de actividades previas ao inicio da actividade, tales como a orientación do proxecto e accións formativas e informativas do grupo promotor, ata o seguimento e asesoramento na súa execución.
- Estudos de viabilidade, organización, comercialización, etc, de estatutos sociais e regulamentos de réxime interno e a formalización da escritura pública de constitución.



2. Financiamento para a incorporación de socios

- Axudas á cooperativa pola incorporación de persoas desempregadas como socio/as traballadores/as.

- Axudas ás persoas socias traballadoras que se incorporan á cooperativa para a súa achega ao capital social.

3. Xestión empresarial

- Formación das persoas socias en temas de dirección e xestión empresarial e tecnoloxías da información e a comunicación.
- Contratación de directores ou xerentes necesarios para a viabilidade da cooperativa.

DIRECTORIO

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR.
DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO E ECONOMÍA SOCIAL

☎ Tel.: 981 544 647 / 981 544 666

✉ Edif. Administrativos. San Lázaro, andar 0
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)

CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS

☎ Tel: 881 999 268

✉ Edificio Administrativo San Lázaro,
Consellería de Traballo e Benestar - 2º
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)

DEPARTAMENTOS TERRITORIAIS DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR (SERVIZOS DE RELACIÓNS LABORAIS)

☎ **A Coruña** Teléfono: 981 185 895

✉ Salvador de Madariaga 9-1º (C.C Elviña) CP 15008

☎ **Lugo** Teléfono: 982 294 329

✉ Ronda da Muralla, 70 CP 27071

☎ **Ourense** Teléfono: 988 386 401

✉ Camiño Prado Lonía, s/n. CP 32872

☎ **Vigo** Teléfono: 986 817 008

✉ Concepción Arenal 8. CP 36201

ASOCIACIÓN DE COOPERATIVAS

UNIÓN DE COOPERATIVAS ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS (AGACA)

- ☎ Tel.: 981 584 911 / 981 584 783
- ✉ C/ Tomiño, 22 Ent. Santiago de Compostela
- ☎ Tel.: 982 201 514 / 982 201 543
- ✉ C/ Poeta Noriega Varela, 30 enpta. Lugo.
- ☎ Tel.: 988 242 481
- ✉ C/ Bedoia, 7, 2º. Of. 1. Ourense.

UNIÓN DE COOPERATIVAS DE ENSINO DE TRABAJO ASOCIADO DE GALICIA (UCETAG)

- ☎ Tel.: 986 866 149.
- ✉ C/ Fernández Villaverde, 4-1º A Of. 3. 36002 Pontevedra
- ☎ Tel.: 986 866 149.
- ✉ Rúa Cronista Rodríguez Elías, 2 Planta 1ª Oficina 1A
36212 Vigo (Pontevedra)

UNIÓN DE COOPERATIVAS AGRARIAS DE FERROL (UCAFE)

- ☎ Tel.: 981 372 798.
- ✉ C/ Pascual Veiga, 33-35, entrechán.
15403 Ferrol (A Coruña)

FEDERACIÓN DE EMPRESAS COOPERATIVAS SINERXIA

- ☎ Tel.: 986 896 526
- ✉ Fernández Villaverde, 4-1º A Of. 3. Pontevedra.

UNIÓN DE COOPERATIVAS DE TRABAJO ASOCIADO (UGACOTA)

- ☎ Tel.: 981 575 578
- ✉ C/do Horreo, 104-baixo esquerda
15701 Santiago de Compostela (A Coruña).

UNIÓN DE COOPERATIVAS DO MAR DE GALICIA (UGACOMAR)

- ☎ Tel.: 986 896 526
- ✉ C/Fernández Villaverde 4, 1º oficina 3-4 36002 Pontevedra

UNIÓN DE COOPERATIVAS DE VIVENDAS (UGACOVÍ)

- ☎ Tel.: 981 553 115.
- ✉ Rúa Bautizados, nº 1-1º Dcha
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)

UNIÓN DE COOPERATIVAS (UCOGATRA)

- ☎ Tel.: 981 574 922
- ✉ Costa de San Marcos 3, baixo
15820 Santiago de Compostela (A Coruña)

REDE EUSUMO

CENTRO DE DESENVOLVEMEMTO COOPERATIVO TRANSFRONTEIRIZO DE VERÍN

☎ Tel.: 988 413 120

✉ Parque empresarial de Pazos 32619 Verín (Ourense)

FUNDACIÓN TERRA DE TRASANCOS - COOPERATIVA DO VAL

☎ Tel.: 981 363 556 / 617 714 265

✉ Vilacomelle, s/n - O Val 15441 Narón (A Coruña)

FUNDACIÓN COREN

☎ Tel.: 988 369 411 ext. 61214 / 617 414 577

✉ Ctra. Nacional 120, Vía Provincial OU-0410, nº 41 Razamonde
(Cenlle) 32459 Ourense

CAIXA RURAL GALEGA

☎ Tel.: 646 278 698

✉ Rúa Doutor Ochoa, 1 27004 Lugo

FUNDACIÓN FEIRACO

☎ Tel.: 981 818 340 / 659 830 597

✉ Lg. de Pontemaceira, s/n. Agrón 15864 Ames (A Coruña)

CÁMARA DE COMERCIO DE VIGO

☎ Tel.: 986 432 533

✉ República Argentina, 18 36201 Vigo (Pontevedra)

OFICINAS DE FOMENTO COOPERATIVO

Consortio As Mariñas (Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros, Sada)

✉ Lugar de Bos. Naves O Carballal, nº 4

15640 / Guísamo - Bergondo A Coruña

☎ Teléfono 981 784 704

Mancomunidade de Ordes (Cerceda, Frades, Mesía, Oroso, Tordoia, Trazo, Ordes)

✉ R/ Xoxardo, s/n 15680 Ordes A Coruña

☎ Teléfono 981 680 002

Mancomunidade I.V. do Ribeiro (Arnoia, Beade, Castrelo de Miño, Cenlle, Leiro, Cortegada)

✉ Fondal de Beade, s/n 32431

Beade - Ourense

☎ Teléfono 988 484 725

Mancomunidade Camiño Francés (Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, O Pino, Pedrafita do Cebreiro, Portomarín, Samos)

✉ Concello de Portomarín

Praza Conde de Fenosa nº 1 27170 Portomarín - Lugo

☎ Tfno.: 982 545 070

Agrupación Riós (Verín, A Gudiña, Vilardevós, Riós)

✉ Carretera de Ventas a Vilardevós CP 36211 / Riós - Ourense

☎ Teléfono 988 425 032

Mancomunidade Vigo (Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra, Soutomaior, Vigo)

✉ C/ Avda. Hispanidade, nº 17, baixo

CP 36203 / Vigo - Pontevedra

☎ Teléfono 986 423 366

Mancomunidade Celanova (A Merca, Cartelle, Celanova, Gomesende, Pontedevea, Quintela de Leirado, Ramirás, Vereá)

✉ Barrio da Hermida, nº 39, B

CP 32800 / Celanova - Ourense

☎ Teléfono 988 415 646

Agrupación A Veiga (O Bolo, Manzaneda, Pobra de Trives, A Veiga)

✉ Praza do Concello, nº 1 32360 A Veiga - Ourense

☎ Teléfono 988 350 000

Agrupación de Sobrado (Toques, Vilasantar, Boimorto, Sobrado)

✉ Praza Portal, nº 1

CP 15813 / Sobrado - A Coruña

☎ Teléfono 981 787 508

Agrupación Nogueira de Ramuín (Parada do Sil, Esgos, Xunqueira de Espadañedo, Xunqueira de Ambía, Nogueira de Ramuín)

✉ Estrada de Esgos, nº 2 baixo CP 32160 / Luintra - Ourense

☎ Teléfono 988 201 023

Agrupación Calvos de Randín (Porqueira, Entrimo, Sarreaus, Calvos de Randín)

✉ Praza A Laborada, s/n CP 32644 / Calvos de Randín - Ourense

☎ Teléfono 988 434 000

Agrupación Sarria (Láncara, Paradela, Triacastela, Sarria)

✉ Rúa Maior, nº 14 CP 27600 / Sarria - Lugo

☎ Teléfono 982 535 000

Agrupación de Lugo (Baralla, Becerreá, Corgo, Lugo)

✉ Edif. Cei-Nodus. Avda. A Coruña, 490, 1ª planta CP 27003 / Lugo

☎ Teléfono 982 297 468

Mancomunidade Arousa

(Norte Boiro, Rianxo, Ribeira, Pobra do Caramiñal)

✉ Praza de Galicia, s/n 15930 Boiro - A Coruña

☎ Teléfono 981 845 236

Mancomunidade Terra Chá (Abadín, Castro de Rei, Cospeito, Outeiro de Rei)

✉ Avd. da Terra Chá, 29 Feira do Monte CP 27377 / Cospeito - Lugo

☎ Teléfono 982 520 001

Agrupación Xinzo de Limia (Muíños, Vilar dos Santos, Rairiz de Veiga, Xinzo de Limia)

✉ C/ Curros Enríquez, nº 15 CP 32630 / Xinzo de Limia - Ourense

☎ Teléfono 988 550 111

COOPERATIVISMO NA INTERNET

www.cooperativasdegalicia.coop



<http://traballo.xunta.es/portada-cooperativismo-e-economia-social>



www.eusumo.coop

www.cooperamais.org

www.innovacioncooperativas.com


www.intercooperar.coop

REDES SOCIAIS

<https://www.facebook.com/Cooperativizate>



<http://www.tuenti.com/cooperativizate>



<https://twitter.com/cooperativizate>

